



PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA A EDUCACIÓN BÁSICA PARA PERSOAS ADULTAS E SE ESTABLECE O SEU CURRÍCULO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica distintos aspectos da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. En coherencia con este principio, a lei dedica o capítulo IX do seu título I á educación das persoas adultas e establece no seu artigo 66 que esa educación ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezaioito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Inmediatamente despois, o texto da lei enumera os obxectivos da educación de adultos, que son, entre outros, adquirir a formación básica, facilitar o acceso aos diferentes niveis do sistema educativo, mellorar a cualificación profesional, desenvolver a participación na vida social e corrixir os riscos de exclusión social.

No punto 2 do artigo 67, a mencionada lei orgánica establece que a organización e a metodoloxía destas ensinanzas se basearán na autoaprendizaxe e terán en conta as experiencias, necesidades e intereses das persoas adultas, podendo desenvolverse a través da enseñanza presencial e tamén mediante a educación a distancia. Igualmente, no punto 7 dese mesmo artigo afirmase que as ensinanzas das persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses; e no seu artigo 68, establece que as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación básica contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades.

Nesta liña, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determina na súa disposición adicional cuarta que a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por vía regulamentaria poderá establecer currículos específicos para a educación de



persoas adultas que conduzan á obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Con base nesta habilitación normativa e co fin de adaptar a oferta da formación básica ás condicións, necesidades e intereses das persoas adultas, nesta orde establécese un currículo específico, aberto, flexible e adecuado ás características do alumnado adulto, correspondéndolle a cada centro educativo as súas adaptacións ás condicións concretas do seu alumnado.

En consecuencia con todo o anterior, a formación básica para as persoas adultas organízase en dúas etapas: a da formación básica inicial e a das ensinanzas de graduado en educación secundaria.

A formación básica inicial estrutúrase en dous niveis, o primeiro deles correspondente ás habilidades instrumentais da lecto-escritura e do cálculo matemático, e o segundo nivel, dirixido á consolidación desas habilidades e á preparación para o acceso á educación secundaria para persoas adultas.

A educación secundaria para as persoas adultas estrutúrase tamén en dous niveis, con recoñecemento académico en todo o estado. En cada nivel intégranse tres ámbitos de coñecemento, os ámbitos de comunicación, social e científico tecnolóxico, organizado cada un deles en catro módulos, aos que se incorporan os aspectos básicos das materias da educación secundaria obrigatoria previstas na disposición final primeira do Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño que modifica a disposición adicional cuarta do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

Esta organización do currículo en ámbitos integrados e estrutura modular considérase a máis axeitada ás características e posibilidades das persoas adultas, por ser flexible e aberta, favorecer o acceso ás diferentes etapas do sistema educativo, respectar o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, e posibilitar a consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por un procedemento específico para as persoas adultas.

Cómpre, xa que logo, ditar as normas pertinentes para regular as ensinanzas da educación básica para as persoas adultas, establecendo o currículo correspondente, a súa organización, a duración e o horario desta proposta formativa, as condicións de acceso e permanencia, as equivalencias



con estudos realizados, a adscrición dos ámbitos de coñecemento ao profesorado implicado e as pautas e condicións para a avaliación.

En consecuencia co anteriormente exposto e en virtude das atribucións conferidas pola disposición adicional cuarta do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º. Obxecto.

1. O obxecto da presente orde é ordenar as ensinanzas dirixidas ás persoas adultas coa finalidade de facilitarlles a adquisición das competencias clave e a formación necesaria para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
2. As ensinanzas establecidas nesta orde corresponden ás aprendizaxes básicas iniciais e ás conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para as persoas adultas.
3. Estas ensinanzas poderanse cursar, tanto na modalidade de educación presencial como a distancia, nos centros autorizados para o efecto pola consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Capítulo II

O currículo da educación básica para as persoas adultas

Sección primeira: Organización e obxectivos xerais

Artigo 2º. Organización xeral

1. A educación básica para as persoas adultas organízase en dúas etapas. A primeira corresponde ás ensinanzas básicas iniciais e a segunda ás ensinanzas conducentes á obtención do título de



graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. As ensinanzas básicas iniciais organízanse en dous niveis, I e II, o primeiro dirixido a adquirir as habilidades instrumentais básicas da lecto-escritura e do cálculo matemático, e o segundo á consolidación desas habilidades e á preparación para o acceso aos estudos de educación secundaria para persoas adultas.

3. As ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria constitúen a segunda etapa da formación básica para persoas adultas, que se organiza en dous niveis, I e II. Neles cúrsanse tres ámbitos de coñecemento, integrados cada un deles por catro módulos interdisciplinares.

Artigo 3º. Competencias clave.

O currículo das ensinanzas básicas iniciais e da educación secundaria para persoas adultas oríentase ao logro das competencias clave, como se describe no anexo I desta orde. Estas competencias clave establécense no marco da proposta realizada pola Unión Europea e están recollidas no anexo I da Orde *ECD/65/2015, do 21 de xaneiro*, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Artigo 4º. Obxectivos xerais.

A educación básica para persoas adultas oríentase a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Formarse unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións nas que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.



- d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- f) Desenvolver e consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes nas que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.



- n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.
- o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
- p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

Sección segunda: As ensinanzas básicas iniciais

Artigo 5º. Organización do currículo.

As ensinanzas básicas iniciais organízanse en dous niveis diferenciados, ambos cunha concepción globalizadora dos contidos. O primeiro nivel incluírá os coñecementos necesarios para adquirir as destrezas de lecto-escritura, razoamento matemático e cálculo.

1. O currículo das ensinanzas básicas iniciais promoverá o desenvolvemento das competencias clave necesarias para acceder á Educación Secundaria para persoas adultas, e a mellora dos coñecementos, destrezas e habilidades que favorezan o desenvolvemento persoal, laboral e social.
2. O currículo das ensinanzas básicas iniciais I organizarase nos seguintes ámbitos:
 - a) Ámbito da comunicación.
 - b) Ámbito da competencia matemática.
 - c) Ámbito da ciencia, sociedade, tecnoloxía e de desenvolvemento e iniciativa persoal.
3. O currículo das ensinanzas básicas iniciais II organizarase nos seguintes ámbitos:
 - a) Ámbito da comunicación.
 - b) Ámbito da competencia matemática.
 - c) Ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual.
 - d) Ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral.
4. Os centros docentes e o seu profesorado desenvolverán unha programación para cada un



dos ámbitos das ensinanzas básicas iniciais, tomando como referente o currículo establecido no anexo IA. A programación terá unha proposta integradora e orientada á aplicación dos coñecementos adquiridos.

Artigo 6º. Duración.

1. As persoas adultas poderán permanecer cursando estas ensinanzas o tempo que o seu ritmo de aprendizaxe precise para o logro dos obxectivos establecidos.
2. O nivel I das ensinanzas iniciais poderá cursarse unicamente na modalidade presencial. O nivel II poderá cursarse tamén na modalidade a distancia.
3. As ensinanzas do nivel I cursaranse a razón de doce períodos lectivos semanais e as de nivel II de dezaseis períodos lectivos semanais.
4. O nivel II das ensinanzas iniciais organízase en catro módulos distribuídos trimestralmente.

Sección terceira: As ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

Artigo 7º. Organización.

1. O currículo da segunda etapa da educación básica para persoas adultas, conducente á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, estrutúrase en dous niveis, I e II, organizados de forma modular en tres ámbitos de coñecemento, e secuenciados de forma progresiva e integrada. Cada ámbito consta de catro módulos de contidos de carácter interdisciplinar.
2. Os ámbitos de coñecemento aos que se refire o apartado anterior son os seguintes:
 - a) Ámbito científico-tecnolóxico, no que se integrarán elementos do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria relacionados coas materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Matemáticas Orientadas ás ensinanzas académicas, Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Tecnoloxía, Tecnoloxías da Información e da Comunicación e os aspectos relacionados coa saúde e co medio natural da materia de Educación Física.



b) Ámbito de comunicación, no que se integrarán elementos do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria relacionados coas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira Lingua Estranxeira.

c) Ámbito social, no que se integrarán elementos do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria relacionados coas materias de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial e os aspectos preceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica, Visual e Audiovisual e Música.

Artigo 8º. Duración e currículo.

1. Con carácter xeral, as ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas adultas cursaranse en dous anos académicos. Na modalidade presencial, o total de períodos lectivos destas ensinanzas non poderá ser, en ningún caso, inferior a 1350.

2. Non obstante, considerando que as persoas adultas posúen coñecementos construídos nas súas experiencias persoais e académicas e que un proceso educativo axeitado debe respectar o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cadaquén, a duración do proceso educativo das persoas adultas poderá flexibilizarse, segundo se establece nesta orde.

3. A cada un dos ámbitos de coñecemento sinalados no artigo anterior correspóndenlle catro módulos.

4. Os módulos estarán distribuídos cuadrimestralmente, correspondéndolle dous módulos ao primeiro nivel e os dous restantes ao segundo nivel.

5. O currículo destas ensinanzas está recollido no anexo IB desta orde e ten como marco de referencia o establecido para a educación secundaria obrigatoria no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

6. O currículo determinado nesta orde deberá adaptarse por cada centro educativo ás condicións e circunstancias concretas do seu alumnado e do contexto no que este se desenvolve.



Capítulo III

Modalidades de ensinanza

Sección primeira: Modalidades e autorización

Artigo 9º. Tipos de autorización.

1. A educación secundaria para persoas adultas desenvolverase a través da ensinanza presencial e da ensinanza a distancia.
2. Poderán impartir a educación secundaria para persoas adultas, nas súas distintas modalidades, aqueles centros autorizados para cada unha delas pola consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 10º. Modalidade presencial.

1. Esta modalidade de ensinanza baséase na asistencia regular ás actividades lectivas e no seguimento directo do alumnado en cada un dos ámbitos de coñecemento dos que se teña matriculado.
2. O horario lectivo semanal do alumnado que curse cada un dos módulos desta etapa educativa será o que se recolle no anexo II desta orde.

Artigo 11º. Modalidade a distancia.

1. As ensinanzas a distancia reguladas nesta orde poderán impartirse con apoio de titorías presenciais, denominándose entón educación secundaria para persoas adultas a distancia semipresencial; ou con apoio de titorías telemáticas, designándose neste caso como educación secundaria para persoas adultas a distancia de forma telemática.

Artigo 12º. Modalidade a distancia semipresencial.

1. Esta modalidade de ensinanza levarase a cabo mediante a combinación de períodos ou sesións lectivas de carácter presencial e outras actividades de seguimento do alumnado que terán carácter non presencial.
2. As actividades de seguimento do alumnado de carácter non presencial levaranse a cabo, preferentemente, mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a través dunha plataforma educativa virtual de aprendizaxe creada a tal efecto pola consellería de Cultura,



Educación e Ordenación Universitaria para a modalidade a distancia.

3. Semanalmente desenvolverase unha sesión lectiva presencial dunha hora de duración para o ámbito social, dúas sesións lectivas para o ámbito de comunicación e dúas para o científico-tecnolóxico, en horario que facilite, na medida do posible, unha maior asistencia do alumnado.
4. As sesións lectivas presenciais, que serán obrigatorias para o alumnado, terán carácter colectivo e dedicaranse, fundamentalmente, a cuestións relacionadas coa planificación de cada módulo e ámbito, a proporcionar as directrices e orientacións necesarias para un bo aproveitamento dos mesmos e ao desenvolvemento dos contidos relevantes do módulo, especialmente os de carácter procedemental.
5. Cada docente responsable dun ámbito de coñecemento desta modalidade educativa dedicará unha hora semanal de atención non presencial a cada grupo de alumnos.
6. O horario de carácter non presencial dedicarase, fundamentalmente, a incentivar a comunicación do titor ou titora co alumnado, á revisión e valoración das tarefas propostas, á participación nos temas de discusión dos foros temáticos e á resolución de dúbidas e problemas propostos de forma individual ou colectiva.

Artigo 13º. Modalidade a distancia de forma telemática.

1. A educación secundaria para persoas adultas na modalidade a distancia de forma telemática impartirase integramente a través dun sistema de teleformación, baseado no seguimento da aprendizaxe do alumnado a través da plataforma educativa virtual de aprendizaxe mencionada no artigo anterior.
2. Nesta modalidade de ensinanza as probas de avaliación realizaranse de forma presencial e o alumnado deberá acreditar debidamente a súa identidade.

Artigo 14º. Alumnado con privación de liberdade.

A xefatura territorial correspondente da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria arbitrará as medidas necesarias para a matriculación na modalidade a distancia do alumnado con medidas legais de internamento en réxime pechado ou terapéutico en centros de menores dependentes da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa atención presencial e para a realización das probas correspondentes.



Sección segunda: Cambios e compatibilidade de modalidades.

Artigo 15º. Cambios de modalidade.

1. Unha vez rematado o cuadrimestre e previa solicitude á dirección do centro, o alumnado poderá cambiar de modalidade para o cuadrimestre seguinte ao que está escolarizado.
2. Con carácter excepcional, durante a escolarización de cada módulo cuadrimestral, a dirección do centro poderá autorizar o cambio de modalidade no seu propio centro, previo escrito da persoa interesada no que aduza as razóns persoais ou profesionais que o xustifiquen.
3. Cando o cambio de modalidade supoña optar a unha praza da modalidade presencial, ese cambio estará supeditado á existencia de prazas dispoñibles.

Artigo 16º. Simultaneidade de modalidades.

Con carácter excepcional, a dirección do centro poderá autorizar a matrícula simultánea nas modalidades presencial e a distancia, en ámbitos de coñecemento diferentes e no mesmo centro, cando a algún alumno ou alumna non lle sexa posible asistir a todas as xornadas lectivas dos ámbitos correspondentes por razóns da organización do horario do centro ou por razóns persoais xustificadas.

Sección terceira: Recursos didácticos.

Artigo 17º. Recursos para o alumnado da modalidade a distancia.

O alumnado de educación secundaria para persoas adultas pola modalidade a distancia recibirá unha guía do alumnado que oriente o seu traballo autónomo. Esta guía incluírá indicacións sobre a distribución temporal dos contidos dos diferentes ámbitos de coñecemento, os criterios de avaliación, orientacións metodolóxicas, as actividades que se van realizar, as datas de avaliación e calquera outra información que se considere de interese para a súa aprendizaxe. A elaboración e actualización destas guías será responsabilidade dos departamentos didácticos correspondentes,



baixo a supervisión da xefatura de estudos. O equipo directivo do centro correspondente adoptará as medidas oportunas para que o alumnado teña acceso a esta guía ao comezo do curso.

Artigo 18º. Material didáctico.

O alumnado de educación secundaria para persoas adultas, pola modalidade a distancia, utilizará o material didáctico específico autorizado pola consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Capítulo IV

Acceso e permanencia

Sección primeira: Condicións xerais de acceso e avaliación inicial.

Artigo 19º. Acceso.

1. Poderán acceder ás ensinanzas básicas para persoas adultas aquelas persoas maiores de dezoito anos ou que os cumpran no ano natural no que comeza o curso escolar, de acordo co establecido na lexislación vixente.
2. Poderá, así mesmo, incorporarse ás ensinanzas de adultos o alumnado maior de dezaseis anos que teñan un contrato laboral que non lles permita acudir aos centros educativos en réxime ordinario ou o alumnado deportista de alto rendemento.
3. Cando a persoa adulta que accede a esta oferta educativa teña acreditados estudos realizados, poderá acollerse ás equivalencias recollidas nos anexos III a XI desta orde.
4. Cando a persoa adulta non acredite estudos que poidan ser obxecto de validación, a adscrición do alumno ou da alumna a unha etapa, nivel e módulo realizarase mediante unha avaliación inicial.

Artigo 20º. Equivalencias.

Para os efectos académicos, as equivalencias dos módulos para as persoas adultas cos estudos realizados nas ensinanzas establecidas pola Lei 14/1970, xeral de educación, na educación secundaria obrigatoria, nos módulos dos programas de cualificación profesional inicial e os



ámbitos superados das probas libres para a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria, son as que recollen nos anexos III a XI desta orde.

Artigo 21. Avaliación inicial para a adscrición do alumnado.

1. Para as persoas sen requisitos académicos que desexen matricularse na educación básica para persoas adultas por primeira vez, os centros efectuarán con carácter preceptivo durante os meses de setembro e de xaneiro un proceso de avaliación inicial, que terá en conta a súa madurez persoal, as aprendizaxes non formais e informais adquiridas, os coñecementos previos e os seus intereses e necesidades, e que facilitará a orientación e adscrición destas á etapa, ao nivel e ao módulo correspondentes.
2. A Comisión de Coordinación Pedagóxica deseñará o modelo do proceso de avaliación inicial que incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:
 - a) Valoración das certificacións das aprendizaxes non formais realizadas.
 - b) Valoración da experiencia laboral.
 - c) Unha proba referida, con carácter xeral, aos obxectivos e ás competencias clave establecidos para cada ámbito de coñecemento.
3. A consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establecerá os criterios xerais e o procedemento para a valoración das aprendizaxes non formais e informais, e da experiencia laboral.
4. O proceso de avaliación inicial incluírá unha ou varias entrevistas coa persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, no que se informará ao interesado ou interesada da natureza do proceso de avaliación inicial, recadarase información sobre a súa traxectoria formativa e profesional, e propoñeráselle o itinerario formativo coherente con esta.
5. Da avaliación inicial derivarase a adscrición á etapa das ensinanzas iniciais ou ás de graduado en educación secundaria, e, dentro delas, ao nivel e módulos que corresponda. Nas ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas, o alumnado poderá estar adscrito a un módulo diferente en cada ámbito, en función dos resultados da avaliación inicial.
6. Cando a avaliación continua posterior amose que a adscrición a un nivel ou módulo foi



inadecuada, a persoa adulta poderá optar por incorporarse ao módulo que lle corresponda polo seu nivel de coñecementos.

Artigo. 22. Comisión de avaliación inicial.

1. Co obxecto de avaliar todos os documentos e accións que forman parte do proceso de avaliación inicial e emitir a valoración correspondente, constituirase unha comisión de avaliación inicial. O seu funcionamento axustarase ás normas establecidas nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.
2. Esta comisión estará composta pola xefatura de estudos do centro, a xefatura do departamento de orientación e, polo menos, un representante do profesorado de cada ámbito que imparte estas ensinanzas, elixidos polo director ou a directora do centro logo da consulta ao claustro. A dirección presidirá a comisión.
3. A citada comisión levantará acta do proceso efectuado, concretando para cada persoa o resultado obtido para a súa adscrición á etapa, ao nivel e ao módulo correspondente.
4. O resultado da avaliación inicial incorporase ao expediente académico do alumno ou alumna e ao seu historial académico.

Sección segunda: Orientación e tutorías

Artigo 23. Orientación e tutorías.

1. A acción tutorial é unha tarefa colexiada exercida polo equipo docente de cada grupo de alumnos e alumnas. Todos os grupos terán unha persoa titora que coordinará as ensinanzas e a acción tutorial do equipo docente correspondente.
2. O titor ou titora informará ao seu grupo sobre as posibles vías de comunicación entre ambos, e do horario que teña establecido para a atención ao alumnado.
3. Para tal efecto, dentro do horario lectivo do profesorado no centro, dedicarase unha hora semanal á atención tutorial de cada grupo de alumnado.
4. Corresponderá aos centros educativos a programación, desenvolvemento e avaliación destas actividades, que serán recollidas no Plan de Orientación e Acción Tutorial incluído no seu



proxecto educativo.

5. No marco do plan mencionado no punto anterior, consideraranse os seguintes aspectos específicos referidos a estas ensinanzas:

- a) A orientación académica e profesional axeitada que permita ao alumnado adulto a elaboración dun proxecto persoal realista e axustado aos seus intereses, aptitudes e necesidades.
- b) A axuda individualizada na adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudo e a organización do traballo, de acordo coas características singulares da súa situación persoal.
- c) A disposición de medidas de atención á diversidade que poida requirir o alumnado adulto co fin de facilitar o seu desenvolvemento óptimo.
- d) A orientación persoal e de grupo axeitada que permita mellorar os procesos de integración escolar, de identidade persoal, de relación social e de mantemento da motivación e do esforzo necesarios para culminar con éxito o seu proceso de aprendizaxe.

Sección terceira: Admisión e matriculación do alumnado.

Artigo 24. Oferta de prazas.

- 1. Os centros públicos autorizados para impartir ensinanzas de adultos farán pública a oferta de prazas dispoñibles para cursar ensinanzas de persoas adultas na segunda quincena do mes de maio.
- 2. A oferta de prazas e itinerarios formativos destas ensinanzas estará condicionada polas posibilidades organizativas de cada centro. En todo caso, darase prioridade ás ensinanzas que conducen á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
- 3. Durante o proceso de admisión e matrícula, as persoas solicitantes deberán ser informadas, polos medios que se consideren adecuados, das características destas ensinanzas, así como das posibilidades que ofrece o centro para seguilas e, en xeral, de canto se considere de interese para a consecución dos obxectivos propostos.



Artigo 25. Admisión e matrícula nas ensinanzas básicas iniciais.

1. O acceso ás ensinanzas básicas iniciais estará condicionado aos criterios de idade establecidos. Cando non acredite estudos, o alumnado realizará unha avaliación inicial que se levará a cabo segundo o disposto nos artigos 21 e 22.
2. O prazo de matrícula destas ensinanzas básicas iniciais para persoas adultas abrirase na primeira semana de setembro e, en función do número de prazas ofertadas, estará aberto durante todo o ano.

Artigo 26. Admisión e matrícula nas ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.

1. O alumnado que cumpra os requisitos de acceso establecidos no artigo 19 para a educación secundaria para persoas adultas poderá matricularse nun nivel completo ou, de forma parcial, nun ou dous ámbitos de coñecemento de calquera dos niveis.
2. Na modalidade presencial, o prazo de presentación de solicitudes de admisión será entre o 1 e o 15 de xuño de cada ano, e o prazo de matriculación será o comprendido entre o 1 e o 10 de setembro para o primeiro cuadrimestre e entre o 9 e o 16 de xaneiro para o alumnado de nova incorporación ao centro no segundo cuadrimestre.
3. Nas modalidades a distancia semipresencial e telemática, os centros educativos abrirán o prazo de presentación de solicitudes de admisión e de matrícula desde o 1 de setembro ata o 16 de xaneiro para o primeiro cuadrimestre e desde o 1 de febreiro ao 15 de maio para o segundo cuadrimestre.
4. A dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá establecer outros prazos de matrícula cando o considere debidamente xustificado.
5. O procedemento de admisión e matrícula para cursar educación secundaria, na modalidade presencial, realizarase nos prazos establecidos na presente orde e mediante o seguinte procedemento:
 - a) Tres días hábiles despois de finalizado o prazo de admisión, a dirección do centro publicará no taboleiro de anuncios a relación priorizada de solicitantes despois de aplicar os seguintes criterios na orde establecida:



- Continuar estudos no propio centro.
- Proceder das ensinanzas de adultos doutros centros.
- Ter estado máis tempo desescolarizado.
- Matricularse de todos os ámbitos dun nivel.
- Ser deportista de alto rendemento.
- Menor renda persoal do alumno ou alumna con ingresos ou da unidade familiar á que se pertenza.

b) Na solicitude de admisión as persoas interesadas autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da renda anual persoal do alumno ou alumna con ingresos ou da unidade familiar na que convive, que será subministrada directamente á consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola Axencia Estatal e Administración Tributaria, a través de medios informáticos ou telemáticos, no marco de colaboración entre ambas, de conformidade co establecido no punto 10 do artigo 84 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e nos artigos 95.1º, epígrafe k e 95.2º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Esta información será a que corresponda ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude.

No caso de que a Axencia Estatal e Administración Tributaria non dispoña de datos da declaración da renda das persoas físicas do alumno ou alumna con ingresos ou dos suxeitos integrantes da unidade familiar, estes deberán achegar certificación de haberes, ou calquera outro documento de cada un deles, correspondente ao último exercicio fiscal.

Na documentación de solicitude de matrícula, o alumno ou alumna con ingresos propios ou os cónxuxes integrados na unidade familiar na que convive o alumno ou alumna asinarán a autorización para que o órgano autorizado da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria solicite da Axencia Estatal e Administración Tributaria os datos fiscais correspondentes.

c) Tras a publicación da listaxe abrirase un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións contra a asignación de prazas, que resolverá a dirección do centro nos tres días seguintes ao remate do prazo de presentación de alegacións.



d) A resolución coa relación de persoas admitidas e non admitidas, ordenados pola aplicación de cada un dos apartados do baremo, publicarase no taboleiro de anuncios do centro antes do inicio do prazo de matrícula. Esta resolución servirá de notificación ás persoas interesadas para iniciar o proceso de matrícula nas datas establecidas.

e) Se rematado o prazo de admisión non se completaran as prazas ofertadas, a dirección do centro poderá aceptar a matrícula do novo alumnado que o solicite por orde de entrada na secretaría do centro ata completar todas as prazas ofertadas.

Artigo 27. Admisión e matrícula nas ensinanzas non regradas.

Para outras ensinanzas de adultos de carácter non regrado, os centros autorizados a impartilas establecerán, na primeira semana de setembro de cada curso escolar, o calendario de actividades que se van impartir así como o prazo de inscrición. Este prazo iniciárase, como mínimo, dez días antes do inicio das actividades.

Artigo 28. Modelos de solicitudes.

A solicitude de admisión e a solicitude de matrícula nas ensinanzas para persoas adultas axustaranse aos anexos XII e XIII da presente orde.

Capítulo V

Distribución horaria

Artigo 29. Aspectos xerais.

1. A duración mínima de cada período lectivo das ensinanzas de adultos será de 45 minutos.
2. Cada grupo de alumnos e alumnas matriculados nas ensinanzas básicas iniciais ou nas ensinanzas de graduado en educación secundaria terá un período lectivo semanal de actividades de orientación e tutoría.
3. A cada grupo de alumnos asignaráselle unha profesora ou profesor tutor que será designado polo director ou directora entre o profesorado que lle imparta docencia.

Artigo 30. As ensinanzas básicas iniciais

O horario das ensinanzas básicas iniciais comprenderá doce períodos lectivos semanais no



primeiro nivel e dezaseis no segundo distribuídos do seguinte modo:

1. Nas ensinanzas básicas iniciais I:

- a) Ámbito da comunicación: 5 sesións.
- b) Ámbito da competencia matemática: 4 sesións.
- c) Ámbito da ciencia, sociedade, tecnoloxía e de desenvolvemento e iniciativa persoal: 2 sesións.
- d) Tutoría: 1 sesión.

2. Nas ensinanzas básicas iniciais II :

- a) Ámbito da comunicación: 6 sesións.
- b) Ámbito da competencia matemática: 5 sesións.
- c) Ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual: 2 sesións
- d) Ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral: 2 sesións.
- e) Tutoría: 1 sesión.

3. Co fin de que o alumnado das ensinanzas básicas iniciais I alcance as destrezas de lecto-escritura, razoamento matemático e cálculo o número de sesións establecido para cada ámbito de coñecemento poderase adaptar ás necesidades educativas que presente ese alumnado.

Artigo 31. As ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

O horario da educación secundaria para persoas adultas na modalidade presencial comprenderá vinte períodos lectivos semanais distribuídos semanalmente segundo figura no anexo II.

Capítulo VI

Profesorado

Artigo 32. Profesorado das ensinanzas básicas iniciais.

As ensinanzas básicas iniciais serán impartidas polo profesorado pertencente ao corpo de mestres.



Artigo 33. Profesorado de educación secundaria para persoas adultas.

1. Os funcionarios do corpo de mestres que viñan impartindo as ensinanzas correspondentes aos módulos 1 e 2 da educación secundaria para persoas adultas, en aplicación do Artigo 3 da Orde do 26 de maio de 1997 pola que se regula a ensinanza básica para persoas adultas, poderán seguir impartindo as ensinanzas do nivel I de educación secundaria para persoas adultas de acordo co establecido na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 2/2006, de educación, do 3 de maio.
2. Sen prexuízo das competencias docentes das mestras e mestres adscritos ao primeiro nivel da educación secundaria para persoas adultas, o profesorado que imparta as ensinanzas conducentes ao título de graduado en educación secundaria será o pertencente ao corpo de profesores de ensinanza secundaria, de acordo co previsto no artigo 94 e a disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 2/2006, de educación, do 3 de maio.

Artigo 34. Adscrición dos ámbitos de coñecemento ao profesorado.

1. A adscrición dos tres ámbitos de coñecemento nos que se organiza a educación secundaria para as persoas adultas ao profesorado de secundaria realizarase segundo recolle o anexo XIV desta orde.
2. Cada ámbito de coñecemento impartirao un único profesor ou profesora, pertencente ao departamento do ámbito, ou ao departamento didáctico dalgunha das materias que constitúen os aspectos básicos do currículo do devandito ámbito.

Artigo 35. Asignación de ámbitos.

1. Tendo en conta o recollido no artigo anterior, os departamentos correspondentes realizarán a proposta de distribución dos ámbitos entre o profesorado.
2. Cando nun centro non existan departamentos de ámbitos e varios profesores pertencentes a departamentos didácticos diferentes estean interesados en impartir un mesmo ámbito, o xefe de estudos determinará o profesor ou profesora que impartirá ese ámbito, respectando en todo caso a lexislación xeral vixente para a asignación ao profesorado de cursos e materias.



Capítulo VII

Avaliación

Sección primeira: Aspectos xerais

Artigo 36. Desenvolvemento da avaliación.

1. A avaliación forma parte do proceso educativo e valora tanto o desenvolvemento como os resultados da aprendizaxe, coa fin de verificar o progreso, detectar as dificultades e adoptar as medidas necesarias para que o alumnado poida continuar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
2. Os criterios de avaliación que se recollen no anexo IB da presente orde serán o referente para avaliar a consecución dos obxectivos propostos para as ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
3. A avaliación será formativa e continua, diferenciada segundo os distintos niveis en módulos que integran o currículo. As programacións didácticas establecerán e darán a coñecer os criterios obxectivos da avaliación continua.
4. O equipo docente, integrado polo profesorado de cada grupo ou clase coordinado pola persoa titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste proceso.
5. Ao inicio do curso, o profesorado responsable dos distintos ámbitos de coñecemento realizará a todo o alumnado unha avaliación inicial, cuxos resultados orientarán sobre a adecuación do currículo ás características e aos coñecementos do alumnado.
6. Na avaliación das aprendizaxes do alumnado que realiza estudos de educación secundaria para persoas adultas pola modalidade a distancia teranse en conta, ademais dos resultados das probas presenciais parciais, a realización das tarefas propostas de forma telemática, o grao e calidade da participación e aqueles outros elementos contemplados nas respectivas programacións didácticas.

Artigo 37. Medidas de reforzo.

1. Os equipos de profesorado dos centros que imparten o ensino básico para as persoas adultas deberán establecer na concreción curricular do centro os criterios de promoción tanto de nivel como de módulo dentro de cada ámbito.
2. Se no proceso de avaliación continua se observa que o progreso da persoa adulta non responde



aos obxectivos programados, o profesorado tomará as medidas oportunas para garantir a consecución dos obxectivos. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Artigo 38. Promoción por ámbito

Na educación secundaria para persoas adultas o alumnado poderá estar cursando módulos diferentes nos distintos ámbitos de coñecemento e a promoción será por ámbitos de forma independente. Dentro de cada ámbito, o alumnado non poderá ser avaliado dun módulo sen ter superado previamente o precedente ou ter sido promovido a el.

Artigo 39. Avaliacións ordinarias.

Para facilitar o progreso do alumnado no seu itinerario formativo e facilitar tamén o recoñecemento da formación obtida en contextos non formais, realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por módulo en cada un dos tres ámbitos de coñecemento.

Artigo 40. Promoción

De acordo cos criterios de promoción establecidos na concreción curricular do centro, o equipo de avaliación, presidido polo titor ou titora do grupo, poderá decidir a promoción ao módulo seguinte do alumnado que, avaliado negativamente nun dos módulos dun ámbito de coñecemento acadase a xuízo do equipo docente o nivel de madureza que lle permita continuar con aproveitamento os estudos dese módulo seguinte.

Artigo 41. Avaliacións extraordinarias.

O alumnado que non superase a avaliación ordinaria dos módulos de cada ámbito cursados no primeiro cuadrimestre poderá realizar antes de finalizar o mes de maio unha avaliación extraordinaria deses módulos. Igualmente, o alumnado que non superase a avaliación ordinaria dos módulos cursados no segundo cuadrimestre poderá realizar no mes de setembro, nas datas que cada ano se determinen, unha avaliación extraordinaria. O equipo avaliador de cada grupo de alumnos decidirá, tras a realización destas probas extraordinarias, sobre a titulación ou promoción aos módulos seguintes daquel alumnado que as realízase.



Sección segunda: Expresión dos resultados das avaliacións.

Artigo 42. Cualificacións

1. Cada módulo dentro de cada ámbito do nivel correspondente recibirá unha única cualificación.
2. Para cada ámbito a cualificación final será a media aritmética dos módulos superados que o integran, expresada en números naturais, por redondeo dos decimais ao natural máis próximo e, en caso de equidistancia, ao superior.
3. Cando algún ámbito de coñecemento é superado na proba para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria a cualificación final dese ámbito ou ámbitos de coñecemento será a obtida na proba para a obtención do título sen ter en conta as cualificacións obtidas previamente nese ámbito ou ámbitos de coñecemento na educación secundaria para persoas adultas.
4. Os resultados das avaliacións das aprendizaxes expresaranse nos seguintes termos: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) ou Sobresaliente (9 ou 10).
5. Cando o alumnado non se presentase as probas extraordinarias indicárase Non Presentado (NP).
6. Para o alumnado que cursou materias de cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria e validase algún ámbito de coñecemento do módulo 4 en función dos cadros de equivalencias que figuran nos anexos IV e V desta orde a cualificación media final dese ámbito ou ámbitos obterase a partir da media aritmética das materias de cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria correspondentes a cada ámbito de coñecemento.
7. O alumnado que teña superados os módulos de educación secundaria para persoas adultas establecidos na Orde do 26 de maio de 1997 obterá as correspondentes validacións en función do cadro de equivalencias que figura no anexo IX desta orde, conservando as cualificacións obtidas. A cualificación do ámbito científico tecnolóxico será a media aritmética das cualificacións obtidas no ámbito da Natureza e no ámbito Tecnolóxico-matemático establecidos na Orde do 26 de maio de 1997 expresada en números naturais por redondeo dos decimais ao natural máis próximo e, en caso de equidistancia, ao superior.



8. Cando un alumno ou alumna teña recoñecida a validación dalgún ámbito do módulo 4 da educación secundaria das persoas adultas e non sexa nas condicións establecidas nos puntos 3, 6 ou 7 deste artigo, a cualificación final dese ou deses ámbitos será de 5 puntos.
9. A nota media de Educación Secundaria para persoas adultas será a media aritmética das cualificacións finais de cada un dos ámbitos de coñecemento, redondeada a centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Sección terceira: Titulación

Artigo 43. Titulación de graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Para obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria cumprirá ter superado o módulo 4 de todos os ámbitos da educación secundaria para persoas adultas.
2. Excepcionalmente, o equipo avaliador poderá propor para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ao alumno ou á alumna que, ao finalizar o nivel II da educación secundaria para persoas adultas, sexa avaliado negativamente nun dos ámbitos de coñecemento, sempre que teña adquiridas as competencias correspondentes e acadados os obxectivos establecidos para a ensinanza básica para as persoas adultas.
3. Todo o alumnado adulto poderá recibir, en calquera caso, unha acreditación do centro educativo na que consten os niveis e módulos cursados e as cualificacións obtidas.
4. A superación de calquera dos módulos que integran o currículo da educación secundaria para persoas adultas terá validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección cuarta: Probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.



Artigo 44. Probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

1. Anualmente convocarase polo menos dúas probas para que as persoas maiores de dezaoto anos podan obter directamente o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Estas probas estarán compostas por tres exercicios diferenciados correspondentes a cada un dos ámbitos de coñecemento recollidos nesta orde.
2. A superación de todos os ámbitos dará dereito á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
3. A cualificación positiva obtida en calquera dos ámbitos de coñecemento manterase nas sucesivas convocatorias. Esta cualificación constará de forma documental e certificarase para facilitar a incorporación ás distintas modalidades de ensinanza de Educación Secundaria para persoas adultas, se fose o caso.

Sección quinta: Documentos de avaliación

Artigo 45. Documentos oficiais.

Os documentos oficiais de avaliación na educación básica para persoas adultas son os seguintes: actas de avaliación, expediente académico, historial académico de educación básica para persoas adultas e informe persoal por traslado.

Artigo 46. Documentos básicos.

Son documentos básicos, necesarios para asegurar a mobilidade do alumnado, o historial académico e o informe persoal por traslado.

Artigo 47. Expediente académico.

1. O expediente académico é o documento de avaliación individual do alumnado que incluíra os datos identificadores do centro, os relativos á alumna ou ao alumno e a información relativa á súa escolarización, segundo os modelos que figuran no anexo XV desta orde.
2. No expediente académico quedará constancia, no seu caso, dos resultados da avaliación inicial e da adscrición á etapa e módulos correspondentes e dos resultados obtidos nas ensinanzas



básicas iniciais e nos módulos dos ámbitos da educación secundaria. Tamén incluírá as decisións de promoción e/ou titulación. Formalizarase ao remate da sesión de avaliación ordinaria ou despois da extraordinaria, segundo corresponda a cada caso. Contará co visto e praxe da dirección do centro así como coa sinatura da secretaría.

3. As cualificacións outorgadas ao alumnado que realice as probas extraordinarias consignaranse no seu expediente académico tras a súa realización, independentemente do resultado da decisión adoptada acerca da promoción ou titulación.

Artigo 48. Actas de avaliación.

1. As actas de avaliación comprenderán a relación nominal do alumnado que compón cada grupo e os resultados da súa avaliación. As actas serán pechadas ao remate da avaliación final ordinaria de cada cuatrimestre e das sesións de avaliación extraordinarias.

2. Nas actas de avaliación da educación secundaria para persoas adultas detallaranse as cualificacións dos distintos módulos que compoñen cada ámbito de coñecemento, así como as decisións de promoción do alumnado dun módulo ao seguinte ou as propostas de título cando se remate o nivel II destas ensinanzas. Estas actas axustaranse aos modelos que aparecen como anexo XVI da presente orde.

3. As actas de avaliación serán asinadas por todo o profesorado que imparte docencia no grupo e contarán co visto e praxe do director ou directora do centro educativo. A súa custodia e arquivo correspóndelle á secretaría do centro educativo.

4. As actas de avaliación do alumnado e o resumo cuatrimestral cubriranse e asinaranse tanto na sesión de avaliación ordinaria como na extraordinaria de cada módulo. Na acta da avaliación extraordinaria incorporaranse tanto as cualificacións correspondentes á sesión de avaliación ordinaria como as da sesión extraordinaria. O modelo para o resumo cuatrimestral de cualificacións do alumnado aparece no anexo XVII desta orde.

5. Tras a celebración da avaliación extraordinaria, os centros educativos remitirán ao servizo provincial de inspección educativa, xunto coa copia das actas de avaliación, un informe estatístico sobre os resultados desa avaliación, que se axustará ao modelo que se estableza.

Artigo 49. O Historial académico do alumno.



1. O historial académico da educación básica para persoas adultas é o documento oficial que reflicte os resultados das avaliacións e as decisións relativas ao progreso académico da alumna ou alumno ao longo das etapas que a integran. Ten valor acreditativo dos estudos realizados.
2. O historial académico da educación básica para persoas adultas recollerá os datos identificadores de cada alumna e cada alumno, os anos da súa escolarización e os centros onde se realizaron os estudos. Incluirá tamén a adscrición resultante da avaliación inicial, se for o caso, os módulos cursados dentro de cada ámbito e os resultados da avaliación. Así mesmo, figurará a decisión sobre promoción ao módulo seguinte coa data correspondente, así como a data de proposta de título.
3. O historial académico da educación básica para persoas adultas será expedido en impreso oficial, será asinado pola secretaria ou secretario do centro e contará co visto e prace do director ou directora do centro, que garantirá a autenticidade dos datos nel reflectidos e axustarase ao modelo que figura no anexo XVIII desta orde.
4. Ao finalizar a educación secundaria para persoas adultas ou, en calquera caso, ao finalizar a súa escolarización no centro correspondente, o historial académico da educación básica para persoas adultas, xunto co anterior libro de escolaridade, se for o caso, será entregado ao alumnado.

Artigo 50. Informe persoal por traslado.

1. O informe persoal por traslado é o documento oficial que ten como finalidade garantir a continuidade do proceso de aprendizaxe ao alumnado que se traslade a outro centro sen ter rematado o curso académico, debendo axustarse ao modelo que figura no anexo XIX desta orde.
2. Contará cos elementos seguintes:
 - a) Resultados parciais da avaliación, se for o caso.
 - b) Constancia da aplicación, se é o caso, de medidas de reforzo ou calquera outra dentro da atención á diversidade.
 - c) Calquera outra información de interese, referente ao proceso educativo da alumna ou alumno.
3. O informe persoal será elaborado e asinado pola persoa titora a partir da información de todo o profesorado que imparta docencia no grupo e levará o visto e prace do director ou directora do



centro.

Disposición adicional primeira. Autorización de ensinanzas.

Os centros que teñen autorización para impartir ensinanzas de persoas adultas seguiranas impartindo desde o curso 2017/2018 segundo a normativa establecida nesta orde.

Disposición adicional segunda. Normativa aplicable.

Aqueles aspectos non regulados expresamente nesta orde rexeranse supletoriamente polas normas para as ensinanzas do réxime ordinario que lles resulten aplicables.

Disposición adicional terceira. Impartición de ámbitos.

A consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará as condicións nas que, con carácter excepcional, os ámbitos da comunicación e científico tecnolóxico da educación secundaria para persoas adultas poderán ser impartidos por dous profesores e os criterios para a avaliación dos mesmos cando se produza esa circunstancia.

Disposición derogatoria única. Derrogación de normativa.

Queda derogada a Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23 xullo); a Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezoito anos (DOG do 4 marzo) e todas aquelas normas de igual ou inferior rango cuxo contido se opoña ao establecido na presente orde.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo.

Autorízase as Direccións Xerais de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e de Centros e Recursos Humanos a ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta orde.



Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela de de

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Anexo IA

EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS

ÁMBITOS DA COMUNICACIÓN E DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

Estes ámbitos teñen como finalidade que o alumnado acade o nivel de competencia lingüística e matemática necesarios para realizar os procesos de pensamento que require a aprendizaxe ao longo da vida. O obxectivo fundamental do ámbito da comunicación é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal. A competencia matemática potencia as capacidades que se empregan ao describir, interpretar e predicir fenómenos, así como para resolver problemas, relacionando o coñecemento conceptual e procedemental e realizando as correspondentes valoracións.

As achegas dos ámbitos da comunicación e da competencia matemática á adquisición das competencias clave da aprendizaxe ao longo da vida son:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).

A competencia en comunicación lingüística é traballada especificamente desde os ámbitos da comunicación e da competencia matemática a través do estudo das compoñentes lingüística, pragmático discursiva e estratéxica da competencia lingüística co obxectivo de alcanzar a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e o contexto comunicativos. Os contidos das matemáticas facilitan a comprensión e a expresión en diferentes linguaxes mediante os distintos sistemas de representación. Axudan a superar as dificultades e a resolver os problemas que xorden no acto comunicativo ao empregar as destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

Os conceptos e procedementos matemáticos posibilitan a comprensión do impacto da intervención humana no mundo físico e social e favorecen condutas e toma de decisións persoais guiadas pola capacidade crítica e a visión razoada e razoable das persoas. O dominio da linguaxe será un instrumento esencial para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.

A aplicación do razoamento matemático permite interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A creación de descrições e explicacións matemáticas leva implícita a interpretación de resultados, a reflexión sobre a súa adecuación ao contexto e a determinación do valor das solucións polo respecto aos datos e á súa veracidade.

Para achegarse aos diferentes coñecementos científicos son necesarios os números, as operacións, as medidas, a xeometría e o tratamento da información. Xa que logo, este ámbito contribúe ao desenvolvemento do pensamento científico e da capacidade de identificar, propoñer e resolver situacións da vida cotiá analogamente a como se actúa fronte ao retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.



COMPETENCIA DIXITAL (CD).

A formación nestes ámbitos achega coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso á información dixital, a utilización de programas educativos, para as aplicacións e outros recursos informáticos.

Por outra banda, potencia o desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos e a seguridade, tanto en contextos formais como non formais e informais. A través destes ámbitos, o alumnado capacítase para empregar decote os recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver problemas.

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (CAA).

Os ámbitos da comunicación e da competencia matemática capacitan para realizar un proceso reflexivo da aprendizaxe, ao axudaren a pensar antes de actuar, planificar, analizar o curso e o axuste do proceso, supervisar, consolidar a aplicación de plans axeitados ou modificar os que resultan incorrectos, así como avaliar o resultado e o proceso.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CCSC).

Os contidos dos ámbitos da comunicación e da competencia matemática contribúen a desenvolver as destrezas para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos. O dominio dos recursos lingüísticos contribúe á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.

Ademais, achegan as capacidades e habilidades necesarias para utilizar os coñecementos sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, así como para relacionarse con outras persoas e grupos, conforme a normas fundamentadas no respecto mutuo e nas conviccións democráticas.

COMPETENCIA DO SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).

Ofrecen tamén a posibilidade de adquirir as competencias indispensables para desenvolver a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; traballo individual e en equipo; o deseño e desenvolvemento de proxectos persoais, académicos e profesionais de forma creadora e imaxinativa; a participación, a capacidade de liderado e de delegación; o pensamento crítico e o sentido da responsabilidade; a autoconfianza, a avaliación e a autovaloración.

Amais, achegan coñecementos e destrezas incluídos nesta competencia: o mundo do traballo, a educación económica e financeira ou o coñecemento da organización e os procesos empresariais, así como o desenvolvemento de actitudes que impliquen un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza.



COMPETENCIA DA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC).

O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo persoal e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade así como a erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

As matemáticas inclúen os conceptos numéricos, o sistema de numeración decimal, a estimación e cálculo de magnitudes, as nocións de xeometría, a situación no espazo, a representación de elementos xeométricos e de figuras planas e volumétricas, o tratamento e a representación da información, o azar e a probabilidade.

Os ámbitos da comunicación e da competencia matemática axudan o alumnado a adquirir as aptitudes esenciais para aprender, interiorizar os contidos do resto dos ámbitos e formarse ao longo da vida. Por tanto, a intervención educativa do profesorado que o imparta deberase axustar aos coñecementos previos, ao estilo de aprendizaxe e á lingua materna do alumnado.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

É importante que o equipo de profesionais de cada centro educativo adapte o currículo ás características do contexto de ensinanza e realice os axustes necesarios para garantir o éxito do alumnado nestas aprendizaxes que constitúen a base do currículo das ensinanzas iniciais.

As propostas de traballo, xa que logo, deben estar centradas na implicación e participación activa do alumnado en diálogo co coñecemento. Deste xeito, adquirirá as competencias comunicativa e matemática necesarias para realizar as tarefas por iniciativa persoal e con autonomía. Para iso é fundamental que estean contextualizadas na realidade do alumnado e sexan adecuadas ás súas necesidades.

Esta concepción das tarefas, significativas e aplicables á vida das persoas adultas, implica realizar un achegamento multidisciplinar e global ao coñecemento, que debe conter múltiples estratexias de resolución de problemas en relación ás competencias clave da formación permanente. A proposta metodolóxica que máis se achega a este argumento didáctico e mellor responde ás necesidades dos diferentes estilos e niveis de competencia é o traballo por proxectos creativos, singulares e innovadores, especialmente se son emprendedores.

Os proxectos que se propoñan deben conter actividades sinxelas, claras, ordenadas e sistemáticas para facilitar a adquisición das habilidades fundamentais de estudo e traballo individual e cooperativo.

Os estándares de aprendizaxe propoñen coñecer, comprender e utilizar axeitadamente o código lingüístico verbal da lingua de acceso ao currículo e, en menor grao, o dunha segunda lingua, así como códigos non verbais para procesar a información presentada en diferentes soportes e sistemas de representación, comunicarse con diferentes persoas en distintos contextos e con diversos fins, así como elaborar e expresar coñecemento.

Cómpre ter en conta que a linguaxe é unha ferramenta esencial para pensar e crear, establecer a ordenación de pensamentos e ideas, elaborar esquemas e representacións e utilizar as diferentes



manifestacións culturais para enriquecerse, gozar e manter unha actitude de aceptación, tolerante e crítica cara a calquera manifestación que implique discriminación.

Outrosí, os estándares de aprendizaxe formulan a relación entre a información sobre situacións reais, os saberes académicos e os coñecementos matemáticos e, neste senso, especifican a interpretación e produción de información sobre aspectos cualitativos e cuantitativos da realidade, a análise, a relación e a expresión matemática de datos de uso cotián, mediante a asociación de conceptos, símbolos e representacións durante o proceso de razoamento lóxico matemático.

Neste senso, inclúen a realización de procesos de razoamento matemático ordenados e sistemáticos, así como a identificación da validez na resolución de problemas e o desenvolvemento de proxectos coa axuda das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Finalmente, os criterios de avaliación propostos permiten valorar o grao de adquisición das competencias clave en relación á capacidade de comunicarse de modo ordenado, sistemático e coherente, empregando máis dunha lingua, diferentes códigos lingüísticos e sistemas de representación, con xuízo crítico e respecto á riqueza e variedade cultural. Tamén contribúen a estimar o nivel de adquisición das competencias clave que se poñen en xogo ao resolver problemas, comprender, interpretar e elaborar información cualitativa e cuantitativa, así como representacións multidimensionais dos obxectos e do espazo, reflexionando e valorando a adecuación das solucións aos intereses e necesidades persoais e colectivos.

Os criterios propostos facilitan tamén a avaliación das capacidades da persoa para desenvolver aspectos do razoamento lóxico matemático e un pensamento ben estruturado, necesarios para transformar as ideas en actos, seguir aprendendo e resolver situacións da vida cotiá con axuda das novas tecnoloxías da información e da comunicación.



ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL

O ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual ten como finalidade que o alumnado coñeza, comprenda, interprete, describa e se relacione adecuadamente co mundo físico e social para acadar o máximo benestar persoal. Para iso cómpre a progresiva adquisición de habilidades para observar a realidade, adoptar criterios válidos para a toma de decisións, desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal e relacionarse positivamente no espazo e cos demais, mostrando actitudes de responsabilidade e respecto que contribúan ao benestar colectivo.

As achegas do ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual á adquisición das competencias clave da aprendizaxe ao longo da vida son:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).

Este ámbito expón a interpretación e a expresión da concepción do mundo, así como a interacción social desde unha perspectiva intercultural; accións para as que o alumnado pon en xogo continuamente a competencia lingüística.

A aprendizaxe deste ámbito require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, agora aplicados ao contexto científico, tendo sempre presente, ademais, que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

Tanto a interpretación de sucesos, feitos e acontecementos como a experimentación no ámbito das ciencias naturais e sociais e da tecnoloxía, implican a comprensión e a utilización do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e a probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade.

Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada, para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento rigoroso dun xeito sistemático, como é intrínseco ao método científico, así como para desenvolver proxectos tecnolóxicos ben planificados.

COMPETENCIA DIXITAL (CD).

O estudo das ciencias naturais e sociais e a aplicación de procedementos característicos do desenvolvemento tecnolóxico e da investigación científica demandan o uso habitual das novas



tecnoloxías da información e da comunicación. Precisan incrementar as habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

Ademais, este ámbito contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis axeitados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, resolver todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas axeitadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos das tecnoloxías da información e da comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos.

APRENDER A APRENDER (CAA).

A metodoloxía didáctica deste ámbito prepara para formarse permanentemente ao longo da vida ao propoñer que o alumnado aprenda a observar e formular cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a elaborar respostas aos fenómenos naturais, sociais e tecnolóxicos que se presentan na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación e impulsa o desexo continuo de incorporar novos coñecementos.

Desenvolver proxectos persoais específicos das ciencias naturais e sociais axuda a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, á que se chega mediante traballos individuais e de grupo. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos cos novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento etc.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CCSC).

O ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual alicerza a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse co medio físico e social no diálogo, na cooperación e na participación a nivel local, nacional e europeo. Propón aprendizaxes para a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas, para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista e o respecto aos dereitos e deberes universais. Destaca actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, prepárase á persoa para participar na actividade social e cívica, de acordo a valores socialmente establecidos, e a tomar conciencia democrática.

Este ámbito proporciona ao alumnado estratexias para alcanzar o benestar persoal e colectivo. Reforza a intelixencia emocional necesaria para facer un bo exercicio da cidadanía ao facilitar o autoconhecimento e a elaboración dunha imaxe axustada dun mesmo e do contexto, o autocontrol e a autorregulación de acordo ás normas sociais, á automotivación e á capacidade de crear un bo proxecto de vida persoal, o desenvolvemento da empatía e a ampliación das habilidades sociais para implicarse e participar plenamente no seu contorno.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR (CSIEE).

Este ámbito fomenta a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao tratar contidos, estratexias metacognitivas, procedementos e proxectos que dotan as persoas adultas de recursos para desenvolvérense adecuadamente e afrontaren de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense



actitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencia a capacidade de análise, o pensamento crítico, la resolución de problemas e a toma de decisións do individuo, ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coas ciencias naturais e sociais. Este ámbito favorece tamén o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, o deseño e a aplicación de plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns, económicos e sociais, con autonomía e iniciativa persoais.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC).

A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e sentir a natureza e o labor humano, achegándoos como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A beleza da natureza foi obxecto de estudo, valoración e recreación ao longo da historia. A intervención humana na natureza e na cultura dos pobos ponse de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é unha compoñente esencial da cultura actual, e, por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este ámbito realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e sentimento das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Os contidos do ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual están estruturados de acordo a intereses e necesidades do saber científico e tecnolóxico, fundamentais para as persoas adultas: o funcionamento e o coidado do corpo; as características dos diferentes tipos de seres vivos, as súas interaccións e o seu aproveitamento polo ser humano; o universo, as partes da Terra, o contorno próximo e afastado e as súas representacións; as materias primas e o estudo dos materiais; a tecnoloxía e a intervención do ser humano na natureza; o desenvolvemento sostible e o consumo responsable; a perspectiva do momento actual, as etapas históricas e os fitos da humanidade; a xeografía humana, política e económica.

A metodoloxía didáctica terá como finalidade a ampliación das competencias clave en relación cos contidos deste ámbito e fundamentarase na aplicación do método científico, co obxecto do alumnado desenvolver a capacidade de observar, describir, explicar e razoar os feitos e fenómenos que acontecen en todos os ámbitos da vida cotiá.

O emprego de estratexias propias da metodoloxía científica leva en si a capacitación para cuestionar, identificar problemas, formular hipóteses, planificar e realizar accións, recoller e organizar información relevante, sistematizar e analizar resultados, tirar conclusións e comunicalas correctamente.

Os procesos de ensino e aprendizaxe deben organizarse arredor de tarefas complexas, contextualizadas en proxectos innovadores de investigación, nos que se integren distintas experiencias. Deste xeito, atenderase aos diferentes ritmos de aprendizaxe, promoverase o traballo individual e en equipo, poñeranse en xogo as diferentes dimensións de cada competencia clave da aprendizaxe permanente para favorecer a autonomía e iniciativa persoais, a educación e a formación permanente.



A metodoloxía didáctica será fundamentalmente práctica, participativa e comunicativa. Estará baseada na aplicación de procedementos sistemáticos básicos para o estudo e o traballo mediante a realización de tarefas e actividades significativas e aplicables a diferentes situacións reais.

Prestarase especial atención ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación, así como ao desenvolvemento da competencia lingüística e matemática para enriquecer a capacidade das persoas adultas para aprenderen por si mesmas.

Os estándares de aprendizaxe propoñen comprender, interpretar textos e comunicar, mediante unha linguaxe multimodal en diferentes sistemas de representación, o coñecemento académico e científico procesado e elaborado, destacando aspectos básicos da comunicación, a exposición e o diálogo. Especifican accións clave do proceso de experimentación, tales como observar, analizar, diferenciar, estruturar, coñecer, describir, sintetizar, investigar, relacionar, asociar, cuestionarse, explicar, interpretar, deducir, demostrar, etc. Inclúen o uso responsable e eficaz das novas tecnoloxías para procurar e xestionar información, empregar técnicas de estudo e traballo, resolver problemas e aplicar o coñecemento. O seu logro implica a mellora do benestar individual do alumnado e achegas importantes ao ben común, porque leva á actuación responsable, ao xuízo crítico fundamentado nos valores positivos e ao desenvolvemento moral.

Os criterios de avaliación están formulados de maneira que permitan valorar o grao de consecución de cada unha das competencias en relación aos contidos do ámbito. Teñen o propósito de guiar a análise das posibilidades que posúe cada alumno e alumna para coñecer, comprender e relacionarse dun xeito positivo, para si mesmos e para os demais, co mundo físico e social. Isto implica actuar con autonomía e responsabilidade; comprender, interpretar e describir o mundo e valoralo como fonte de inspiración; ser consciente do impacto da evolución científica e tecnolóxica na cultura; asociar eventos coas súas causas e consecuencias; utilizar os recursos humanos e materiais máis habituais para procurar información e resolver problemas; tomar conciencia e comprender os valores implícitos no benestar individual e colectivo, comprometerse e participar nos contornos próximos e afastados de acordo cos devanditos valores.



ÁMBITO DE DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL

A finalidade do ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral é que o alumnado chegue a posuír a formación necesaria para tomar decisións, resolver os seus problemas e afrontar os principais desafíos da sociedade actual; adquira as habilidades para relacionarse de maneira eficaz co seu contorno, á vez que configure valores persoais e cívicos valiosos que contribúan a incrementar a súa calidade de vida. Este ámbito ten, en definitiva, o obxectivo de construír unha base sólida de saberes, formas de proceder e un talante que permita á persoa desenvolverse plenamente ao longo da súa vida.

As contribucións deste ámbito á adquisición das competencias clave da aprendizaxe ao longo da vida son:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).

O ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística achegando a formación necesaria para o correcto uso da lingua, de maneira positiva e respectuosa, como medio de interacción co mundo social que arrodea o alumnado, demostrando asertividade, mellorando as habilidades sociais e comunicativas, proporcionando ferramentas para expresar adecuadamente os seus propios intereses, resolvendo os conflitos mediante o diálogo, perfeccionando o autocoñecemento empregando a linguaxe interna e a metacognición, imprescindibles ambas, tanto para a autorregulación e a automotivación como para a aprendizaxe autónoma. A través deste ámbito tamén se proporcionan ao alumnado os coñecementos sobre o mundo, concretamente, sobre o funcionamento da sociedade na que vive, á vez que se familiariza con estilos comunicativos formais propios das administracións públicas e as empresas. As persoas adultas han de adquirir tamén a habilidade de dispoñer de recursos lingüísticos suficientes para interpretar e comunicaren información sobre aspectos da sociedade, calidade de vida, proxectos persoais e profesionais, así como para expresaren correctamente sentimentos, pensamentos, experiencias e ideas durante interaccións sociais, cumprindo as normas do intercambio comunicativo, escoitando e valorando as achegas doutras persoas á conversación.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

A aprendizaxe deste ámbito contribúe á adquisición da competencia matemática ao aplicar os procesos de razoamento lóxico durante a interacción do alumnado co contexto físico e social para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual e ao elaborar plans de acción que permitan alcanzar obxectivos persoais, familiares e profesionais relevantes e mellorar a calidade de vida. Alén diso, fomenta a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao confrontar problemas cotiáns e aplicar o razoamento lóxico para comprender estados emocionais e resolver conflitos persoais e dilemas morais, así como anticipar as consecuencias que poden causar as súas accións e decisións. A aplicación dos coñecementos matemáticos permite ao individuo emprender proxectos económicos a nivel persoal e profesional. Por outra banda, desenvólvense as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía aplicando, tanto o método científico de resolución de problemas como o manexo de ferramentas e dispositivos sinxelos, relacionados coa ciencia e a tecnoloxía, nos diversos problemas e desafíos aos que un cidadán se enfrenta na actualidade.



COMPETENCIA DIXITAL (CD).

Unha finalidade primordial deste ámbito é introducir as persoas adultas no mundo das novas tecnoloxías e aprenderlles a facer un bo uso da informática, co obxectivo de adquiriren destrezas dixitais que lles permitan aprender de maneira autónoma, aproveitando os recursos dispoñibles na rede. Tamén contribúe a desenvolver a competencia dixital ao achegar habilidades e destrezas para satisfacer necesidades básicas cotiás e responder axeitadamente ás demandas e oportunidades presentes na nosa sociedade mediante o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación. A aprendizaxe neste ámbito implica a realización de actividades tales como elaborar os seus propios documentos persoais en formato dixital, realizar trámites administrativos de forma telemática, acceder a portais de emprego ou difundir a propia actividade profesional, que requiren un coñecemento básico do funcionamento das administracións, institucións, entidades e empresas no eido tecnolóxico.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC).

As competencias sociais e cívicas trabállanse desde o ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral a través do estudo de conceptos básicos de dereito, economía e sociedade, que facultan ao cidadán para participar de maneira activa na sociedade. Así mesmo, encamiña á capacitación do alumnado para comprender o funcionamento do mundo que habita, ser consciente das súas responsabilidades no ámbito persoal e familiar, percibir o impacto social das súas accións e actuar de acordo ás normas de convivencia e aos valores cívicos establecidos, así como desenvolver os propios, baseados no respecto e na responsabilidade individual. Ademais, mediante o estudo da composición da sociedade e dos dereitos e deberes universais, procúrase promover tanto a tolerancia e respecto á diversidade canto unha actitude de cooperación, de altruísmo e de colaboración en redes de apoio social, que permita ao individuo ser útil e sentirse valorado na sociedade.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC).

Os contidos do ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral reverten na adquisición da competencia en conciencia e expresións culturais, ao incidiren na importancia dun lecer de calidade ao proporcionaren ao alumnado ferramentas valiosas para informarse e aproveitar as ofertas culturais e lúdicas dispoñibles no contorno, e ao transmitiren a importancia dunha participación activa na vida cultural da nosa sociedade. Preténdese, ademais, fomentar o interese polas expresións artísticas e actividades de lecer das diferentes culturas que conforman a nosa sociedade.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Os contidos do ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral tratan aspectos relevantes para desenvolver a intelixencia emocional e manter o equilibrio persoal, impulsan a autonomía e iniciativa do alumnado, posibilitan o benestar individual e propician unha mellor integración das persoas na sociedade. Estes contidos agrúpanse en catro grandes bloques conceptuais: intelixencia emocional, dirixida á mellora do autocoñecemento, autorregulación e autocontrol; a participación social, que inclúe temas de economía, dereito e sociedade aplicados e dirixidos a formar cidadáns informados; a calidade de vida, bloque destinado a mellorar as habilidades de organización no persoal; e, por último, a iniciativa persoal, que ofrece recursos para o alumnado poder iniciar proxectos persoais en calquera contexto.

A metodoloxía de ensino e aprendizaxe deste ámbito debe estar fundamentada na realización de proxectos conectados coas vivencias cotiás das persoas adultas e hase de asentar nas experiencias previas e na bagaxe cultural que cada alumno e alumna acheguen á súa actividade formativa. O desenvolvemento da autonomía e a iniciativa persoal son aspectos clave neste ámbito, polo que



predominarán actividades autodirixidas, centradas na plena participación do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, que ofrezan a posibilidade de aplicar as aprendizaxes a ámbitos persoalmente relevantes.

As propostas didácticas han de enfocarse a dotar á persoa de ferramentas que lle permitan levar a bo termo proxectos persoais e profesionais, individuais e colectivos, semellantes aos posibles retos presentes e futuros da súa vida diaria. En todo momento débese ter presente a compoñente social do proceso de aprendizaxe e deberán aproveitarse todas as oportunidades para formar o individuo en aptitudes de cooperación e de comunicación con persoas do seu contorno que favorezan a adquisición de condutas asertivas e colaboradoras.

Así mesmo, cómpre que se expoñan proxectos que contribúan a que o alumnado desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo e do contorno no que se desenvolve; identifique necesidades e intereses propios e alleos e os satisfaga; pense e acometa plans persoais, académicos e laborais. As tarefas e as actividades contidas nos proxectos presentarán exercicios de reflexión que potencien procesos de pensamento complexos e a análise de feitos e situacións, para detectar causas, implicacións e consecuencias.

Deben facilitarse instrucións para aprender a observar, recoñecer, examinar, analizar, diferenciar, considerar, estudar, sintetizar, expresar, explicar, representar e expoñer de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. Ter en conta as instrucións axudará o alumnado para ser quen de atender, concentrarse, autorregularse, escoitar activamente, empregar a linguaxe interna, meditar, deliberar, especular, cooperar e axuizar para resolver os problemas reais. Os procesos emprenderanse empregando servizos e recursos humanos e materiais ao alcance do alumnado na súa vida cotiá a través da oferta de entidades, institucións e administracións públicas e privadas.

As tecnoloxías da información e da comunicación, utilizadas como ferramentas de traballo nos procesos de aprendizaxe, serán fundamentais para facilitar ao alumnado o acceso ao currículo e a resolución de problemas de aprendizaxe. Doutra banda, as novas tecnoloxías constituiranse en contidos esenciais dos proxectos pola súa importancia destacada na sociedade actual.

Os estándares de aprendizaxe propostos para o ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral contribúen a propoñer, planificar e implantar plans en todos os ámbitos da vida, así como a desenvolver un sentido crítico propio para valorar de maneira razoada a realidade persoal e social: elaborar valoracións axustadas de si mesmo, aproveitar as oportunidades de cambio, dispoñer de flexibilidade cognitiva para superar os problemas e informarse e reflexionar de maneira crítica sobre a realidade social actual. Tamén, os estándares de aprendizaxe implican a procura de actividades de lecer, significativas e construtivas, a organización do tempo libre e a introdución ao mundo dixital e á nova oferta cultural dispoñible na rede, todo iso desenvolvendo unha actitude aberta e tolerante cara a todas as culturas que conviven en España actualmente, respectando a dignidade persoal e valorando a inclusión social.

Os criterios de avaliación permiten valorar o nivel de destreza alcanzado polo alumnado en cada unha das competencias clave para relacionarse de maneira óptima consigo mesmo e co seu contorno, reflexionar sobre os seus intereses e obxectivos, expor e desenvolver plans de acción e facer un bo uso da vasta cantidade, calidade e variedade de recursos dispoñibles na sociedade actual. Tomados como punto de referencia, os criterios de avaliación poden orientar a formación cara ao desenvolvemento dunha cidadanía capaz, proactiva, creativa, flexible e autónoma, que contribúa a mellorar tanto a súa calidade de vida como a das persoas da súa contorna e da sociedade en xeral.



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: Comunicación oral			
f g h j	B1.1. Situacións comunicativas, espontáneas ou dirixidas, utilizando un discurso ordenado, coherente e cunha entoación, pronunciación, ritmo e vocabulario acordes a cada situación. B1.2. Audición e reprodución de textos de diversa tipoloxía textual. B1.3. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.	B1.1. Coñecer basicamente o código lingüístico verbal e códigos sinxelos non verbais para comprender e expresar correctamente mensaxes orais e escritas da vida cotiá, estruturados e adecuados a diferentes situacións comunicativas con distintos tipos de interlocutores e diversas finalidades.	B1.1.1. Comprende de maneira básica o código lingüístico.	CCL
			B1.1.2. Utiliza os recursos lingüísticos e non lingüísticos adecuados á intención comunicativa.	
			B1.1.3. Comprende e expresa textos orais e escritos segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, instrutivos, informativos e persuasivos.	CCL CAA
			B1.1.4. Comprende a información esencial en mensaxes orais e escritas de contido diverso e uso habitual e extrae as ideas principais e secundarias e o sentido global do texto.	CCL
			B1.1.5. Utiliza a lingua oral e escrita con distintas finalidades e como forma de comunicación e de expresión persoal en distintos ámbitos de uso.	CCL CSC
			B1.1.6. Transmite as ideas con claridade, orde, coherencia e corrección.	CCL
e f h	B1.4. Estratexias e normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo.	B1.2. Utilizar a linguaxe como ferramenta fundamental para identificar, expor e resolver situacións cotiás conforme a actitudes propias dunha sociedade democrática, con tolerancia, empatía e inspirando confianza e mostrando unha actitude construtiva, de respecto ás diferenzas, e sen prexuízos.	B1.2.1. Utiliza a lingua oral para expoñer de xeito ordenado e coherente o contido verbal que se quere transmitir segundo o tipo de interlocutor.	CCL CSC
			B1.2.2. Aplica as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo: escoita activamente, espera a quenda de palabra, participa con respecto e utiliza normas de cortesía.	
			B1.2.3. Le información sobre feitos sociais procedente de diferentes medios.	CLC CMCCT
			B1.2.4. Utiliza a linguaxe para relacionarse de modo positivo e resolver conflitos.	CLC CSC
			B1.2.5. Realiza interpretacións persoais dos contidos dos medios de comunicación impresos, audiovisuais e dixitais.	CD CSC
			B1.2.6. Expresa oralmente os seus propios xuízos sobre os contidos das mensaxes recibidas, sobre temas cotiáns ou outros asuntos do seu interese, respectando os sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos demais.	CCL CSC



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b c g h	B1.5. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe. B1.6. Comentario oral e xuízo persoal respectuoso.	B1.3. Empregar a linguaxe para desenvolver a capacidade de transformar as ideas en actos.	B1.3.1. Interpreta, valora a información e explícaa coa súa bagaxe lingüística.	CCL
			B1.3.2. Verbaliza valoracións de si mesmo e do seu proceso de realización persoal con intencións de mellora e actitude de superación.	CCL CSIEE
			B1.3.3. Explica oralmente procedementos para resolver diferentes tipos de problemas con iniciativa persoal.	CCL CSIEE
			B1.3.4. Posúe a habilidade lingüística para realizar negociacións efectivas, para traballar en equipo e para exercer o liderado con sentido da responsabilidade.	CSC CSIEE
	Bloque 2: Comunicación escrita			
b f g	B2.1. Recursos gráficos na comunicación escrita. Consolidación do sistema de lectoescritura. B2.2. Composición de diferentes tipos de textos para expresar os propios coñecementos, vivencias e necesidades. B2.3. Expresión escrita de textos de diversa tipoloxía textual con claridade, precisión e corrección. B2.4. A presentación de documentos escritos: caligrafía, orde e limpeza.	B2.1. Coñecer basicamente o código lingüístico verbal para expresar correctamente mensaxes escritas da vida cotiá, estruturadas e adecuadas a diferentes situacións comunicativas con distintos tipos de interlocutores e diversas finalidades.	B2.1.1. Elabora e presenta documentos escritos con limpeza, claridade, precisión e orde.	CCL CAA
			B2.1.2. Aplica as normas ortográficas, gramaticais, semánticas, discursivas e comunicativas adquiridas para lograr unha comunicación eficaz.	CCL CSC
b f n	B2.5. Lectura e reprodución de textos de diversa índole. B2.6. Estratexias para a comprensión escrita de textos breves e sinxelos	B2.2. Utilizar a linguaxe básica dixital para desenvolver as diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e	B2.2.1. Recoñece unha linguaxe específica básica (icónica, visual e gráfica) para poder utilizar con eficacia as novas tecnoloxías.	CD
			B2.2.2. Usa eficazmente as novas tecnoloxías mediante o emprego dunha linguaxe textual básica.	CCL CD



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	lidos en voz alta e en silencio. B2.7. Identificación do sentido global do texto e das ideas principais e secundarias. B2.8. Valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos por un texto sinxelo.	o seu uso para a comunicación tanto en contextos formais como non formais e informais.	B2.2.3. Utiliza diversas aplicacións e recursos informáticos para obter información. B2.2.4. Utiliza programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. B2.2.5. Escribe, en diferentes soportes informáticos, textos propios do ámbito da vida cotiá imitando modelos.	CD CAA CD CAA CCL CD
Bloque 3: Coñecemento da lingua				
b f j	B3.1. Normas ortográficas básicas, as normas xerais de acentuación e os signos de puntuación. B3.2. Relacións semánticas. Palabras sinónimas, antónimas e polisémicas. Campo semántico. B3.3. O abecedario e a orde alfabética. Consulta do dicionario para resolver dúbidas. B3.4. Oración: concordancia suxeito e predicado. B3.5. Estratexias para a adquisición de vocabulario. B3.6. Usos discursivos da linguaxe.	B3.1. Utilizar a linguaxe para desenvolver os procesos mentais cognitivos e como un instrumento óptimo para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe e o enriquecemento persoal e social.	B3.1.1. Ordena pensamentos e ideas e elabora sinxelos esquemas e mapas mentais.	CCL CAA
			B3.1.2. Manexa de forma efectiva o dicionario para ampliar o seu vocabulario e expresarse con precisión e corrección.	CCL CAA
			B3.1.3. Utiliza a escritura para describir e explicar a súa representación do mundo.	CCL CCEC
			B3.1.4. Emprega a linguaxe como fonte de información na práctica das estratexias de aprendizaxe, estudo e traballo.	CCL CAA
			B3.1.5. Recorre á lectura para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer.	CCL CAA CCEC
			B3.1.6. Identifica e valora os coñecementos acadados e os que necesita adquirir para desenvolver competencias para a aprendizaxe permanente ao longo da vida.	CMCCT CSIEE



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4: Educación literaria			
g h o	B4.1. Achegamento á literatura. Textos literarios e non literarios. B4.2. Lectura dramatizada e comentada de textos literarios significativos. B4.3. Comprensión, memorización e recitación de textos literarios. B4.4. A biblioteca: procura de información e lecer.	B4.1. Comprender e interpretar a linguaxe que forma parte das manifestacións culturais ou artísticas e utilízala para expresar as propias ideas, pensamentos e sentimentos, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.	B4.1.1. Goza coas artes escénicas e realiza apreciacións persoais compartíndoas con outras persoas.	CCL CCEC
			B4.1.2. Recoñece o valor da linguaxe musical e identifica os sentimentos que xera.	CCEC
			B4.1.3. Utiliza textos literarios sinxelos para gozar e enriquecerse culturalmente.	CCL CCEC
			B4.1.4. Comprende e valora con actitude aberta e respectuosa e con espírito crítico as diferentes manifestacións culturais e artísticas.	CSC CCEC
			B4.1.5. Utiliza as diferentes manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e gozo persoal e considéraas parte da riqueza e patrimonio dos pobos.	
			B4.1.6. Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante calquera manifestación artística que implique discriminación social, cultural, étnica ou de xénero.	CCL CSC
	Bloque 5: Comunicación oral en inglés			
b f	B5.1. Comprensión e produción de mensaxes orais en presentacións e descricións persoais. B5.2. Estratexias e normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo: preguntas básicas. B5.3. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe. B5.4. Uso respectuoso da linguaxe. Convencións	B5.1. Dispoñer de habilidades lingüísticas básicas que permitan orientarse nun contexto anglofalante e participar en situacións comunicativas simples.	B5.1.1. Recoñece nomes, palabras e frases moi básicas.	CCL
			B5.1.2. Capta o sentido de textos con apoio visual.	
			B5.1.3. Comprende mensaxes breves e sinxelas.	
			B5.1.4. Escribe frases e oracións sinxelas.	
		B5.2. Valorar o inglés como principal lingua compartida no mundo, utilizando as destrezas básicas que permiten unha interacción respectuosa e elemental con colectivos non hispanofalantes.	B5.1.5. Expón e contesta preguntas sobre si mesmo/a e outras persoas (<i>my name is, he/she is?</i>)	
			B5.2.1. Emprega adecuadamente expresións de cortesía (saúdos, despedidas e agradecementos).	CCL CSC
			B5.2.2. Utiliza fórmulas de presentación básicas.	CSC
			B5.2.3. Manexa construcións elementais adecuándose ás normas sociolingüísticas anglosaxoas.	CCL



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B3.1.2. Expón razoadamente a relación entre unha biocenose e o seu biótomo nun ecosistema.	
			B3.1.3. Diferencia organismos unicelulares de pluricelulares e expresa as claves do seu funcionamento.	CSC
		Bloque 4: Funcionamento do corpo humano.		
e i o	B4.1. Función de nutrición. Os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	B4.1. Utilizar a linguaxe formal adecuada para describir, en termos básicos precisos, o funcionamento do corpo humano.	B4.1.1. Comprende textos académicos e manuais técnicos.	CSC CCL
			B4.1.2. Coñece a importancia da nutrición e sabe que procesos e aparellos interveñen nela.	CSC
			B4.1.3. Comprende e explica como se leva a cabo o proceso dixestivo: a dixestión, a absorción dos nutrientes e a eliminación das substancias de refugallo.	CSC CCL
	B4.2. Función de relación. Os órganos dos sentidos, sistema nervioso e endócrino. Aparello locomotor.	B4.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.	B4.2.1. Identifica e describe os principais característicos dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCCT CCL



ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL NIVEL II				
MÓDULO 3: A VIDA EN COMUNIDADE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		Bloque 1: Perspectiva histórica		
d i m	B1.1. A perspectiva histórica: a historia persoal e familiar. B1.2. As pegadas do pasado no contorno próximo. B1.3. Os grandes avances nas etapas da historia. B1.4. Feitos históricos relevantes. B1.5. A repercusión da historia na situación actual. B1.6. Os medios de comunicación de masas.	B1.1. Comprender, respectar e gozar de diferentes manifestacións culturais e artísticas consideradas como patrimonio dos pobos a escala local, nacional e internacional.	B1.1.1. Recoñece elementos representativos da cultura de España e de Europa.	CSC
			B1.1.2. Comprende os movementos artísticos no seu contexto histórico.	CCEC
			B1.1.3. Cita representantes da cultura española recoñecidos de xeito internacional.	CSC
			B1.1.4. Valora de xeito crítico e construtivo as formas de expresión cultural e artística españolas e europeas.	CAA
			B1.1.5. Expón verbalmente causas e efectos de feitos históricos.	
			B1.1.6. Imaxina a historia a partir da observación da situación actual.	CLL
		Bloque 2: Xeografía humana, política e económica		
e i	B2.1. A Constitución Española de 1978 e o Estatuto de Autonomía de Galicia como normas fundamentais da convivencia. B2.2. Órganos de goberno e organización territorial de España. B2.3. Galicia como comunidade autónoma. Os seus	B2.1. Manexar e expresar información concreta e relevante de feitos e fenómenos sociais e históricos, desde unha perspectiva crítica e construtiva, a través de exposicións orais, diálogos e debates.	B2.1.1. Coñece a xestión de servizos nos niveis de administración autonómica, provincial e local.	CSC
		B2.2. Valorar a importancia da participación na actividade social e cívica nun contexto local, nacional e europeo.	B2.2.2. Participa activamente en debates de actualidade de xeito calmado, respectuoso e argumentado sobre a base do seu propio xuízo crítico.	CSC CCL



ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL NIVEL II				
MÓDULO 3: A VIDA EN COMUNIDADE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	símbolos. B2.4. A Unión Europea. Principais organismos internacionais.			
		Bloque 3: Tecnoloxía		
e f i l	B3.1. A ciencia e as súas repercusións na sociedade. Presente e futuro.	B3.1. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.	B3.1.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.	CMCCT CCL CSC
			B3.1.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, nas artes, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e da comunicación.	CMCCT CCL CSC CCEC
			B3.1.3. Expón publicamente o impacto dos avances tecnolóxicos na mellora da sociedade e no futuro do mundo.	CMCCT CCL
			B3.1.4. Coñece os avances que permitiron a investigación científica na nosa sociedade e os efectos que tiveron nela.	CMCCT CSC



ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL NIVEL II				
MÓDULO 1: A TERRA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		Bloque 1: Intelixencia emocional		
a o	B1.1. Estilo persoal positivo. B1.2. Trazos de personalidade. B1.3. Canalización de emocións.	B1.1. Utilizar a linguaxe para expresar as reflexións persoais e describirse dun modo axustado, autorregularse e relacionarse dun xeito positivo cos demais, resolvendo os problemas e os conflitos dun xeito pacífico; e expresar procedementos, deseñar e desenvolver proxectos axeitados aos intereses, necesidades e valores persoais de acordo co contexto.	B1.1.1. Expresa pensamentos, intencións e posicións cun estilo positivo e construtivo, destacando os logros e reformulando as dificultades como aspectos a mellorar.	CCL CSIEE
			B1.1.2. Emprega correctamente as estratexias de escoita activa ao relacionarse cos demais.	CSC
			B1.1.3. Emprega estratexias comunicativas asertivas que facilitan a resolución de conflitos de maneira dialogada.	CCL
		Bloque 2: Participación social		
b c d	B2.1. Respecto e dignidade persoal. B2.2. Interculturalidade. Interrelixiosidade. B2.3. Altruísmo. Condutas solidarias. B2.4. Conceptos básicos de dereito.	B2.1. Empregar o razoamento lóxico para prever as consecuencias positivas e negativas de diferentes cursos de acción; tomar decisións de xeito fundamentado e realizar xuízos éticos ou morais sen deixarse levar por prexuizos ou emocións e atendendo ás consecuencias da decisión.	B2.1.1. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha decisión antes de tomala, xerando alternativas persoais valiosas.	CSIEE
			B2.1.2. Infere correctamente o sentido das expresións e o estado emocional dos interlocutores cos que dialoga.	CCL
			B2.1.3. Resolve dilemas morais.	CAA
			B2.1.4. Recoñece e expresa mediante diagramas de fluxo ou redaccións as consecuencias dos prexuizos nas relacións interpersoais e na toma de decisións.	CCL



ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL. NIVEL II				
MÓDULO 2: O TRABALLO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: Intelixencia emocional			
a b e	B1.1. Resiliencia e reestruturación cognitiva. B1.2. Estratexias de resolución pacífica de conflitos. B1.3. Traballo en equipo. Afinidade e compenetración.	B1.1. Utilizar a linguaxe para expresar as reflexións persoais e describirse dun modo axustado, autorregularse e relacionarse dun xeito positivo cos demais, resolvendo os problemas e os conflitos dun xeito pacífico; e expresar procedementos, deseñar e desenvolver proxectos axeitados aos intereses, necesidades e valores persoais de acordo co contexto.	B1.1.1. É capaz de mediar para a resolución pacífica de conflitos cotiáns.	CCL CSIEE
			B1.1.2. Expresa pensamentos, intencións e posicións cun estilo positivo e construtivo, destacando os logros e reformulando as dificultades como aspectos a mellorar.	CCL
			B1.1.3. Emprega estratexias comunicativas asertivas que facilitan a resolución de conflitos de maneira dialogada.	CCL CSIEE
	Bloque 2: Iniciativa persoal			
a e f i p	B2.1. Toma de decisións. B2.2. Empregabilidade e empresa. B2.3. Entidades financeiras. B2.4. Autoemprego. B2.5. Ferramentas informáticas para a busca de emprego.	B2.1. Usar ferramentas dixitais que permitan consultar documentación oficial, acceder a prestacións sociais, buscar emprego ou anunciar a propia actividade profesional e facer un uso proveitoso da oferta de formación continua dispoñible para adultos.	B2.1.1. Realiza buscas en internet de actividades lúdicas e culturais que se están a ofertar na súa comunidade ou concello.	CD
			B2.1.2. Elabora anuncios curtos susceptibles de publicarse <i>online</i> empregando procesadores de texto.	
			B2.1.3. Accede a portais de emprego e recompila información sobre postos de traballo do seu interese.	
			B2.1.4. Obtén e contrasta a información asociada cos préstamos hipotecarios.	CD CMCCT
			B2.1.5. Valora as súas propias características e tenas en conta no proceso de busca de emprego	CSIEE CAA
			B2.1.6. É capaz de enfocar as súas capacidades de cara ás demandas laborais actuais.	



ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL NIVEL II				
MÓDULO 3: A VIDA EN COMUNIDADE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		Bloque 1: Participación social		
c e i	B1.1. Boletíns e publicacións oficiais. B1.2. Partidos e sindicatos.	B1.1. Comprender e respectar a diversidade da sociedade española, valorándoa como oportunidade de colaboración para obter beneficios colectivos; ter coñecementos básicos de dereito para comprender a regulación da sociedade e participar nos diferentes ámbitos sociais.	B1.1.1. Detecta a presenza de prexuízos en diversas situacións e razoa e explica as consecuencias negativas que poden ter.	CCL CSC
			B1.1.2. Expón oralmente o funcionamento básico dun sindicato, explicando as principais funcións, recursos e servizos que ofrecen aos traballadores que representan.	
			B1.1.3. Comprende e interpreta conceptos básicos de dereito.	
			B1.1.4. Coñece as funcións básicas dos partidos políticos e os sindicatos na democracia.	CSC
			B1.1.5. Comprende a relación de impostos, taxas e prezos públicos ligados aos servizos de natureza local, autonómica e estatal, asumindo a súa importancia para o mantemento da sociedade.	
		Bloque 2: Calidade de vida		
a e o	B2.1. Estilo de vida saudable. B2.2. Proxecto de vida familiar. B2.3. Planificación e organización familiar.	B2.1. Ser quen de elaborar proxectos de vida significativos, nos ámbitos persoal, familiar e laboral, con creatividade e iniciativa persoal para xerar novas oportunidades; e ter as competencias necesarias para adaptarse a circunstancias cambiantes, sosterse economicamente e manter a calidade de vida.	B2.1.1. Expón interpretacións dun problema ou conflito persoal e propón estratexias para transformar os aspectos negativos en oportunidades de cambio e mellora.	CCL CSC
			B2.1.2. Valora a flexibilidade cognitiva para superar problemas e razoa a importancia de identificar correctamente os propios obxectivos e as demandas do contexto.	CSC CAA



ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL NIVEL II				
MÓDULO 3: A VIDA EN COMUNIDADE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.4. Busca e oferta de actividades de ocio. B2.5. Relaciónes sociais. Amizade. B2.6. Apoio e redes sociais. B2.7. Adaptabilidade, flexibilidade e creatividade.		B2.1.3. Elabora axendas que recollen os intereses e plans de futuro dos membros da familia e os recursos e decisións necesarios para levalos a cabo. B2.1.4. Emprega estratexias de creación de ideas para propoñer plans e solucións a problemas e necesidades persoais, familiares ou laborais	CCL CSC CCL CAA



Anexo IB

EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Asemade, achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais, favorecendo a competencia plurilingüe e intercultural.

A aprendizaxe lingüística non pode ser un fin en si mesma; unha lingua non se aprende para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento do outro, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Deste xeito a lingua é non só unha parte importante da cultura senón tamén o medio de acceso ás manifestacións culturais e o instrumento co que a cultura se crea, se interpreta e se transmite.

O ámbito da comunicación, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e lingua estranxeira, presenta unha proposta integrada co obxecto de favorecer un tratamento metodolóxico conxunto de orientación comunicativa entre as diversas linguas. O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

Neste ámbito preséntase un estudo coordinado das dúas linguas oficiais para conseguir unha competencia plena en ambas as dúas, favorecer unha actitude positiva cara a elas, tendo en conta a situación social de minorización social da lingua propia, e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Existe unha serie de contidos que son transferibles entre as materias que integran a ámbito, como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas. Cómpre non esquecer, porén, a existencia de aspectos específicos de cada unha delas, dado que o obxectivo final é acadar a competencia lingüística do alumnado en ambas as dúas.

Os contidos do ámbito da comunicación fan referencia á comprensión, interpretación e expresión da linguaxe verbal; os recursos e as características da comunicación oral e escrita en diferentes situacións, con interlocutores e fins diversos; o coñecemento da lingua: as normas ortográficas, as clases de palabras, relacións sintácticas e semánticas, as variedades lingüísticas, os usos discursivos da linguaxe e a tipoloxía textual; os conceptos básicos da sociolingüística e o coñecemento da situación sociolingüística de Galicia; as etapas, os autores, as obras e os xéneros máis representativos das literaturas en lingua galega e en lingua castelá.

O ámbito da comunicación preséntase, en cadanseus módulos, dividido en cinco bloques:

O bloque 1 "Comunicación oral: escoitar e falar" atende ao uso oral das linguas galega e castelá. Nel procúrase que o alumnado adquira as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas



propias ideas, realizar discursos elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente, interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque 2 "Comunicación escrita: ler e escribir" persegue que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos, en lingua galega e en lingua castelá.

O bloque 3 "Funcionamento da lingua" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación e arrédase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque 4 "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora de todos os individuos. Asemade, incide na identificación e superación de prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos e os aplique á situación das linguas en Galicia.

O bloque 5 "Educación literaria" asume o obxectivo de facer do alumnado lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en lingua galega e en lingua castelá.

A organización e secuenciación dos contidos nos catro módulos realizouse tendo en conta que o currículo vai dirixido a persoas adultas de características diversas. Tivéronse en conta tres principios:

O nivel de dificultade dos mesmos, comezando coa tipoloxía textual que presenta un menor nivel de dificultade ou coa que o alumnado adulto está máis familiarizado.

A integración de contidos relativos aos cinco bloques temáticos. Canto á educación literaria, a introdución de contidos de historia literaria comeza nos módulos tres e catro. Destínase o módulo tres á historia das literaturas en lingua galega e en lingua castelá ata o século XX e o módulo catro á literatura dos séculos XX e XXI, por ser a máis próxima aos gustos do alumnado e a que mellor pode propiciar o desenvolvemento do aprecio pola lectura como fonte de coñecemento e pracer.

Reiteración en todos os módulos dos contidos que inciden na capacidade de lectura comprensiva e expresión oral e escrita do alumnado.

O ámbito da comunicación participa, como non podía ser doutro xeito, no desenvolvemento das competencias claves de educación secundaria.

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).

A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e co contexto comunicativos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

A linguaxe é, asemade, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.



COMPETENCIA DIXITAL (CD).

A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.

APRENDER A APRENDER (CAA).

O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionarios, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC).

Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.

A ensinanza das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).

Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.

Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC).

O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade, así como a erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

O tratamento dos contidos que integran o ámbito de comunicación ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten con estas competencias clave.



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar				
d e g h l	B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e da vida académica.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais dos medios de comunicación.	B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.	CCL CD CAA CSC CCEC
			B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais da vida cotiá.	
			B1.1.3. Extrae a intención comunicativa dos textos orais e escritos do ámbito académico, seguindo as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe, con progresiva autonomía.	
a g i	B1.2. Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.	B1.2. Identificar e extraer as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.	B1.2.1. Identifica e extrae as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.	CCL CAA
		B1.3. Identificar e seleccionar as ideas principais e as ideas secundarias do texto.	B1.3.1. Identifica e selecciona as ideas principais e secundarias dun texto.	
a c d g h i j	B1.3. Exposición oral de temas relacionados coa actividade académica ou outros feitos de interese.	B1.4. Expor temas relacionados coa actividade académica e con noticias do seu interese.	B1.4.1. Expón con claridade e orde temas relacionados coa actividade académica ou con noticias.	CCL CAA CSC
			B1.4.2. Utiliza no proceso diversos medios de rexistro de información (táboas, gráficos, esquemas...)	
a e l	B1.4. Coñecemento e utilización de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación	B1.5. Coñecer e aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación na produción de textos orais e escritos.	B1.5.1. Busca e selecciona información relevante procedente de distintas fontes: audiovisuais e dixitais.	CCL CD



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	como apoio ás producións.			
a g	B.1.5. Articulación clara, pronuncia adecuada e uso correcto das regras gramaticais na produción de textos orais curtos.	B.1.6. Valorar unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.	B.1.6.1. Valora e, de forma progresiva, desenvolve unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.	CCL
	B.1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correctas.	B.1.7. Valorar as producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correctas.	B.1.7.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. B.1.7.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	CCL CAA CSC
a b d e f g i	B.1.7. Participación activa en diálogos, debates e traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos compoñentes.	B.1.8. Participar activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos.	B.1.8.1. Participa activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos. B.1.8.2. Formula preguntas e realiza comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais. B.1.8.3. Respecta a quenda de palabra e usa as formas de cortesía. B.1.8.4. Respecta os argumentos dos demais, contrasta esa información e toma decisións.	
a b c d m n	B.1.8. Desenvolvemento de actitudes críticas ante os usos lingüísticos nos que están implícitos prexuízos de todo tipo.	B.1.9. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais e escritos. B.1.10. Analizar criticamente as mensaxes que impliquen calquera tipo de prexuízo ou sexan discriminatorias.	B.1.9.1. Recoñece a intencionalidade da persoa emisora a partir dos elementos contextuais. B.1.10.1. Identifica expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación. B.1.10.2. Evita o seu uso.	CCL CSC CCEC
c	B.1.9. Actitude	B.1.11. Coñecer, valorar e usar a lingua galega nas	B.1.11.1. Usa a lingua galega nos diferentes	CCL



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d m n	positiva e activa respecto á utilización da lingua galega nos intercambios orais.	intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	ámbitos de comunicación.	CD CAA CSC
			B1.11.2. Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega.	
			B1.11.3. Ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación.	
a e f g h i j	B.1.10. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.	B1.12. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais e informais, de forma individual ou en grupo.	B1.12.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais.	CCL CAA
			B1.12.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade.	
			B1.12.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.	
			B1.12.4. Incorpora progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais.	
			B1.12.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	
			B1.12.6. Recoñece e avalía erros (progresión na argumentación, pobreza léxica e incorreccións verbais).	
a e f g	B1.11. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	B1.13. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	B1.13.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	CCL CSC CSC
			B1.13.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a e g	B1.12. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos da lingua galega e aos signos de puntuación.	B1.14. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	B1.14.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	CCL CAA



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir				
a e g h	B2.1. Comprensión e interpretación das informacións máis relevantes de textos escritos da vida cotiá e dos medios de comunicación próximos aos intereses do alumnado.	B2.1. Comprender, interpretar textos da vida cotiá e dos medios de comunicación.	B2.1.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	CCL CAA CD CSC
			B2.1.2. Comprender, interpretar textos dos medios de comunicación.	
a e g h i	B2.2. Comprensión e interpretación de textos narrativos.	B2.2. Comprender e interpretar textos narrativos.	B2.2.1. Comprende e interpreta textos narrativos.	CCL CAA CSC
			B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe narrativa.	
a e g h i	B2.3. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos. A noticia.	B2.3. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A noticia.	B2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos (a noticia).	CCL CAA CD CSC CCEC
			B2.3.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe xornalística.	
g	B2.4. Comprensión e interpretación de anuncios publicitarios.	B2.4. Comprender e interpretar anuncios publicitarios.	B2.4.1. Comprende e interpreta anuncios publicitarios.	CCL
			B2.4.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe publicitaria.	
g	B2.5. Identificación da estrutura comunicativa das mensaxes escritas.	B2.5. Identificar a estrutura comunicativa das mensaxes escritas.	B2.5.1. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas.	CCL
g h j	B2.6. Análise pautada, síntese do contido, de textos escritos, en formato papel ou dixital, para a	B2.6. Analizar o contido de textos escritos e sintetizalo.	B2.6.1. Analiza o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas.	CCL CAA
			B2.6.2. Elabora esquemas coas ideas principais e secundarias.	
			B2.6.3. Sintetiza o contido de textos escritos.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	identificación das ideas principais e secundarias.		B2.6.4. Integra no resumo as ideas ou informacións do texto co apoio dun esquema previo.	
		B2.7. Utilizar estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.	B2.7.1. Utiliza estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.	
a e f g h i j	B2.7. Utilización de estratexias para a planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organizalas, elaborar unha primeira redacción, corrixi-la, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva, tanto en papel coma en soporte dixital.	B2.8. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, elaborar unha primeira redacción, corrixi-la, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.	B2.8.1. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas, organizaas e elabora un bosquejo. B2.8.2. Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. B2.8.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa. B2.8.4. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectadores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal. B2.8.5. Puntu-a o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). B2.8.6. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corrixeo (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva.	CCL CMCCT CD CSC CCEC



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a e f	B2.8. Procura o significado do léxico descoñecido promovendo o uso de dicionarios en papel ou dixitais.	B2.9. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información...	B2.9.1. Procura palabras en dicionarios (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais.	CCL CAA CD
	B2.9. Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e de modelos para a comprensión escrita.	B2.10. Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información.	B2.10.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o catálogo en liña (OPAC) das bibliotecas. B2.10.2. Busca información para ampliar e completar o contido da súa investigación a través de distintos recursos: revistas, artigos, enciclopedias e motores de busca especializados de internet.	
a e f g h	B2.10. Producción en formato papel ou dixital, de textos escritos da vida cotiá.	B2.11. Producir textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais, en formato papel ou dixital.	B2.11.1. Produce textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais (notas, cartas, avisos, mensaxes) en formato papel ou dixital.	CCL CAA CD CSC CCEC
	B2.11. Producción, en formato papel ou dixital, de textos escritos propios da vida académica.	B2.12. Producir textos da vida académica en formato papel ou dixital.	B2.12.1. Produce textos, en formato papel ou dixital, propios da vida académica.	
	B2.12. Producción, en formato papel ou dixital, de textos xornalísticos. A noticia.	B2.13. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.	B2.13.1. Produce textos xornalísticos (noticias), a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.	
	B2.13. Producción, en formato papel ou dixital, de textos narrativos.	B2.14. Producir textos narrativos, en formato papel ou dixital.	B2.14.1. Produce textos narrativos, en formato papel ou dixital.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a l	B2.14. Uso de técnicas de tratamento textual coas tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de texto, dicionarios, correctores...) tanto para a planificación como para a revisión e mellora do texto.	B2.15 Usar, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto.	B2.15.1. Usa, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto.	CCL CAA CD
a g h	B2.15. Interese pola presentación dos textos escritos, tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas utilizadas.	B2.16. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.	B2.16.1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico. B2.16.2. Presenta os traballos con limpeza e claridade. B2.16.3. O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía.	CCL CAA
a l	B2.16. Valoración da escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios.	B2.17. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e das experiencias.	B2.17.1. Valora a escrita como fonte de coñecemento académico e das experiencias.	CCL CSC CCEC
d m	B2.17. Actitude positiva e activa	B2.18. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita en lingua galega.	B2.18.1. Valora positivamente a produción escrita en lingua galega.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n	respecto da utilización da lingua galega nos textos escritos.		B2.18.2. Produce textos en lingua galega fóra do ámbito académico.	
a m n	B2.18. Toma de conciencia da importancia persoal e social do dominio dos textos escritos.	B2.19. Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.	B2.19.1. Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.	
a e	B2.19. Uso guiado de estratexias de autoavaliación e autocorrección do proceso de realización e dos resultados das producións orais e escritas.	B2.20. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora.	B2.20.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias.	CCL CAA
a c e	B2.20. Valoración da lingua e da comunicación como o medio para a comprensión doutros mundos e culturas e da propia persoa, para participar na sociedade plural e diversa do século XXI.	B2.21. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación na historia colectiva e individual	B2.21.1. Valora a lingua como o grande medio de comprensión e participación na historia colectiva e individual.	CCL CSC CCEC



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3: Funcionamento da lingua				
g h	B3.1. Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre a comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, tendo en conta o papel que desenvolven as normas sociocomunicativas e a linguaxe prosódica e a non verbal na comunicación oral.	B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita.	B3.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita.	CCL
		B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.	B3.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.	
a g	B3.2. Elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.	B3.3. Recoñecer, explicar e usar os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.	B3.3.1. Recoñece, explica e usa os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.	
	B3.3. Adecuación dos textos aos rexistros coloquial ou formal, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.	B3.4. Construír textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.	B3.4.1. Constrúe, con progresiva independencia, textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.	
	B3.4. Recoñecemento do sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da lingua galega.	B3.5. Recoñecer o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da lingua galega.	B3.5.1. Recoñece o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. B3.5.2. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g h	B3.5. Recoñecemento do parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.	B3.6. Recoñecer o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.	B3.6.1. Recoñece o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.	
	B3.6. Recoñecemento e uso das normas ortográficas.	B3.7. Recoñecer e aplicar as normas de ortografía.	B3.7.1. Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas).	
			B3.7.2. Recoñece e aplica as normas de uso do B e do V.	
			B3.7.3. Recoñece e aplica as normas de uso do H.	
	B3.7. Recoñecemento da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato.	B3.8. Recoñecer e aplicar as normas da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato.	B3.8.1. Recoñece e aplica as normas da separación en sílabas da palabra.	
			B3.8.2. Recoñece ditongos, tritongos e hiatos.	
a l	B3.8. Iniciación ao uso de correctores ortográficos dos procesadores de texto.	B3.9. Usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.	B3.9.1. Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.	CCL CD CAA
g h	B3.9. Recoñecemento das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes persoais tónicos.	B3.10. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: substantivos, adxectivos, determinantes e pronome persoal tónico.	B3.10.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes e pronome persoal) nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros.	CCL



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.10. Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.	B3.11. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.	B3.11.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, e utiliza este coñecemento para corrixir erros.	
	B3.11. Comprensión e utilización dunha terminoloxía lingüística básica.	B3.12. Coñecer e usar unha terminoloxía básica.	B3.12.1. Coñece e usa unha terminoloxía básica.	
a g h i	B3.12. Coñecemento de expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas.	B3.13. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos do contorno inmediato, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas.	B3.13.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	
a g h	B3.13. Coñecemento, construción e utilización de oracións simples: enunciativa, interrogativa, desiderativa, dubitativa exclamativa e imperativa.	B3.14. Coñecer, construír e utilizar as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa.	B3.14.1. Recoñece e utiliza as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa en relación coa intención comunicativa do emisor.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a g h i	B3.14. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras. Recoñecemento da sinonimia, a antonimia e a polisemia.	B3.15. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.	B3.15.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.	



Obxectivos	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1			Competencias clave
	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
	Bloque 4: Lingua e sociedade			
a d m n	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura.	CCL CSC CCEC
	B4.2. O plurilingüismo: riqueza cultural individual e comunitaria.	B4.2. Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión de riqueza tanto para o propio individuo como para a humanidade.	B4.2.1. Coñece a diversidade de linguas que se falan no mundo, en Europa e na Península Ibérica e valora a riqueza desta diversidade lingüística.	
	B4.3. As linguas de España.	B4.3. Coñecer as linguas de España.	B4.3.1. Coñece as linguas que se falan en España.	
	B4.4. O galego e o portugués.	B4.4. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que o integran.	B4.4.1. Coñece os trazos evolutivos do galego-portugués desde o medievo até a actualidade. B4.4.2. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.	
	B4.5. Análise da situación sociolingüística do seu ámbito familiar, do centro educativo e da súa cidade.	B4.5. Coñecer e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos seus ámbitos familiares, escolares e do lugar onde viven.	B4.5.1. Coñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise dos ámbitos que a rodean.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.6. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de normalización da lingua galega, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.6. Adquirir vínculos positivos cara ao uso da lingua galega e asumir a importancia da contribución individual e colectiva no desenvolvemento do idioma.	B4.6.1. Analiza a súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e colectivamente á normalización da lingua galega.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 5: Educación literaria			
a d g h m n	B5.1. Lectura autónoma ou guiada de obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimilación os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	B5.1. Ler de forma autónoma ou guiada obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	B5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector.	CCL CAA CSC CCEC
			B5.1.2. Expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada aos seus gustos.	
			B5.1.3. Relaciona o sentido da obra coa propia experiencia e con outros coñecementos adquiridos.	
			B5.1.4. Asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	
	B5.2 Lectura comentada de contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa tradición cultural, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función.	B5.2. Ler contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa tradición cultural, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función.	B5.2.1. Le contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa tradición cultural.	
			B5.2.2. Recoñece os elementos básicos do relato literario e a súa función.	
a d g h	B5.3 Lectura comentada e dramatizada de obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.	B5.3. Ler dramatizando obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.	B5.3.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis salientables.	
a g h	B5.4. Lectura, análise e uso doutras linguaxes estéticas: o cómic...	B5.4. Ler e analizar outras linguaxes estéticas: o cómic...	B5.4.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B5.4.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.	
	B5.5. Diferenciación dos grandes xéneros literarios e recoñecemento das súas características a partir da lectura.	B5.5. Diferenciar os grandes xéneros literarios e recoñecer as súas características a partir da lectura.	B5.5.1. Diferencia os grandes xéneros literarios e recoñece as súas características a partir da lectura.	
a d m n	B5.6. Aprecio da literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.	B5.6. Valorar a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.	B5.6.1. Valora a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.	
a g h	B5.7. Producción, previa planificación, de textos con intención literaria.	B5.7. Producir textos sinxelos de intención literaria.	B5.7.1. Produce, previa planificación, textos con intención literaria.	
	B5.8. Coñecemento e uso de estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.	B5.8. Coñecer e usar as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.	B5.8.1. Coñece e usa as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.	
a g	B5.9. Audición e recitado de poemas.	B5.9. Oír e recitar poemas. Valorar a estética poética.	B5.9.1. Realiza audicións de poemas recitados ou cantados.	
a f	B5.10. Utilización dirixida da biblioteca escolar, das bibliotecas municipais, bibliotecas virtuais e webs para o fomento e orientación da lectura.	B5.10. Utilizar, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.	B5.10.1. Utiliza, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a f	B5.11. Desenvolvemento progresivo da autonomía lectora e da consideración da lectura como fonte de coñecemento do mundo e da persoa.	B5.11. Coñecer e valorar a lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo.	B5.11.1. Recoñece o valor da lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo.	
	B5.12. Valora a lectura como fonte de pracer.	B5.12. Valorar a lectura como fonte de pracer.	B5.12.1. Goza coa lectura de textos literarios.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar				
h o	B1.4. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas e planificadas con apoio das tecnoloxía da información e da comunicación, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.4. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.4.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC
b h	B1.5. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.5. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	B1.5.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros de fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	CCL CCA
h o	B1.6. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.	B1.6. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.	B1.6.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CSC CCA CSIEE



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir				
b f h	B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos	B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).	CCL CCA
			B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	CCL
			B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	
			B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	
			B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	CCL CAA
d e h d	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.	B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.	B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	CCL
			B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	CCL CSC
	B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	CCL CD



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.		B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	CCL
	B2.4. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.4. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.4.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. B2.4.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	CCL CSC
	B2.5. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.5. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.5.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). B2.5.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	
c d h	B2.6. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.	B2.6. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	B2.6.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. B2.6.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	CCL CSC
b f h	B2.7. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo	B2.7. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	B2.7.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	CCL



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	(planificación, organización, redacción e revisión).		B2.7.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectadores e outros elementos de cohesión.	
			B2.7.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.	CCL CD
			B2.7.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	CCL
b e h	B2.8. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, xurídico, administrativo e comercial.	B2.8. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, xurídico, administrativos e comerciais.	B2.8.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	CCL CD CSC
	B2.9. Producción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.9. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.9.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	
d h	B2.10. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.	B2.10. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.	B2.10.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CSC CCEC



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3: Funcionamento da lingua				
b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	CCL CAA
			B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	
b e i	B3.2. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.	B3.2. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.	B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	CCL
			B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	
			B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	
a d e	B3.3. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).	B3.3. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	B3.2.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	CCL CAA
			B3.3.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao fonema /n/ velar.	
b e	B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.4. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.	CCL
			B3.4.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e	B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.	B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.	B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.	
b e	B3.6. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.	B3.6. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.	B3.6.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	CCL CAA
			B3.6.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	CCL
			B3.6.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica.	
			B3.6.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.	
			B3.6.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	
e h	B3.7. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectadores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e conclusión, e mais dos mecanismos de cohesión textual.	B3.7. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	B3.7.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	CCL CAA
e	B3.8. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e o vínculo e progresión temáticos en textos alleos e propios, e elaboración de	B3.8. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, o vínculo e progresión temáticos, e elabora textos de acordo con estes parámetros.	B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	CCL
			B3.8.2. Xustifica con argumentos a división en parágrafos de textos propios e alleos.	CCL CAA
			B3.8.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.	CCL



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	textos de acordo con estes parámetros.		B3.8.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	
b e	B3.9. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.	B3.9. Xustifica a adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.	B3.9.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	CCL CAA
			B3.9.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	CCL
b e h	B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
b e	B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4: Lingua e sociedade				
m n	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	CCL CCEC
	B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	B4.2. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	B4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.	CCL
	B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	B4.3. Coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	B4.3.1. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	CCL CSC
	B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.	B4.4. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.	B4.4.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	CCL CSC
	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación da lingua galega. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.5. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	B4.4.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	
			B4.5.1. Identifica os procedementos de normalización.	CCL
			B4.5.2. Distingue normativización e normalización.	CCL CSC
			B4.5.3. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	
	B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega	B4.6. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos	B4.6.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	CCL



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	desde 1916 ata a actualidade.	feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.	B4.6.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC
	B4.7. Prexuízos lingüísticos.	B4.7 Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	B4.7.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos.	CCL CSC
	B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. Recoñecemento das interferencias máis habituais.	B4.8. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Recoñecer interferencias habituais.	B4.8.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. B4.8.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. B4.8.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais. B4.8.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. B4.8.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	CCL CCL CCL CSC



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5: Educación literaria.				
h j	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	CCL
			B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
	B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.2. Ler e comentar de xeito autónomo obras representativas das literaturas en galego e en español do século XX e XXI e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	B5.2.1. Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	
			B5.2.2. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	
	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, escoitar audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
			B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b h j	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
e h j	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula. B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	CCL CCEC CCL CCEC



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1: Comprensión oral				
a b c e f g i n	B1.1. Estratexias de comprensión. – Identificación do tipo textual, adaptando a súa comprensión ao mesmo. – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación que dan lugar a inferencias de significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. – Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita coa axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	B1.1.1. Aplica as estratexias de escoita activa para a comprensión (global ou específica) das mensaxes recibidas sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.	CCL CAA CSC CCEC CD
	B1.2. Aspectos socioculturais e	B1.2. Identificar o sentido xeral, a información	B1.2.1. Comprende mensaxes orais breves	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	sociolingüísticos. – Recoñecemento de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais moi breves e sinxelos nun rexistro estándar e informal, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e a velocidade lenta e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non dificulten a mensaxe, se poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación e se conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.	e instrucións relacionadas coa actividade de aula. B1.2.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios ou datas nunha estación ou nuns grandes almacéns). B1.2.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos, saúdos e presentacións). B1.2.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (saúdos e presentacións, diálogos en lugares públicos: oficinas de información, comercios, restaurantes, farmacias e hospitais, estacións ou aeroportos). B1.2.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que tratan sobre a súa contorna persoal: a familia, os amigos, o traballo, o tempo libre, a descrición de obxectos e lugares. B1.2.6. Comprende as ideas principais de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (p. e. lecer, familia, fogar, deporte etc.) e sobre aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro.	
	B1.3. Funcións comunicativas. Comprensión de textos orais onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos e invitacións. – Expresión de información persoal e gustos. – Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos e hábitos. – Narración de feitos presentes. – Petición e ofrecemento de información, de permiso e de axuda. – Indicación de instrucións.	B1.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.	B1.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	
	B1.4. Estructuras sintáctico-discursivas.*	B1.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información ou unha orde) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).	B1.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais directas ou recibidas mediante formato electrónico.	
	B1.5. Léxico oral moi básico de uso común (recepción) relativo á identificación persoal;	B1.5. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral (p. e. estrutura	B1.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	interrogativa para demandar información).	de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B1.6. Recoñecemento de patróns sonoros e acentuais moi básicos de palabras e do ritmo e a entoación de frases.	B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	B1.6.1. Recoñece un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	
		B1.7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.	B1.7.1. Identifica patróns fonéticos e de entoación moi básicos e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 2: Expresión oral			
a b c e f g i n	B2.1. Estratexias de produción: – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa apropiadamente e adecuando o texto ao destinatario, ao contexto e á canle. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción (segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas) ou sobre elementos lingüísticos previamente asimilados. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para producir textos orais moi breves e sinxelos, empregando p. e., fórmulas e linguaxe “prefabricada” ou expresións memorizadas, ou apoiando con acenos o que se quere expresar.	B2.1.1. Emprega estratexias de comunicación básicas para producir textos orais breves e para participar en conversas, amosando interese e comprensión e empregando estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.	CCL CAA CSC CCEC CD



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Uso de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	B2.2. Producir textos monolóxicos moi breves e doados sobre temas cotiáns ou do seu interese e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira e participar de xeito simple e comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un/ha mesmo/a, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectadores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e vacilacións e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.	B2.2.1. Realiza presentacións e proxectos breves e sinxelos, previamente preparados e ensaiados, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e o seu contorno; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas. B2.2.2. Desenvólvese en accións comunicativas cotiás básicas (p. e. saudar e dar información persoal, comprar ou comer nun restaurante, pedir medicinas na farmacia, dicir no hospital o que lle doe, rexistrarse nun hotel, comprar un billete de metro...).	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B2.2.3. Participa en entrevistas e en conversacións cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, videoconferencia) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), intercámbiase información persoal e sobre asuntos cotiáns, exprésanse sentimentos, ofrécese algo a alguén, pídesse prestado algo, quédase con amizades ou danse instrucións.	
	B2.3. Funcións comunicativas. Produción de textos orais onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos e invitacións. – Expresión de información persoal e gustos. – Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos e hábitos. – Narración de feitos presentes. – Petición e ofrecemento de información, de permiso e de axuda. –Indicación de instrucións.	B2.3. Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorno), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, respectando as convencións comunicativas máis elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.	B2.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.4. Estructuras sintáctico-discursivas.*	B2.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo (p. e. unha felicitación, un intercambio de información ou un ofrecemento), empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).	B2.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.	
	B2.5. Léxico oral moi básico de uso común (producción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.	B2.5. Mostrar control sobre estruturas sintácticas básicas (p. e., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectadores básicos como “e”, “entón”, “mais” ou “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.	B2.5.1. Comunica con eficacia, empregando adecuadamente estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B2.6. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación moi básicos. Uso de patróns moi básicos de	B2.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.	B2.6.1. Emprega un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. Pronunciación e entoación aceptables, con clara influencia da lingua materna, que aínda contendo erros e imprecisións, non impidan a comunicación ou a comprensión, en interaccións orais, dramatizacións e lectura en voz alta.	B2.7. Articular, de xeito comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.	B2.7.1. Exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación e pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 3: Comprensión escrita			
b c e f g i n	B3.1. Estratexias de comprensión: – Mobilización da información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira etc. – Identificación do tipo de lectura demandada pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. – Uso progresivo de dicionarios (en papel e dixitais) e das	B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto e polo apoio visual, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo os trazos básicos e o contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.	CCL CAA CSC CCEC CD



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	tecnoloxías da información e da comunicación como medio de consulta e aprendizaxe.			
	B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	B3.2. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata ou que versen sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, se poida consultar un dicionario e se conte con apoio visual e contextual.	B3.2.1. Comprende instrucións, indicacións e información básica en notas e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cines, museos, centros educativos e outros lugares públicos. B3.2.2. Capta a información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo e breve como menús, horarios, catálogos, listaxes de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos etc. B3.2.3. Comprende correspondencia (mensaxes, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, p. e., un mesmo, a familia, o centro educativo, o traballo, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. B3.2.4. Entende o esencial e os puntos principais de noticias e artigos breves en xornais e revistas, en páxinas web e noutros materiais de referencia previamente seleccionados, que traten temas adecuados ao seu nivel, que lle sexan familiares ou sexan do seu interese e nos que os	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			números, os nomes, as ilustracións e os títulos compoñen grande parte da mensaxe. B3.2.5. Comprende o esencial de historias breves, sinxelas, ben estruturadas e adecuadas ao seu nivel e identifica os personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción condúzan grande parte do argumento (cómic, relatos breves ou lecturas adaptadas).	
	B3.3. Funcións comunicativas. Comprensión de textos escritos onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos, invitacións. – Expresión de información persoal e gustos. – Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos e hábitos. – Narración de feitos presentes. – Petición e ofrecemento de información, de permiso e de axuda. – Indicación de instrucións.	B3.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorno), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.	B3.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	
	B3.4. Estruturas sintáctico-discursivas.*	B3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha felicitación, unha demanda de información, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e	B3.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes escritas en calquera formato.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).		
	B3.5. Léxico escrito moi básico de uso común (recepción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	B3.5. Aplicar á comprensión do texto o coñecemento dos constituíntes e as estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita, así como os seus significados asociados (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).	B3.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B3.6. Patróns gráficos e convencións ortográficas básicas: – Observación e análise progresiva da ortografía e a puntuación, así como do coidado na presentación dos textos. – Valoración da súa importancia na comunicación escrita.	B3.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	B3.6.1. Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		B3.7. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p.e., punto, coma), así como os símbolos de uso común (p.e., €, @, &, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.	B3.7.1. Recoñece algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4: Expresión escrita			
a b c e f g i n	B4.1. Estratexias de produción. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos de texto e elementos lingüísticos previamente asimilados. – Uso axeitado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.). – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto, mediante a elaboración previa dun borrador para unha correcta estruturación do contido do texto en parágrafos, unha posterior revisión, na que se identificarán erros e problemas e unha reescritura definitiva, na que se coidará a presentación do texto.	B4.1. Coñecer e aplicar as estratexias básicas adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo unha idea principal en cada parágrafo etc.).	B4.1.1. Desenvolve estratexias estruturadas de composición, seguindo modelos propios de cada tipo de texto, elaborando un borrador previo, empregando dicionarios impresos ou <i>online</i> e correctores ortográficos e realizando unha revisión final. B4.1.2. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para matricularse nun curso, rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	CCL CAA CSC CCEC CD



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Uso de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal (símbolos, iconas...) elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	B4.2. Elaborar, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, para falar de si mesmo, da súa contorno máis inmediata, de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles, ou para falar sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira	B4.2.1. Escribe correspondencia persoal breve, simple e cun guión sinxelo (mensaxes, notas, postais, correos, <i>chats</i> ou SMS) na que dá as grazas, dálle o parabén a alguén, fai unha invitación, dá instrucións ou fala de si mesmo e do seu contorno inmediata (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares) e formula preguntas relativas a estes temas. B4.2.2. Elabora presentacións e proxectos breves e sinxelos (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e o seu contorno; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e manifestar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.3. Funcións comunicativas. Produción de textos escritos onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos, invitacións. – Expresión de información persoal e gustos. – Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos e hábitos. – Narración de feitos presentes. – Petición e ofrecemento de información, de permiso e de axuda. – Indicación de instrucións.	B4.3. Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos dos países onde se fala a lingua estranxeira adquiridos (p.e., as convencións sobre o inicio e o peche dunha carta dirixida a persoas coñecidas), identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.	B4.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	
	B4.4. Estruturas sintáctico-discursivas.*	B4.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo (p.e., unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p.e., inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).	B4.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.5. Léxico escrito moi básico de uso común (produción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	B4.5. Mostrar control sobre estruturas sintácticas básicas (p. e., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectadores básicos como “e”, “entón”, “mais” ou “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.	B4.5.1. Elabora textos breves e sinxelos, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B4.6. Patróns gráficos e convencións ortográficas básicas: – Corrección progresiva na ortografía e na puntuación e coidado na presentación dos textos. – Valoración da súa importancia na comunicación escrita.	B4.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades. B4.7. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se empregan regularmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	B4.6.1. Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo. B4.7.1. Aмосa interese pola boa presentación dos textos escritos e aplica, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas, así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.	



* Estruturas sintáctico-discursiva no idioma inglés

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because*).
- Relacións temporais (*when; before; after*).
- Afirmación (*affirmative sentences; Yes (+ tag)*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no (Adj.); No (+ negative tag)*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. questions*).
- Expresión do tempo: presente (*simple present*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); permiso (*can*); obriga (*imperative*).
- Expresión da existencia: (*there is / are*); a entidade (*nouns and pronouns, articles, demonstratives*); a calidade ((*very +*) *Adj.*).
- Expresión de posesión: (*have got, possessive adjectives, possessive 's*).
- Expresión da cantidade: (*singular / plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits*).
- Expresión do espazo: (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo: (*points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow morning) of time; anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then); simultaneousness (at the same time); frequency (e. g. sometimes, on Sundays)*).
- Expresión do modo: (*Adv. of manner, e. g. slowly, well*).

Estruturas sintáctico-discursivas no idioma francés

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*parce que*).
- Relacións temporais (*quand*).
- Afirmación (*phrases affirmatives; Oui (+ question de reprise)*).
- Negación (*phrases negatives avec ne...pas, jamais*).
- Interrogación (*interrogation partielle; phrase auxiliaire*).
- Expresión do tempo: *present*.
- Expresión do aspecto: puntual (*temps simple*); habitual (*temps simple (+ Adv., p. ex.: toujours, tous les jours)*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*pouvoir*); obriga imperatíf: permiso (*est-ce qu'on peut... ?*).
- Expresión da existencia: (*c'est / ce sont, il y a*); a entidade (*noms et pronoms, articles, démonstratifs*); a calidade ((*très+*) *Adj.*).
- Expresión da posesión: (*avoir, c'est à /ce sont à, possessifs*).
- Expresión da cantidade: (*singulier/pluriel; nombres cardinaux jusqu'à 1000; Nombres ordinaux jusqu'à deux chiffres*).
- Expresión do espazo: (*prépositions et adverbs de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: *l'heure (p. ex. Cinq heures et quart); divisions (p. ex.: Une demi-heure, été), et indications de temps (p. ex.: maintenant, demain (le matin); antériorité (avant); postériorité (après); simultanéité (au même temps); fréquence (p. ex.: parfois, le Dimanche)*).
- Expresión do modo: (*Adv. de manière, p. ex. lentement, bien*).



Estruturas sintáctico-discursivas no idioma portugués

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*e*); disxunción (*ou*); oposición (*mas*); causa (*porque*).
- Relacións temporais (*quando; antes; depois*).
- Afirmación (*frases afirmativas; Sim + frase*).
- Negación (*frases negativas; com não, nunca (Adjetivo); Não (+ frase negativa)*).
- Interrogación (*quem; (o) que; qual; onde; de quem; quanto; como; porquê; Pergunta auxiliar*).
- Expresión do tempo: presente (*presente*).
- Expresión do aspecto: puntual (*presente*); habitual (*presente (+ Advérbio., p. ex.: sempre, geralmente)*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*frases declarativas*); capacidade (*posso; pode; é capaz de*); obriga (*imperativo*); permiso (*posso; pode*).
- Expresión da existencia: (*ter/haver*); a entidade (*substantivos; pronomes; artigos; demonstrativos*); a calidade (*((muito +) Adj.)*).
- Expresión da posesión: (*ter*).
- Expresión da cantidade: (*singular / plural; cardinais até quatro dígitos; ordinais até quatro dígitos*).
- Expresión do espazo: (*preposições e locuções prepositivas de lugar, distância, movimento, direção e origem*).
- Expresión do tempo: (*horas (p. ex.: dez menos um quarto), divisões (p. ex.: meia hora; verão) e indicações (p. ex.: agora; amanhã) de tempo; duração (p. e. durante dois dias); anterioridade (antes); posterioridade (depois); seqüência (primeiro... em seguida); simultaneidade (ao mesmo tempo); frequência (p. e. às vezes; aos domingos)*).
- Expresión do modo: (*Adv. de maneira, p. ex.: lentamente, bem*).



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1: Comprensión oral				
a b c e f g i n	B1.1. Estratexias de comprensión. – Identificación do tipo textual, adaptando a súa comprensión ao mesmo. – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación que dan lugar a inferencias de significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. – Perseveranza no logro da comprensión oral, volvendo escoitar o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita coa axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	B1.1.1. Aplica as estratexias de escoita activa para a comprensión (global ou específica) das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.	CCL CAA CSC CCEC CD



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais moi breves e sinxelos, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro informal e estándar, e que versen sobre asuntos habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non dificulten a mensaxe, se poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación e se conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.	B1.2.1. Capta os puntos principais e detalles relevantes de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (p.e. cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun hotel...), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. B1.2.2. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás sinxelas e estruturadas (p.e. en hoteis, tendas, restaurantes, farmacias e consulta do doutor, estacións e aeroportos, centros de lecer, de estudos ou traballo). B1.2.3. Comprende, nunha conversación informal, descripcións e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o dito. B1.2.4. Comprende as ideas principais de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (p.e. lecer, familia, fogar, deporte, etc.) e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.3. Funcións comunicativas. Comprensión de textos orais onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Descrición de estados e situacións presentes. – Petición e ofrecemento de información, indicacións e opinións. – Expresión da vontade, da orde, do coñecemento e a certeza, da autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción e os seus contrarios. – Establecemento e mantemento da comunicación e a organización do discurso.	B1.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorno), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.	B1.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.4. Estructuras sintáctico-discursivas.*	B1.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información ou unha orde) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).	B1.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais directas ou recibidas mediante formato electrónico.	
	B1.5. Léxico oral moi básico de uso común (recepción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.5. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral.	B1.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B1.6. Recoñecemento de patróns sonoros e acentuais moi básicos de palabras e do ritmo e a entoación de frases.	B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a asuntos cotiáns e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias, estudos e ocupacións.	B1.6.1. Recoñece un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		B1.7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.	B1.7.1. Identifica patróns fonéticos e de entoación moi básicos e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2: Expresión oral				
a b c e f g i n	B2.1. Estratexias de produción: – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa apropiadamente e adecuando o texto ao destinatario, ao contexto e á canle. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción e elementos lingüísticos previamente asimilados. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis axeitadas para producir monólogos ou diálogos breves e de estrutura simple e clara, empregando, entre outros, fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua, ou o uso de elementos léxicos aproximados se non se dispón doutros máis precisos.	B2.1.1. Emprega estratexias de comunicación básicas para producir textos orais breves e para participar en conversas, amosando interese e comprensión e empregando estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.	CCL CAA CSC CCEC CD
	B2.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Uso de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións;	B2.2. Producir textos monolóxicos breves e comprensibles sobre temas cotiáns ou do seu interese e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira e relacionarse de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e se intercambia información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, e se	B2.2.1. Realiza presentacións e proxectos breves e sinxelos, previamente preparados e ensaiados, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns e do seu interese ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas. B2.2.2. Desenvólvese con expresións básicas en xestións e transaccións cotiás sinxelas, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras, a saúde e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	xustifican brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita a mensaxe.	B2.2.3. Participa en conversacións informais cara a cara, por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información, fai invites e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións.	
	B2.3. Funcións comunicativas. Produción de textos orais onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Descrición de estados e situacións presentes. – Petición e ofrecemento de información, indicacións e opinións. – Expresión da vontade, da orde, do coñecemento e a certeza, da autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción e os seus contrarios. – Establecemento e mantemento da comunicación e a organización do discurso.	B2.3. Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorno), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, respectando as convencións comunicativas máis elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.	B2.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2 Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.4. Estruturas sintáctico-discursivas.*	B2.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e dos patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo.	B2.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos máis frecuentes para o propósito comunicativo.	
	B2.5. Léxico oral moi básico de uso común (produción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	B2.5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas básicas de uso habitual, aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.	B2.5.1. Comunica con eficacia, empregando adecuadamente estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B2.6. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación moi básicos:	B2.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais.	B2.6.1. Emprega un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	– Uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. – Pronunciación e entoación aceptables, que aínda contendo erros e imprecisións, non impidan a comunicación ou a comprensión, en interaccións orais, dramatizacións e lectura en voz alta.	B2.7. Pronunciar e entoar de xeito intelixible, pero con evidente influencia da primeira lingua, aínda que se cometan erros de pronunciación sempre que non interrompan a comunicación, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	B2.7.1. Exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación e pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 3: Comprensión escrita			
a b c e f g i n	B3.1. Estratexias de comprensión: – Mobilización da información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandada pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. – Uso progresivo de dicionarios (en papel e dixitais) e das tecnoloxías da información e da comunicación como medio de consulta e aprendizaxe.	B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto e polo apoio visual, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo os trazos básicos e o contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.	CCL CAA CSC CCEC CD



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos. – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	B3.2. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos en lingua estándar ou nun rexistro informal, que traten de asuntos cotiáns ou do seu interese e de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.	B3.2.1. Capta a información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo e breve como notas e carteis en lugares públicos, menús, horarios, catálogos, listaxes de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos etc. B3.2.2. Comprende correspondencia persoal breve e sinxela, en calquera formato, na que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos e lugares; se narran acontecementos presentes e se expresan sentimentos e desexos sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. B3.2.3. Entende o esencial e os puntos principais de noticias e artigos breves en xornais e revistas, en páxinas web e noutros materiais de referencia previamente seleccionados, que traten temas adecuados ao seu nivel, que lle sexan familiares ou sexan do seu interese e nos que os números, os nomes, as ilustracións e os títulos compoñen grande parte da mensaxe. B3.2.4. Comprende o esencial de historias breves, sinxelas, ben estruturadas e adecuadas ao seu nivel e identifica os personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento (cómic, relatos breves ou lecturas adaptadas).	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.3. Funcións comunicativas. Comprensión de textos escritos onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Descrición de estados e situacións presentes. – Petición e ofrecemento de información, indicacións e opinións. – Expresión da vontade, da orde, do coñecemento e a certeza, da autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción e os seus contrarios. – Establecemento e mantemento da comunicación e a organización do discurso.	B3.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.	B3.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	
	B3.4. Estruturas sintáctico-discursivas.*	B3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como dos patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e peche do texto).	B3.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes escritas en calquera formato.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2 Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.5. Léxico escrito moi básico de uso común (recepción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	B3.5. Aplicar á comprensión do texto o coñecemento dos constituíntes e as estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita, así como os seus significados asociados.	B3.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B3.6. Patróns gráficos e convencións ortográficas básicas: – Observación e análise progresiva da ortografía e a puntuación, así como do coidado na presentación dos textos. – Valoración da súa importancia na comunicación escrita.	B3.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias, estudos e ocupacións. B3.7. Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. e., &, €, @, £), e os seus significados asociados.	B3.6.1. Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo. B3.7.1. Recoñece algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4: Expresión escrita			
a b c e f g i n	B4.1. Estratexias de produción. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos de texto e elementos lingüísticos previamente asimilados. – Uso axeitado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda, etc.). – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto, mediante a elaboración previa dun borrador para unha correcta estruturación do contido do texto en parágrafos, unha posterior revisión, na que se identificarán erros e problemas e unha reescritura definitiva, na que se coidará a presentación do texto.	B4.1. Coñecer e aplicar as estratexias básicas adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo unha idea principal en cada parágrafo etc.).	B4.1.1. Desenvolve estratexias estruturadas de composición, seguindo modelos propios de cada tipo de texto, elaborando un borrador previo, empregando dicionarios impresos ou <i>online</i> e correctores ortográficos e realizando unha revisión final.	CCL CAA CSC CCEC CD
	B4.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos. – Uso de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal (símbolos, iconas) elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas	B4.2. Elaborar, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, nun rexistro informal e estándar.	B4.2.1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións (p. e. para inscribirse nun ximnasio, matricularse nun obradoiro ou curso). B4.2.2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, <i>chats</i>), nos que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.		B4.2.3. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves (p.e. en Twitter ou Facebook) relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal, respectando as convencións e normas de cortesía e da “<i>netiqueta</i>”. B4.2.4. Elabora textos e presentacións ou proxectos breves e sinxelos (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas doadas e básicas. B4.2.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (p. e., con amizades e colegas de traballo noutros países), se intercambia información, se fala de temas cotiáns ou do seu interese ou se dan instrucións e indicacións.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.3. Funcións comunicativas. Produción de textos escritos onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Descrición de estados e situacións presentes. – Petición e ofrecemento de información, indicacións e opinións. – Expresión da vontade, da orde, do coñecemento e a certeza, da autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción e os seus contrarios. – Establecemento e mantemento da comunicación e a organización do discurso.	B4.3. Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos dos países onde se fala a lingua estranxeira adquiridos (p. e. as convencións sobre o inicio e o peche dunha carta a persoas coñecidas), identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.	B4.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	
	B4.4. Estructuras sintáctico-discursivas.*	B4.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes e dos patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo.	B4.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 2			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.5. Léxico escrito moi básico de uso común (producción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	B4.5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.	B4.5.1. Elabora textos breves e sinxelos, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B4.6. Padróns gráficos e convencións ortográficas básicas: – Corrección progresiva na ortografía e na puntuación e coidado na presentación dos textos. – Valoración da súa importancia na comunicación escrita.	B4.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais. 4.7. Aplicar padróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se empregan regularmente ao falar pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	B4.6.1. Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo. 4.7.1. Aмосa interese pola boa presentación dos textos escritos e aplica, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas, así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.	



Estruturas sintáctico- discursivas no idioma inglés

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because*); comparación (*as/not so Adj. as; more comfortable/quickly than*); resultado (*so...*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags*).
- Exclamación (*What + Art+ Adj. + Noun*), e. g. *What a wonderful holiday!*; (*How + Adj.*), e. g.: *How interesting!*).
- Negación (*Negative sentences with not, never, no (Adj.)*), *nobody, nothing*; *negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions*).
- Expresión do tempo: presente (*simple and continuous*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g.: usually)*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade / posibilidade / permiso (*can*); obriga (*imperative*); intención (*present continuous*); ofrecementos e invitacións (*would*).
- Expresión da cantidade: (*singular / plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g.: all (the), some, any*).
- Expresión do espazo: (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo: (*points (e. g.: five to (ten)); divisions (e. g.: century; season), and indications (early; late) of time; duration (from...to; during; until). posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); frequency (e. g.: often, usually)*).
- Expresión do modo: (*Adv. and phrases of manner, e. g.: easily; by post*).

Estruturas sintáctico-discursivas no idioma francés

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*parce que*), comparación (*plus/moins/aussi...que*), résultat (*donc...*).
- Afirmación (*phrases affirmatives; questions de reprise*).
- Exclamación (*Que/quelle/quel + Adj. + nom, p. ex. Quelle jolie fleur!*; *Comme + Adj., p. ex.: Comme c'est intéressant!*).
- Negación (*phrases negatives avec ne...pas, jamais, non (Adj.)*), *personne, rien, question de reprise negative*).
- Interrogación (*interrogation partielle*).
- Expresión do tempo: presente (*présent simple et présent continu (en train de faire)*).
- Expresión do aspecto: puntual (*temps simple*); habitual (*temps simple (+ Adv., p. ex. d'habitude)*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade / permiso / posibilidade (*pouvoir*); obriga (*devoir; imperative*); intención (*aller faire quelque chose*).
- Expresión da cantidade: (*singulier / pluriel; nombres cardinaux et ordinaux. Quantité: p. ex.: tous (les), personne, partitifs*).
- Expresión do espazo: (*prépositions et adverbess de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: (*l'heure (p. ex.: Cinq heures moins dix); divisions (p. ex.: siècle, saison), et indications de temps (p. ex. il y a, tôt, en avance; tard); de duration (p. ex. de...à; posteriorité (après; plus tard); dernier(ère); fréquence (p. ex.: souvent, d'habitude)*).
- Expresión do modo: (*Adv. et phrases de manière, p. ex.: facilement; par la poste*).



Estruturas sintáctico- discursivas no idioma portugués

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*e*); disxunción (*ou*); oposición (*mas*); causa (*porque*) (comparación (*tão + Adj. quanto, mais... (que); o mais rápido*)); resultado (*para que*).
- Afirmación (*frases afirmativas; Sim + frase*).
- Exclamación (*formas elípticas: Que + S + (tão) + Adj., p. ex.: Que dia tão lindo!*).
- Negación (*frases negativas com não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém*).
- Interrogación (*frases interrogativas parciais*).
- Expresión do tempo: presente (*presente simples e contínuo*).
- Expresión do aspecto: puntual (*tempos simples*); habitual (*tempos simples (+ Adv., p. ex.: normalmente*)).
- Expresión da modalidade: factualidade (*frases declarativas*); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber*); posibilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez*); necesidade (*ser preciso / necessário + Inf.*); obriga (*ser obrigatório + Inf.; imperativo*); permiso (*poder + Inf.*); intención (*presente contínuo*).
- Expresión da cantidade: (Singular / Plural; Numerais cardinais e ordinais. Quantidade: p. ex.: todos (os), a maioria de, ambos / as, ninguém).
- Expresión do espazo: (*preposições e advérbios de lugar, localização, distância, movimento, direção, origem e disposição*).
- Expresión do tempo: (*horas (p. ex.: cinco menos dez), divisões (p. ex.: século, estação) e indicações de tempo (p. ex.: há tempo; cedo, tarde); duração (p. ex.: entre...e, durante, até, desde); anterioridade (já; (não) ainda); posterioridade (depois, mais tarde); seqüência (primeiro, seguinte, último); frequência (p. ex.: com frequência; normalmente*)).
- Expresión do modo: (*Adv. de maneira, p. ex.: facilmente; pelo correio*).



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 3			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: Comprensión oral			
a b c e f g i n	B2.1. Estratexias de produción. – Expresión da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica, adecuando o texto ao destinatario, ao contexto e á canle. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción e elementos lingüísticos previamente asimilados. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.	B2.1.1 Usa de forma sistemática estratexias de escoita activa para comunicar información oral, para a comprensión global e específica de textos ou mensaxes recibidos e para entender e facerse entender.	CCL CAA CSC CCEC CD
	B2.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Uso de convencións sociais, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións	B2.2. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, nos que se intercambian informacións, ideas e opinións sobre temas cotiáns, sobre asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira, e se xustifican de	B2.2.1. Realiza presentacións breves e participa en proxectos ben estruturados, ensaiados previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas de interese persoal ou ocupacionais do seu interese ou sobre aspectos socioculturais do país da lingua estranxeira, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións, pausas para reformular e organizar o discurso e sexa necesario repetir o dito para axudar o interlocutor a comprender algúns detalles.	B2.2.2. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás que poden xurdir durante unha viaxe ou estancia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde, lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións.	
		B2.3. Relacionarse de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda do interlocutor.	B2.3.1. Participa en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns nas que intercambia información expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.3. Funcións comunicativas. Produción: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. – Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos. – Establecemento e mantemento da comunicación e da organización do discurso.	B2.4. Coñecer e utilizar para a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións) así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.	B2.4.1. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.4. Estruturas sintáctico-discursivas.*	B2.5. Levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio de expoñentes comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de maneira clara, ampliála con exemplos ou resumila.	B2.5.1. Usa os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	
	B2.5. Léxico oral de uso común (produción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorna persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a da comunicación.	B2.6. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.	B2.6.1. Usa as estruturas gramaticais de relativa complexidade para realizar as funcións comunicativas así como os marcadores de discurso para iniciar, enlazar, ordenar y finalizar o discurso, en situacións habituais e frecuentes.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.6. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. – Uso de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. – Pronunciación e entoación aceptables, que aínda contendo erros e imprecisións, non impidan a comunicación ou a comprensión, en interaccións orais, dramatizacións e lectura en voz alta.	B2.7. Recoñecer e aplicar á produción do texto léxico oral de uso común relativo a asuntos cotiáns e relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico.	B2.7.1. Emprega o vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos en rexistro estándar propio do seu nivel.	
		B2.8. Pronunciar e entoar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia sempre que non interrompan a comunicación, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	B2.8.1. Exprésase con certa claridade, usando unha entoación e pronunciación comprensible, aceptándose as pausas e pequenas repeticións, e aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 3: Comprensión escrita			
a b c e f g i n	B3.1. Estratexias de comprensión: – Mobilización da información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. – Uso progresivo de dicionarios (en papel e dixitais) e das Tecnoloxías da Información e Comunicación, como medio de consulta e aprendizaxe.	B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.	B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva recoñecendo os trazos esenciais do xénero e a súa estrutura, e interpretando o seu contido global e específico, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.	CCL CAA CSC CCEC CD



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	B3.2. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro informal, que traten de asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos e ocupacións ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.	B3.2.1. Entende as ideas principais dun texto escrito breve e ben estruturado en presentacións breves e sinxelas e en proxectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira. B3.2.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou internet formulados de maneira simple e clara, e relacionados con asuntos do seu interese. B3.2.3. Comprende correspondencia persoal breve e sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; descríbense persoas, obxectos e lugares; nárranse acontecementos pasados e presentes, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos e desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. B3.2.4. Entende con axuda de dicionarios impresos e <i>online</i> , información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre asuntos do seu interese (p. e. sobre un curso de idiomas, unha viaxe, unha compra por internet). B3.2.5. Comprende o esencial de lecturas adaptadas breves e ben estruturadas e faise unha idea do carácter dos distintos personaxes, das súas relacións e do argumento.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.3. Funcións comunicativas. Comprensión de textos escritos onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. – Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos. – Establecemento e mantemento da comunicación e da organización do discurso.	B3.3. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cinema), condicións de vida (contorno, estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), e convencións sociais (costumes, tradicións) e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.	B3.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.4. Estructuras sintáctico-discursivas.*	B3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e peche textual).	B3.4.1. Identifica os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para entender as funcións comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	
	B3.5. Léxico escrito de uso común (recepción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	B3.5. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados.	B3.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B3.6. Patróns gráficos e convencións ortográficas: – Observación e análise progresiva da ortografía e a puntuación, así como do coidado na presentación dos textos. – Valoración da súa importancia na comunicación escrita.	B3.6. Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e inferir do contexto e do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico.	B3.6.1 Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		B3.7. Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. e.: &, %,), e os seus significados asociados.	B3.7.1. Recoñece algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4: Expresión escrita				
a b c e f g i n	B4.1. Estratexias de produción: – Activación dos coñecementos previos sobre modelos de texto e elementos lingüísticos previamente asimilados. – Uso axeitado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.). – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto, mediante a elaboración previa dun borrador para unha correcta estruturación do contido do texto en parágrafos, unha posterior revisión, na que se identificarán erros e problemas e unha reescritura definitiva, na que se coidará a presentación do texto.	B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude, p. e. reelaborando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos.	B4.1.1. Desenvolve estratexias sistemáticas de composición seguindo un modelo e usando dicionarios impresos e <i>online</i> e correctores ortográficos dos procesadores de textos na composición dos mesmos.	CCL CAA CSC CCEC CD
	B4.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Uso de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal (símbolos, iconas) elemental na cultura estranxeira.	B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou habituais ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira nun rexistro neutro ou informal.	B4.2.1. Escribe, en distintos formatos e con axuda dun dicionario, textos breves e sinxelos nos que dá e solicita información e opinións sinxelas esencial sobre un tema académico, ocupacional, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	– Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.		B4.2.2. Participa en proxectos socioculturais escribindo textos sinxelos en formato impreso ou soporte dixital. B4.2.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (p.e. para facerse membro dunha asociación, ou para inscribirse nun ximnasio ou nun curso). B4.2.4. Escribe o seu <i>currículum vitae</i> en formato electrónico, seguindo un modelo, p.e., o modelo <i>Europass</i> , e coa axuda dun dicionario. B4.2.5. Escribe correspondencia persoal sinxela e participa nos que describe experiencias, narra feitos relacionados co seu ámbito de interese e sobre actividades e experiencias pasadas (p.e. sobre unha viaxe, un acontecemento importante).	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.3. Funcións comunicativas. Produción de textos escritos onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de cualidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. – Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos. – Establecemento e mantemento da comunicación e da organización do discurso.	B4.3. Coñecer e utilizar para a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións) así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.	B4.3.1. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	



ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4				
Lingua estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.4. Estruturas sintáctico-discursivas.*	B4.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando os expoñentes máis comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo.	B4.4.1. Usa os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	
	B4.5. Léxico escrito de uso común (producción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.	B4.5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.	B4.5.1. Comunica con eficacia, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	
	B4.6. Patróns gráficos e convencións ortográficas:	B4.6. Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais.	B4.6.1. Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	



	ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4			
	Lingua estranxeira			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	– Corrección progresiva na ortografía e na puntuación e coidado na presentación dos textos. – Valoración da súa importancia na comunicación escrita.	B4.7. Utilizar as principais convencións de formato, ortográficas, tipográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas ou minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común; saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico e adaptarse ás convencións comúns da escritura de textos en internet ou en <i>chats</i> telefónicos.	B4.7.1. Produce textos escritos breves en diferentes soportes con posibles erros ortográficos e de puntuación que non impidan a comprensión e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	



Estruturas sintáctico-discursivas no idioma inglés

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, also too*); disxunción (*or*); oposición / concesión (*(not...) but*); causa (*because (of); as*); finalidade (*to- infinitive*); comparación (*as / not so Adj. as; less / more + Adj./ Adv. (than); the highest in the world*); resultado (*so; so that*); .
- Afirmación (*affirmative sentences; tags; me too; think / hope so*).
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g.: What beautiful horses!*; *exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no (Adj.), nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous*); presente (*simple and continuous present*); futuro (*going to; will; present simple and continuous*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g.: every Sunday morning)*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can*); posibilidade / probabilidade (*may; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*may; could*); intención (*present continuous*).
- Expresión da entidade: (*count / uncount nouns; pronouns (relative, reflexive / one(s); determiners*).
- Expresión da cantidade: (*singular / plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g.: lots (of). Degree: e.g.: absolutely; a (little) bit*).
- Expresión do espazo: (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo: (*points (e. g.: at midnight), divisions (e. g.: term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from...to; during; until;) anteriority, posteriority (before, afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice / four times a week; daily)*).
- Expresión do modo: (*Adv. and phrases of manner, e. g.: carefully; in a hurry*).

Estruturas sintáctico-discursivas no idioma francés

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et, aussi*); disxunción (*ou, alors que, cependant, tandis que, au lieu de + Inf*); oposición / concesión (*or, par contre*); causa (*parce que*); finalidade (*pour*); comparación (*plus / moins / aussi...que; le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. / Adv. que*); resultado (*c'est pourquoi, par conséquent, donc*).
- Afirmación (*phrases affirmatives; questions de reprise; moi aussi; je pense / espère ça*).
- Exclamación (*Comment, quel / quelle + Adj. + nom, p. ex.: Quel facile l'examen!*; *phrases exclamatives, p. ex.: C'est parti!*).
- Negación (*phrases negatives avec ne...pas, pas de..., jamais, non (Adj.), personne, rien, question de reprise negative*).
- Interrogación (*interrogation partielle; Questions Aux.; Est-ce que le livre est intéressant?, question de reprise; et alors? A quoi bon...? Quel, quelle? Ah bon?*).
- Expresión do tempo: pasado (*passé composé*); presente (*simple et continu*); futuro (*aller + Inf.; future simple; présent simple et présent continu + Adv*).
- Expresión do aspecto: puntual (*temps simples*); durativo (*présent et passé composé*); habitual (*temps simples (+ Adv., p. ex. tous les Dimanches matin)*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*pouvoir, être capable, arriver à faire, réussir à*); posibilidade / probabilidade (*c'est (presque) certain, il n'y a pas de chance pour que*); necesidade (*devoir, avoir besoin de*); obriga (*devoir, interdit de; imperative*); permiso (*permettre qqch., à qq'un, permettre de faire qqch. à qq'un*); intención (*présent continu; avoir, l'intention de faire qqch, avoir envie de faire qqch., décider de faire qqch.*).
- Expresión da entidade: (*nom dénombrable / nom non dénombrable; pronom (relatif, réfléchi / emphatique); déterminers*).



- Expresión da cantidade: (singulier/pluriel; nombres cardinaux et ordinaux. Quantité: p. ex. beaucoup de. Graduation: p. ex. absolument, un (petit) peu).
- Expresión o espazo: (prépositions et adverbess de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).
- Expresión do tempo: (*le temps* (p. ex.: à minuit); *divisions* (p. ex.: terme) et *indications de temps* (p. ex.: c'était, il y a, tôt, en avance; tard); *de duration* (p. ex.: de...à; pendant, jusqu'à; depuis); *antériorité* (déjà; (pas) encore); *posteriorité* (après; plus tard); *séquence* (d'abord, prochain(e); après ça, finalement; *simultanéité* (juste quand); *fréquence* (p. ex.: deux fois / quatre fois par semaine; quotidiennement).
- Expresión do modo: (*Adv. et phrases de manière*, p. ex.: doucement; rapidement, vite).

Estruturas sintáctico-discursivas no idioma portugués

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (e, também); disxunción (ou); oposición / concesión (mas, mesmo assim); causa (porque; por isso; como); finalidade (para + Inf.); comparación (mais / menos / tão + Adj./ Adv. + (do) que / como / quanto; maior / mais pequeno...; superlativo absoluto (-íssimo, -limo); resultado (assim, por isso).
- Afirmación (*frases afirmativas; proforma* (p.e.: eu também; certamente).
- Exclamación (Que (+ S) + Adj., p. ex.: Que dia lindo!; Que gentil!; *sintagmas exclamativos*, p.ex.: puxa, este Cd está muito caro! Está bom!).
- Negación (*frases negativas com não, nunca; nada, nemhum* (a), ninguém; *proforma* (p.ex.: eu tampouco)).
- Interrogación (*frases interrogativas diretas QU-* (p.ex. Quem fez o quê?); *interrogativas tags* (p.ex. Queres ir ao cinema, não queres?).
- Expresión do tempo: pasado (*pretérito perfeito simple e perfeito composto*); presente (*presente simple e contínuo*); futuro (*futuro simple +Adv.; haver-de; presente simple e contínuo + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*tempos simples*); durativo (*presente e pretérito simple / perfeito composto do indicativo*); habitual (*tempos simples (+ Adv., p. ex.: toda sexta-feira manhã).*
- Expresión da modalidade: factualidade (*frases declarativas*); capacidade (é capaz de + Inf.; saber); posibilidade / probabilidade (poder; dever; ser possível / impossível + Inf.; tal vez); necesidade (ser preciso / necessário + Inf.); obriga (ter que / de, dever; imperativo); permiso (poder + Inf.; ser possível / permitido + Inf.); intención (*presente contínuo*).
- Expresión da entidade: (*substantivos contáveis / masivos / coletivos / compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos / tónicos); determinantes*).
- Expresión da cantidade: (*Singular / Plural; Numerais cardinais e ordinais. Quantidade: p.ex.: todo (a), maioria, ambos, nenhum(a). Grau: p.ex.: absolutamente, um pouco*).
- Expresión do espazo: (*preposições e advérbios de lugar, localização, distância, movimento, direcção, origem e acomodação*).
- Expresión do tempo: (*momento pontual* (p. ex.: à meia-noite), *divisões* (p. ex.: prazo), e *indicações de tempo* (p. ex.: atrás, cedo, tarde); *de duração* (p. ex.: de/desde...a; durante); *anterioridade* (ainda; ontem); *posterioridade* (depois, logo, próxima segunda-feira); *sequência* (primeiro, depois, finalmente); *simultaneidade* (ao mesmo tempo); *frequência* (p. ex.: duas / quatro vezes por semana; diariamente).
- Expresión do modo: (*Adv. de maneira*, p. ex.: cuidadosamente; com pressa).



ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO

O ámbito científico-tecnolóxico ten como finalidade que o alumnado se capacite para ofrecer unha explicación lóxica do mundo físico e adquira unha cultura científica básica que constitúa a base para a adquisición de novos coñecementos desde unha visión global e integradora da realidade. O logro deste fin implica a adquisición de competencias para formalizar e sistematizar a construción de conceptos dun modo interrelacionado, desenvolver procedementos característicos das disciplinas que comprenden as ciencias naturais e construír un sistema de valores propios, socialmente recoñecibles, conducentes á reflexión e á análise sobre as implicacións éticas da intervención do ser humano na natureza e dos grandes avances científicos da actualidade. O consecuente proceso de alfabetización científica contribuirá á comprensión de fenómenos naturais, de problemas que atopan solucións no desenvolvemento científico e tecnolóxico e de actitudes responsables dirixidas a sentar as bases dun desenvolvemento sostible.

As achegas deste ámbito científico-tecnolóxico á adquisición das competencias clave da educación para persoas adultas son:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).

A aprendizaxe deste ámbito científico-tecnolóxico require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, agora aplicados ao contexto científico, tendo sempre presente, ademais, que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

Tanto a interpretación de sucesos, feitos e acontecementos como a experimentación no ámbito das ciencias naturais e da tecnoloxía implican a comprensión e a utilización do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e a probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade.

Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada, para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como son a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento rigoroso, dun modo sistemático, como é intrínseco ao método científico, así como para desenvolver proxectos tecnolóxicos ben planificados.



COMPETENCIA DIXITAL (CD).

O estudo das ciencias naturais e a aplicación de procedementos característicos do desenvolvemento tecnolóxico e da investigación científica demandan o uso habitual das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Precisan incrementar as habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

Ademais, este ámbito científico-tecnolóxico contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, resolver todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos das tecnoloxías da información e da comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos.

APRENDER A APRENDER (CAA).

A metodoloxía didáctica deste ámbito científico-tecnolóxico prepara para formarse permanentemente ao longo da vida ao propoñer que o alumnado aprenda a observar e propoñer cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a elaborar respostas aos fenómenos naturais e tecnolóxicos que aparecen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación e impulsa o desexo continuo de incorporar novos coñecementos.

Desenvolver proxectos persoais específicos das ciencias naturais axuda a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e en grupo. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento, etc.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC).

O ámbito científico-tecnolóxico afianza a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse co medio desde o respecto, mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Propón aprendizaxes para a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas, para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Propón estratexias para alcanzar o benestar persoal e colectivo.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR (CSIEE).

Este ámbito científico-tecnolóxico fomenta a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao abordar contidos, estratexias metacognitivas, procedementos e proxectos que dotan ás persoas adultas de recursos para desenvolvérense adecuadamente e afrontar de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole.



Consecuentemente, promóvense actitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencia a capacidade de análise, o pensamento crítico, a resolución de problemas e toma de decisións do individuo ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía. Este ámbito favorece tamén o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, o deseño e a implementación de plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns con autonomía e iniciativa persoal.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC).

A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar a natureza e o labor humano, tratándoos como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A beleza da natureza foi obxecto de estudo, valoración e recreación ao longo da historia. A intervención humana na natureza e a cultura pónense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual e, por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este ámbito científico-tecnolóxico realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e goce das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

Os contidos do ámbito están estruturados de acordo a intereses e necesidades do saber científico e tecnolóxico, fundamentais para as persoas adultas. Integran transversalmente as competencias inherentes ao traballo científico, incidindo no proceso de experimentación como base para a resolución de calquera tipo de problema e na presentación e debida argumentación dos resultados obtidos. Están combinados de modo que se potencie a integración e interconexión de diversas disciplinas, ofrecendo ao alumnado unha visión global da descrición e interpretación científica do mundo.

Os contidos foron seleccionados de modo que o alumnado conte cos instrumentos indispensables para interpretar a realidade e expresar os fenómenos naturais, científicos e técnicos dun mundo cada vez máis complexo. Comprenden métodos xerais que poidan aplicarse en contextos diversos e desenvolvan a capacidade de simplificar e abstraer para analizar este mundo en continua e rápida transformación. Proporcionan instrumentos necesarios para converter os feitos observables en coñecemento, información e mensaxes na comunicación.

A metodoloxía didáctica terá como finalidade a ampliación das competencias clave en relación cos contidos deste ámbito científico-tecnolóxico e fundamentarase na aplicación do método científico que implica a capacitación para cuestionar, identificar problemas, formular hipóteses, planificar e realizar accións, recoller e organizar información relevante, sistematizar coñecemento, analizar resultados, tirar conclusións e comunicalas correctamente.

Tratarase de involucrar o alumnado nunha aprendizaxe baseada no desenvolvemento de proxectos de investigación relacionados con situacións reais, concretas e significativas que permiten a comprensión e análise crítica de problemas que afectan á sociedade actual na vertente natural e ambiental, valorando o desenvolvemento sustentable do planeta. Potenciar a habilidade de formular, expor, interpretar e resolver problemas é fundamental xa que permite ás persoas desenvolveren os procesos cognitivos necesarios para abordaren e resolveren situacións interdisciplinares reais.

O proceso da resolución de problemas deberá potenciar a habilidade para entender diferentes formulacións e aplicar plans prácticos, revisar os procedementos de procura de solucións e expor as aplicacións dese coñecemento e desas habilidades a diversas situacións da vida real, así como fomentar



a autonomía para establecer hipóteses e contrastalas, e para deseñar diferentes estratexias de resolución ou extrapolar os resultados obtidos a situacións análogas.

A elaboración de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección terá como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma, profundar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas. Unha parte fundamental destes proxectos será a exposición e defensa oral das conclusións. Estes traballos realizaranse individualmente e en equipo, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

Os procedementos de ensino e aprendizaxe irán encamiñados a sistematizar o coñecemento sobre o mundo natural a través da construción de conceptos e das relacións entre eles, a buscar modelos explicativos que permitan comprender mellor a natureza e, en definitiva, á construción de saber científico extensible a outros ámbitos de coñecemento.

O uso das tecnoloxías da información e da comunicación terá gran importancia neste proceso, tanto na procura, selección e comunicación da información, como na comprensión mediante a simulación de procesos. A utilización das aplicacións virtuais interactivas deberá xogar un papel crucial, porque proporcionan alternativas aos laboratorios tradicionais e constitúen a única forma de estudar, de maneira experimental, algúns procesos de difícil execución práctica.

As tecnoloxías da información e da comunicación han de ser unha ferramenta fundamental para sustentar as investigacións, fundamentar os traballos e profundar na terminoloxía científica. Terán un papel esencial para a mellor comprensión de conceptos, na resolución de problemas complexos e para contrastar con maior rigor as hipóteses propostas e presentar e comunicar os resultados obtidos.

O profesorado deberá guiar o alumnado, non só na adquisición de coñecementos, senón tamén no desenvolvemento das habilidades e destrezas propias do quefacer científico; deberá fomentar a creatividade e a curiosidade co obxectivo de favorecer actitudes positivas cara á ciencia e o traballo científico. Procurará contornos motivadores nos que o alumnado, partindo das súas ideas previas e confrontando coa experimentación, aprenda facendo, tire as súas propias conclusións e chegue en por si a unha concepción científica do mundo que o arrodea, podendo achegar unha explicación formal e fundamentada do estudado.

Os estándares de aprendizaxe propoñen comprender, interpretar textos e comunicar, mediante unha linguaxe multimodal en diferentes sistemas de representación, o coñecemento académico e científico procesado e elaborado, destacando aspectos básicos da comunicación, a exposición e o diálogo. Especifican accións clave do proceso de experimentación, tales como observar, analizar, diferenciar, estruturar, coñecer, describir, sintetizar, investigar, relacionar, asociar, cuestionar, explicar, interpretar, deducir, demostrar etc. Inclúen o uso responsable e eficaz das novas tecnoloxías para buscar e xestionar información, empregar técnicas de estudo e traballo, resolver problemas e aplicar o coñecemento. O seu logro implica a mellora do benestar individual do alumnado e achegas importantes ao ben común, porque inclúe a actuación responsable, o xuízo crítico baseado en valores positivos e o desenvolvemento moral.

Os criterios de avaliación están formulados de maneira que permitan valorar o grao de consecución de cada unha das competencias en relación aos contidos do ámbito científico-tecnolóxico. Teñen o propósito de guiar a análise das posibilidades que ten cada alumno e alumna para coñecer, comprender e relacionarse dun modo positivo, para si mesmo e para os demais, co mundo físico. Isto implica: actuar con autonomía e responsabilidade; comprender, interpretar e describir o mundo e valoralo como fonte de inspiración; ser consciente do impacto da evolución científica e tecnolóxica na cultura; asociar fenómenos coas súas causas e consecuencias; utilizar os recursos humanos e materiais máis habituais para buscar información e resolver problemas; tomar conciencia e comprender os valores implícitos no benestar individual e colectivo, comprometerse e participar nos contornos próximos e afastados de acordo con devanditos valores.



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1: Números e álgebra				
e i l p	B1.1. Números naturais: escritura e representación. Operacións combinadas, xerarquía e uso da paréntese. Potencias, operacións con potencias. Cadrados perfectos, raíces cadradas. B1.2. Números enteiros: representación na recta numérica. Valor absoluto e oposto dun número enteiro. Operacións combinadas, xerarquía e uso da paréntese. Potencias de números enteiros con expoñente natural, operacións. Uso da calculadora.	B1.1. Utilizar números naturais e enteiros, as súas operacións e as súas propiedades para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida cotiá.	B1.1.1. Identifica os números naturais e enteiros e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	CMCCT CD
			B1.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	
			B1.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	CMCCT CD CL
			B1.1.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	CMCCT CD
e j	B1.3. Divisibilidade: múltiplos e divisores dun número. Criterios de divisibilidade, descomposición factorial. Mínimo común múltiplo e máximo común divisor, cálculo a partir da descomposición factorial.	B1.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.	B1.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	CMCCT CL
			B1.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégao en exercicios, actividades e problemas contextualizados.	CMCCT



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B1.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado e aplícao en problemas contextualizados.	
e i j l p	B1.4. Números racionais: fraccións, fraccións equivalentes, simplificar fraccións, redución de fraccións a común denominador. Operacións con fraccións, operacións combinadas, xerarquía e uso da paréntese. Potencias de fraccións. Relación entre números decimais e fraccións. Potencias de base 10. Uso da notación científica para representar números grandes.	B1.3. Utilizar números fraccionarios e decimais, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.	B1.3.1. Calcula fraccións equivalentes, simplifica fraccións e reduce a común denominador.	CMCCT CCL
			B1.3.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalas na resolución de problemas.	
			B1.3.3. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema coa precisión e rigor adecuados.	
		B1.4. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas de números racionais como síntese de secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	B1.4.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios con eficacia, mediante cálculo mental e algoritmos, empregando lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	CMCCT CD
			B1.4.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE
			B1.4.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	CMCCT CAA
Bloque 2: Xeometría				



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e h j	B2.1. Elementos básicos da xeometría do plano. Paralelismo e perpendicularidade. Ángulos e a súa relación. Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz.	B2.1. Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá.	B2.1.1. Recoñece e describe as características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías).	CMCCT CL
	e h		B2.1.2. Define os elementos característicos dos triángulos, trazando estes e coñecendo a propiedade común a cada un deles, e clasifícaos atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos.	CMCCT CL
			B2.1.3. Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e coñecendo as súas propiedades referentes a ángulos, lados e diagonais.	CMCCT
e f j	B2.3. Sistema Internacional de Unidades. Unidades de masa, lonxitude e volume. Múltiplos e submúltiplos. B2.4. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Unidades lineais e de superficie. Factores de conversión. B2.5 Circunferencia e círculo.	B2.2. Utilizar estratexias, ferramentas tecnolóxicas e técnicas simples da xeometría analítica plana para a resolución de problemas de perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, utilizando a linguaxe matemática e as unidades axeitadas, e expresar o procedemento seguido na resolución.	B2.2.1. Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas, unidades e as técnicas xeométricas máis apropiadas.	CMCCT CCL CSIEE
			B2.2.2. Identifica as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo.	CMCCT
			B2.2.3. Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, a lonxitude dun arco e a área dun sector circular, e aplícaas para resolver problemas xeométricos	CMCCT CCL CSIEE
Bloque 3: Funcións				
a e f	B3.1. Coordenadas cartesianas. Representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados. Concepto de vector.	B3.1. Coñecer, manexar e interpretar o sistema de coordenadas cartesianas.	B3.1.1. Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas.	CMCCT



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de representación: linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula.	B3.2. Comprender o concepto de función.	B3.2.1. Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.	
		B3.3. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras elixindo a mellor delas en función do contexto.	B3.3.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto.	CMCCT CCL
	Bloque 4: Ciencia e tecnoloxía nas nosas vidas			
a e i k l p	B4.1. Arquitectura básica dos sistemas informáticos. Software: sistema operativo e aplicacións básicas. Deseño e produción de información dixital. Interacción na rede. Creación de produtos tecnolóxicos.	B4.1. Distinguir as partes operativas dun equipo informático e coñecer a súa función en conxunto.	B4.1.1. Identifica os compoñentes fundamentais dun ordenador e coñece a súa función.	CMCCT CD
		B4.2. Recoñecer a importancia do sistema operativo e as súas funcións.	B4.2.1. Deseña as fases que deben levarse a cabo para a resolución dun problema desde o punto de vista tecnolóxico.	
			B4.2.2. Usa axeitadamente as utilidades básicas do sistema operativo.	
		B4.3. Organizar con racionalidade a información almacenada no seu ordenador.	B4.3.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información persoal contida no seu ordenador.	
		B4.4. Instalar e manexar programas básicos.	B4.4.1. Coñece o procedemento xeral para a instalación de aplicacións sinxelas e realiza operacións básicas con elas.	
		B4.5. Utilizar programas de edición de texto, follas de cálculo e creación de presentacións multimedia.	B4.5.1. Elabora e maqueta documentos de texto sinxelos, con aplicacións que facilitan a inclusión de táboas e imaxes.	CMCCT CD CAA
			B4.5.2. Crea presentacións que integran texto, imaxe e outros elementos multimedia.	
			B4.5.3. Utiliza fórmulas para obter resultados en follas de cálculo e obtén representacións gráficas dos resultados utilizados.	CMCCT CD



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		B4.6. Identificar os riscos asociados ao uso de internet.	B4.6.1. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados para a información persoal.	CMCCT CD CAA
		B4.7. Buscar, seleccionar e producir información na internet.	B4.6.2. Coñece a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude na rede.	CMCCT CD
			B4.7.1. Utiliza fórmulas para obter resultados en follas de cálculo e obtén representacións gráficas dos resultados utilizados.	
		B4.8. Recoñecer e comprender os dereitos de autor dos materiais aloxados na web.	B4.8.1. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereito de autor e materiais de libre distribución.	CMCCT CD CAA
		B4.9. Adoptar condutas adecuadas de interacción na rede.	B4.9.1. Respecta as normas básicas de interacción na rede.	CMCCT CD CSC
Bloque 5: A Terra como planeta				
e j k l	B5.1. O sistema solar e os seus compoñentes.	B5.1. Expoñer a organización do sistema solar.	B5.1.1. Distingue entre astronomía e astroloxía.	CMCCT CCEC
			B5.1.2. Recoñece os compoñentes do sistema solar e describe as súas características xerais.	CMCCT
j k l	B5.2. Situación da Terra no sistema solar.	B5.2. Localizar a posición da Terra no sistema solar.	B5.2.1. Compara os modelos xeocéntrico, heliocéntrico e actual indicando a posición que ocupa a Terra en cada un deles.	
j k l	B5.3. O planeta Terra: características. Forma, dimensións, e capas (atmosfera, hidrosfera e xeosfera).	B5.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	B5.3.1. Describe as características que se dan no planeta Terra que favoreceron o desenvolvemento da vida.	CMCCT CCL
a e f	B5.4. Os movementos da Terra: rotación e translación e as súas consecuencias.	B5.4. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións...	B5.4.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros.	CMCCT



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
j k l			B5.4.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares, as estacións e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	CMCCT CCL CSC
e j k l	B5.5. A xeosfera: composición e distribución dos materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	B5.5. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	B5.5.1. Nomea e sitúa correctamente nunha representación gráfica as grandes capas do interior da Terra.	CMCCT
			B5.5.2. Describe as características xerais das capas do interior do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	CMCCT CCL
j k l	B5.6. A atmosfera: composición e estrutura. Importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos.	B5.6. Analizar a composición e as propiedades da atmosfera e as propiedades do aire.	B5.6.1. Representa as distintas capas da atmosfera, situándoas por orde e describe a súa composición química.	CMCCT
e f m i j k l	B5.7. Repercusións da actividade humana na atmosfera: a contaminación. Posibles solucións.	B5.7. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	B5.7.1. Identifica os contaminantes principais da atmosfera en relación coa súa orixe.	
		B5.8. Relacionar os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	B5.7.2. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	CSC CCL
			B5.8.1. Recolle información de diferentes fontes sobre as relacións entre a contaminación ambiental e o deterioro ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	CSC CD CSIEE
i j k	B5.8. A hidrosfera: características da auga que a fan imprescindible para a existencia de vida e dos seres vivos.	B5.9. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	B5.9.1. Recoñece as propiedades da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	CMCCT
a b e	B5.9. O ciclo da auga e a auga como recurso. Importancia dunha xestión sostible da auga.	B5.10. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	B5.10.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado.	CMCCT CCL



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f g i j k		B5.11. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sostible da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	B5.11.1. Comprende e identifica o significado da xestión sostible da auga doce, e enumera medidas concretas para reducir e mellorar o seu consumo. B5.11.2. Investiga e xustifica que usos poden darse ás augas residuais depuradas.	CSC CSIEE CSC CD
i j k m	B5.10. Repercusións da actividade humana na contaminación das augas doces e salgadas. Posibles solucións.	B5.12. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	B5.12.1. Investiga e recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas.	
i j k	B5.11. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.	B5.13. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	B5.13.1. Identifica as condicións e as características que posibilitaron a vida no planeta Terra.	CMCCT
Bloque 6: O relevo terrestre e a súa evolución				
i j k	B6.1. Ciclo e modelaxe do relevo. Factores que condicionan que o relevo difira duns sitios a outros.	B6.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros.	B6.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.	CMCCT
e m i j k	B6.2. Evolución do relevo como resultado da interacción entre os procesos externos e internos.	B6.2. Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa.	B6.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.	
			B6.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos en diferentes tipos de relevo.	
		B6.3. Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior da Terra dos de orixe externa.	B6.3.1 Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	
e f g	B6.3. Axentes externos modeladores da paisaxe.	B6.4. Indagar e identificar os axentes e os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.	B6.4.1. Investiga acerca da paisaxe da contorna máis próximo e identifica algúns dos axentes e dos factores modeladores da paisaxe.	CCEC CAA CD



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i k m n	Factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.		B6.4.2. Valora e describe a importancia da actividade humana na transformación da superficie terrestre.	CSC CCEC
a e j k l i	B6.4. Manifestacións da enerxía interna da Terra. Os procesos internos: actividade sísmica e volcánica.	B6.5. Analizar a actividade sísmica e volcánica, as súas características e os efectos que xeran.	B6.5.1. Investiga e xustifica a existencia de zonas nas que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude. B6.5.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina e asóciaos co grao de perigo.	CAA CMCCT CD CMCCT
f j k l	B6.5. Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.	B6.6. Relacionar a actividade sísmica e volcánica coa dinámica do interior terrestre e xustificar a súa distribución planetaria.	B6.6.1. Relaciona a dinámica interna do planeta coa orixe de sismos e de volcáns. B6.6.2. Valora e describe o risco sísmico existente na zona na que habita e describe as medidas de prevención que debe adoptar.	CAA CSC
f l j k m n	B6.6. Relación do ciclo xeolóxico e a formación das rochas e minerais. Rochas e minerais frecuentes en Galicia e aplicacións máis frecuentes.	B6.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salientar a súa importancia económica.	B6.7.1. Identifica minerais e rochas frecuentes en Galicia utilizando criterios que permitan diferenciar e explicar a relación que existe entre ambos os dous. B6.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotián e recoñece a importancia do seu uso responsable.	CMCCT CAA CCEC CSC
j k l	B6.7. Formación do solo. Tipos de compoñentes que o forman.	B6.8. Analizar os compoñentes do solo e esquematizar as relacións entre eles.	B6.8.1. Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.	CMCCT
f j k m	B6.8. Importancia do solo. Riscos da súa sobreexplotación, degradación ou perda.	B6.9. Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda.	B6.9.1. Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo. Valora a importancia do solo en Galicia.	CMCCT CSC
Bloque 7: A biodiversidade das poboacións no planeta Terra				



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a d e i j k l m	B7.1. Uniformidade e biodiversidade dos seres vivos: significado e importancia. Funcións vitais comúns a todos os seres vivos.	B7.1. Recoñecer que tódolos seres vivos están formados polos mesmos elementos químicos e realizan as mesmas funcións vitais.	B7.1.1. Analiza a importancia que ten cada unha das funcións vitais (nutrición, relación e reprodución) no mantemento da vida.	CMCCT CCEC
		B7.2. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	B7.2.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	CSC CMCCT
			B7.2.2. Investiga e recoñece zonas de especial protección en Galicia pola súa biodiversidade.	CSC CD
j k l m	B7.2. Criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos.	B7.3. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	B7.3.1. Diferencia as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	CMCCT
			B7.3.2. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos e salienta a súa importancia biolóxica.	CMCCT CSC
i j k l m n	B7.3. Características xerais dos grandes grupos de invertebrados e vertebrados e explicación a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	B7.4. Coñecer e definir as funcións vitais dos animais e caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.	B7.4.1. Identifica as funcións vitais dos animais.	CMCCT
			B7.4.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de invertebrados e vertebrados.	CMCCT CCL
			B7.4.3. Recoñece e asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen utilizando diferentes fontes de información.	CD CSC
			B7.4.4. Recoñece e asocia vertebrados comúns a clase á que pertencen, utilizando diferentes fontes de información.	
j k l m	B7.4. Características dos principais grupos de plantas, as súas funcións e a súa importancia para a vida no planeta.	B7.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida. Caracterizar os principais grupos de plantas.	B7.5.1. Explica o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.	CMCCT
			B7.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	CMCCT CCL



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B7.5.3. Clasifica e identifica vexetais do ámbito cotián, utilizando diferentes fontes de información.	CD CSC
Bloque 8: Ecosistemas e biodiversidade				
e j k l m	B8.1. Ecosistema: compoñentes abióticos e bióticos. Limite de tolerancia.	B8.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema coñecer o concepto de factor limitante e limite de tolerancia.	B8.1.1. Describe os compoñentes dun ecosistema.	CMCCT
			B8.1.2. Identifica os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun determinado ambiente, valorando a súa importancia.	CMCCT CAA
b f e j k	B8.2 Interaccións entre os seres vivos dun ecosistema: adaptacións dos seres vivos a diferentes medios.	B8.2. Comparar adaptacións dos seres vivos a diferentes medios.	B8.2.1. Recoñece e diferenza as adaptacións comúns dos seres vivos a diferentes ambientes.	CMCCT CSC CAA
j k m	B8.3. Asociacións intraespecíficas e interespecíficas.	B8.3. Identificar tipos de relacións intra e interespecíficas.	B8.3.1. Recoñece e describe os tipos de relacións intraespecíficas e interespecíficas utilizando exemplos comúns.	CMCCT
j l m	B8.4. Relacións tróficas: cadeas e redes. Modelos próximos de ecosistemas acuáticos e terrestres.	B8.4. Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas utilizando exemplos cotiáns.	B8.4.1. Recoñece e valora a importancia dos diferentes niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, empregando exemplos de ecosistemas acuáticos e terrestres próximos.	CAA CSC CCL
a b c f i m n	B8.5. Accións humanas sobre os ecosistemas: problemas ambientais e actuacións que favorecen a conservación ambiental.	B8.5. Identificar nun ecosistema os factores que desencadean os desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.	B8.5.1. Analiza os factores que desencadean os desequilibrios nun ecosistema.	CMCCT
		B8.6. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.	B8.6.1. Investiga as causas naturais e antrópicas da perda de biodiversidade e razoa as consecuencias para o ser humana.	CD CSC CCEC
			B8.6.2. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.	CSC CSIEE



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: Números e álgebra			
e g j l p	B1.1. Números enteiros: representación na recta numérica, operacións con calculadora. B1.2. Números racionais: relacións entre fraccións e decimais, operacións con fraccións, xerarquía de operacións. Uso da calculadora. B1.3. Potencias. Potencias de base 10. Utilización da notación científica: números grandes e pequenos. B1.4. Xerarquía das operacións.	B1.1. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.	B1.1.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	CMCCT
			B1.1.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalas na resolución de problemas.	
			B1.1.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes e moi pequenos.	CMCCT CAA
			B1.1.4. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios con eficacia, mediante cálculo mental e algoritmos, empregando lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	CMCCT
e f i j	B1.5 Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.	B1.2. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en	B1.2.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaa para resolver problemas en situacións cotiás.	CMCCT CL



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.6. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade. B1.7. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou variacións porcentuais.	situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directa ou inversamente proporcionais.	B1.2.2. Analiza situacións sinxelas e recoñece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.	
e f h j	B1.8. Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representen situacións reais á alxébrica e viceversa. B1.9. Linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica. B1.10. Operacións con expresións alxébrica e polinomios sinxelos. Identidades notables.	B1.3. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.	B1.3.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.	
			B1.3.2. Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaaas para facer predicións.	
			B1.3.3. Utiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións.	CMCCT
e f h i j p	B1.11. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita e de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. Interpretación das solucións. Resolución de problemas.	B1.4. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro e segundo grao, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos, contrastando os resultados obtidos.	B1.4.1. Comproba, dada unha ecuación, se un número ou uns números é ou son solución desta.	
			B1.4.2. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e analiza o resultado obtido.	CMCCT CCL



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2: Xeometría				
e f h j l	B2.1. Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Xustificación xeométrica e aplicacións.	B2.1. Recoñecer o significado aritmético do teorema de Pitágoras (cadrados de números e ternas pitagóricas) e o significado xeométrico (áreas de cadrados construídos sobre os lados) e empregalo para resolver problemas xeométricos.	B2.1.1. Comprende o significado aritmético e xeométrico do teorema de Pitágoras e utilízalos para a procura de ternas pitagóricas ou a comprobación do teorema construíndo outros polígonos sobre os lados do triángulo rectángulo.	CMCCT CCL
			B2.1.2. Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas, unidades e as técnicas xeométricas máis apropiadas.	CMCCT CD
e f h j l p	B2.2. Semellanza: figuras semellantes, criterios de semellanza. Razón de semellanza e escala. Resolución de problemas.	B2.2. Analizar e identificar figuras semellantes, calculando a escala ou razón de semellanza e a razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.	B2.2.1. Recoñece figuras semellantes e calcula a razón de semellanza e a razón de superficie e volume de figuras semellantes.	CMCCT
			B2.2.2. Utiliza a escala para resolver problemas da vida cotiá sobre planos, mapas e outros contextos de semellanza.	CMCCT CCL
e f	B2.3. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos, clasificación. Áreas e volumes.	B2.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías etc.).	B2.3.1. Analiza e identifica as características de corpos xeométricos utilizando a linguaxe xeométrica axeitada.	CMCCT
			B2.3.2. Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados.	CMCCT CD
e f l h	B2.4. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.	B2.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros.	B2.4.1. Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas.	CMCCT CCL



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i j l p	B2.5. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que faciliten a comprensión de propiedades e conceptos xeométricos.		B2.4.2. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas de xeometría dinámica.	CMCCT CD
Bloque 3: Funcións				
e f i	B3.1. Concepto de función: variable dependente e independente: formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula); crecemento e decrecemento, continuidade e descontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas.	B3.1. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto.	B3.1.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto.	CMCCT CCL
		B3.2. Comprender o concepto de función e recoñecer, interpretar e analizar as gráficas funcionais.	B3.2.1. Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función. B3.2.2. Interpreta unha gráfica e analízala, recoñecendo as súas propiedades máis características.	CMCCT CCL
	B3.2. Funcións lineais e afíns. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representación da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir da recta. B3.3. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.	B3.3. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais e afíns, e utilízalas para resolver problemas.	B3.3.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente. B3.3.2. Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores. B3.3.3. Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa.	CMCCT
			B3.3.4. Estuda situacións reais sinxelas apoiándose en recursos tecnolóxicos e identifica o modelo matemático lineal ou afín, fai predicións e simulacións sobre o seu comportamento.	CMCCT CCL CD



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4: Ciencia e tecnoloxía nas nosas vidas				
e f i	B4.1. Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas. B4.2. Variables cuantitativas (discretas e continuas) e cualitativas. B4.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. B4.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. B4.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias. B4.6. Medidas de tendencia central: media, moda e mediana.	B4.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.	B4.1.1. Comprende o significado de poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, entende que as mostras se empregan para obter información da poboación cando son representativas, e aplícaos a casos concretos.	CMCCT CCL
			B4.1.2. Recoñece e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas.	
			B4.1.3. Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente.	CMCCT CSIEE
			B4.1.4. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano) e a moda (intervalo modal), e emprégao para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis axeitado, e para resolver problemas.	CMCCT CCL CSIEE
			B4.1.5. Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.	CMCCT CCL
	B4.7. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos.	B4.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estatísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada.	B4.2.1. Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central.	CMCCT CD
			B4.2.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada.	CMCCT CCL CD



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5: A materia I				
j k l	B5.1. Propiedades xerais e características da materia.	B5.1. Recoñecer as propiedades xerais e características específicas da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.	B5.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, utilizando estas últimas para a caracterización de substancias.	CMCCT
			B5.1.2. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	CMCCT CCL
	B5.2. Substancias puras e mesturas homoxéneas e heteroxéneas. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	B5.2. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	B5.2.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, especificando neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	CMCCT CSC
			B5.2.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese. B5.2.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	CMCCT
a j k l	B5.3. Métodos de separación de mesturas homoxéneas e heteroxéneas.	B5.3. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.	B5.3.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	CMCCT CAA
a f g j	B5.4. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	B5.4. Xustificar as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia e os seus cambios de estado a través do modelo cinético-molecular.	B5.4.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura nas que se atope.	CMCCT



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
k l			B5.4.2. Explica as propiedades dos gases, líquidos e sólidos.	CMCCT CCL	
			B5.4.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.		
			B5.4.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.		
	Bloque 6: A materia II				
g h j k l	B6.1. Estrutura atómica. Modelos atómicos, desde Dalton ata a idea cualitativa do modelo actual. Número atómico, número másico.	B6.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.	B6.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	CMCCT CCL CCEC	
			B6.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.		CMCCT CCL
			B6.1.3. Relaciona a notación A_ZX co número atómico e o número másico, determinando o número de cada un dos tipos de partículas subatómicas básicas.		
h j k l	B6.2. Sistema periódico e configuración electrónica: relacionar a posición dos elementos na táboa coas súas propiedades.	B6.2. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	B6.2.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.		
		B6.3. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.	B6.3.1. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.		
	B6.3. Masas atómicas e moleculares. Isótopos.	B6.4. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.	B6.4.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a xestión dos mesmos.	CMCCT CSC	



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
	B6.4. Enlace químico: iónico e covalente. Xustificar as propiedades de substancias sinxelas de uso habitual a partir da natureza do seu enlace químico.	B6.5. Interpretar os distintos tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica.	B6.5.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e fórmula dos compostos iónicos e covalentes.	CMCCT CCL	
		B6.6. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.	B6.6.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.		B6.6.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente e calcula as súas masas moleculares.
f h j k l	B6.7. Forzas intermoleculares. Relación da súa influencia no estado de agregación e propiedades de substancias de interese, fundamentalmente a auga.	B6.7. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.	B6.7.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou moléculas.	CMCCT	
			B6.7.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres e relaciónaa coas propiedades características dos metais.		
			B6.7.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.	CMCCT CAA	
	Bloque 7: Os cambios				
f h j k l	B7.1. Cambios físicos e químicos.	B7.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.	B7.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	CMCCT CSC	
			B7.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se manifeste a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	CMCCT CCL	



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b f j k l	B7.2. Reacción Química. Lei de conservación da masa. Axustes de reaccións.	B7.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.	B7.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	CMCCT CAA
			B7.2.1. Identifica cales son os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	
	B7.3. Reaccións de especial interese. Identificación de ácidos e bases, reaccións de combustión, síntese e neutralización en procesos biolóxicos. Solubilidade.	B7.3. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pH-metro dixital.	B7.3.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.	
			B7.3.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.	CMCCT CSC CCL
		B7.4. Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.	B7.4.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, interpretando os resultados.	
			B7.4.2. Planifica unha experiencia, e describe o procedemento a seguir no laboratorio, que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.	CMCCT CCL CAA
			B7.4.3. Realiza algunha experiencia de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.	CMCCT
		B7.5. Valorar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión medioambiental.	B7.5.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.	CMCCT CCL
			B7.5.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.	CMCCT CSC



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B7.5.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.	CMCCT CCL
a b c e h j k l m	B7.4. A química na sociedade e no contorno medioambiental.	B7.6. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.	B7.6.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética. B7.6.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	CMCCT CSC
		B7.7. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no medio ambiente.	B7.7.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas do medio ambiente de importancia global.	
f j k l	B7.5. A enerxía desde un punto de vista cualitativo. Tipos e transformacións.	B7.8. Identificar os diferentes tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio	B7.8.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios e identifica os diferentes tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás explicando as transformacións dunhas formas noutras.	
Bloque 8: O movemento				
h j k l p	B8.1. Notación científica. Forma de expresar os resultados. Erros nas medidas. B8.2. Medida de magnitudes. Sistema internacional de unidades	B8.1. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.	B8.1.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente. B8.1.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	CMCCT CAA CMCCT
h j k l	B8.3. Traballo no laboratorio: medicións de magnitudes físicas da vida cotiá.	B8.2. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas	B8.2.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	CMCCT



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do medio ambiente.	B8.2.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CMCCT CSC
	B8.4. Magnitudes escalares e vectoriais. Magnitudes fundamentais e derivadas.	B8.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.	B8.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen a esta última.	CMCCT
		B8.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.	B8.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	
i j k l	B8.5. Movementos, sistema de referencia, velocidade media, velocidade instantánea e aceleración.	B8.5. Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores para describilo adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.	B8.5.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.	
		B8.6. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.	B8.6.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo interpretando o resultado.	CMCCT CD
			B8.6.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	CMCCT
		B8.7. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.	B8.7.1. Deducir a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	
			B8.7.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT CCL



Obxectivos	ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2			
	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h j k l p	B8.6. Estudo cualitativo dos movementos, MRU, MRUA, caída libre. Estudo cuantitativo do MRU.	B8.8. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea xustificando a súa necesidade segundo o tipo de movemento.	B8.8.1. Clasifica distintos tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.	CMCCT
			B8.8.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), razoando o concepto de velocidade instantánea.	CMCCT CCL



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 3				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: Números e álgebra			
e l p	B1.1. Números racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos. B1.2. Potencias de números racionais con expoñente enteiro. B1.3. Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica. B1.4. Expresións radicais: transformación e operacións. B1.5. Xerarquía de operacións.	B1.1. Utilizar as propiedades dos números racionais, as raíces e outros números radicais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para resolver problemas da vida cotiá, e presentar os resultados coa precisión requirida.	B1.1.1. Recoñece distintos tipos de números (naturais, enteiros e racionais), indica o criterio utilizado para a súa distinción e utilízalos para representar e interpretar adecuadamente información cuantitativa.	CMCCT
			B1.1.2. Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica neste caso o grupo de decimais que se repiten ou forman período.	
			B1.1.3. Acha a fracción xeratriz correspondente a un decimal exacto ou periódico.	
			B1.1.4. Expresa números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízalos en problemas contextualizados.	CMCCT CD
			B1.1.5. Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	CMCCT
			B1.1.6. Emprega números racionais para resolver problemas da vida cotiá e analiza a coherencia da solución.	CMCCT CCL
			B1.1.7. Realiza operacións numéricas sinxelas que conteñan raíces e opera con elas simplificando os resultados.	CMCCT



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 3				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e j k l o	B7.9. Métodos anticonceptivos: clasificación segundo a súa eficacia e recoñecemento da importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual. Saúde e hixiene sexual.	B7.14. Comprender o funcionamento dos métodos anticonceptivos e valorar o uso de métodos de prevención de doenzas de transmisión sexual.	B7.14.1. Compara a eficacia dos distintos métodos anticonceptivos e analiza os factores persoais e sociais que poden determinar o seu uso.	CMCCT CSC CCEC
			B7.14.2. Explica as medidas que se deben tomar para evitar o contaxio das enfermidades de transmisión sexual.	CMCCT CSC CCL
a b f i o p	B7.10. Coñecemento das técnicas de reprodución asistida e de fecundación in vitro para argumentar o beneficio que supuxo este avance científico para a sociedade.	B7.15. Coñecer as principais técnicas de reprodución asistida e de fecundación in vitro.	B7.15.1. Investiga e valora sobre as principais técnicas de reprodución asistida razoando en que casos se han de aplicar e os beneficios que supuxo este avance científico para a sociedade.	CSC CAA CD CCEC
e j k l o	B7.11. Significado de saúde e doenza e factores que os determinan. Os microorganismos: bacterias e virus. A súa importancia. Diferenciación das doenzas (infecciosas e non infecciosas).	B7.16. Diferenciar os conceptos de saúde e enfermidade segundo a OMS e descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, e os factores que as determinan.	B7.16.1. Identifica a correlación existente entre algúns factores físicos, psíquicos e sociais e enfermidades relacionadas con estes factores.	CMCCT CSC
			B7.16.2. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan ás rexións dun mundo globalizado e diseña propostas de actuación.	CSC CSIEE
		B7.17. Clasificar as doenzas e determinar as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan á poboación.	B7.17.1. Explica a diferenza entre enfermidades infecciosas e non infecciosas, transmisibles e non transmisibles, citando exemplos comúns, e relaciónaas coas súas causas.	CMCCT CCL



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B7.17.2. Enumera os tipos de microorganismos capaces de provocar enfermidades e explica como defenderse para evitar que se produza unha enfermidade.	CMCCT CSC
j k l o p	B7.12. Determinación do funcionamento básico do sistema inmune. Prevención e curación de doenzas: vacinas, soros e antibióticos. Uso responsable dos medicamentos.	B7.18. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.	B7.18.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas. B7.18.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns e medidas para facer un uso responsable dos medicamentos.	CMCCT CSC CCL CSC CCEC
a b c g l o	B7.13. Medidas positivas para a mellora da saúde: hábitos e estilos de vida saudables. Doazón de células e órganos.	B7.19. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	B7.19.1. Recoñece que hábitos son adecuados ou inadecuados para manter un estado óptimo de saúde e para previr enfermidades e mellorar a calidade de vida e xustifica con exemplos as eleccións que se poden realizar para promover eses hábitos de forma individual e colectiva.	CSC CAA CSIEE
		B7.20. Identificar as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	B7.20.1. Xustifica a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	CSC CCEC
	Bloque 8: Ecoloxía e medio ambiente. Xestión sostible do planeta			
a b c j k l m n p	B8.1. Dinámica do ecosistema. Ciclo da materia e fluxo de enerxía. Transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e consecuencias prácticas na xestión sostible dalgúns recursos por parte do ser humano.	B8.1. Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica e deducir as consecuencias prácticas na xestión sostible dalgúns recursos por parte do ser humano.	B8.1.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas e valora a súa importancia para a vida en xeral e o seu mantemento.	CMCCT CSC
			B8.1.2. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.	CAA CSIEE
			B8.2. Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sostible.	B8.2.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sostible dalgúns recursos por parte do ser humano, valorando criticamente a súa importancia utilizando contextos próximos.



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b c e k	B8.2. Factores que desencadean desequilibrios nos ecosistemas e estratexias para restablecer o seu equilibrio.	B8.3. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o equilibrio do mesmo.	B8.3.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	CMCCT CAA
a f i j k m p	B8.3. Impactos das actividades humanas nos ecosistemas: problemas de contaminación ambiental actuais. Repercusión da actividade humana sobre a atmosfera, a auga e o solo. Actitudes que contribúan á súa solución.	B8.4. Recoñecer as actividades humanas que contribúen aos principais problemas do medio ambiente. B8.5. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar o deterioro da atmosfera, a auga e o solo.	B8.4.1. Identifica os principais problemas do medio ambiente que afectan o planeta.	CSC CSIEE
			B8.5.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación da atmosfera, da auga e do solo, da desertización, esgotamento de recursos etc.	CMCCT CCL CCEC CSC
			B8.5.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.	CMCCT CSIEE CCL CD
b c d e i j k l	B8.4. Os residuos e a súa xestión. Procesos de tratamento de residuos e a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo. Importancia da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión no ámbito familiar e social. Actitudes que contribúan a diminuír os residuos que xeramos: regra dos tres R.	B8.6. Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo.	B8.6.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	CSC CSIEE
		B8.7. Contrastar argumentos a prol da recollida selectiva de residuos e repercusión na esfera familiar e social da importancia de practicar a regra dos tres R.	B8.7.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais, utilizando para iso distintas fontes de información.	CSC CAA CD



ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c f k p	B8.5. Uso das enerxías renovables como factor fundamental para un desenvolvemento sostible. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía. Actitudes que contribúan a diminuír o consumo de enerxía.	B8.8. Asociar a importancia da utilización das enerxías renovables no desenvolvemento sostible.	B8.8.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sostible do planeta.	CSC CCEC CAA



ÁMBITO SOCIAL

O ámbito social ten como finalidade que o alumnado perciba, interprete e describa adecuadamente o mundo actual, para participar á vez que configura valores persoais e cívicos valiosos. O logro deste fin implica a progresiva adquisición de habilidades para acceder á información e realizar unha elaboración persoal do coñecemento, observar a realidade, adoptar criterios válidos para a toma de decisións, desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal e relacionarse positivamente cos demais, mostrando actitudes de responsabilidade e respecto que contribúan a mellorar a súa calidade de vida e o benestar colectivo. Contribúe ao entendemento que todo iso require o coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades así como a comprensión da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo.

As achegas do ámbito social á adquisición das competencias clave da aprendizaxe ao longo da vida son:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).

A aprendizaxe deste ámbito social require a interacción social, a interpretación e expresión da concepción do mundo, para o que é esencial o desenvolvemento da competencia lingüística. O alumnado adquire coñecementos sobre a organización e o funcionamento da sociedade na que vive á vez que se familiariza con diferentes estilos comunicativos formais.

A consecución dos estándares de aprendizaxe propostos require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, tendo sempre presente que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

O desenvolvemento do ámbito social contribúe á adquisición da competencia matemática xa que o alumnado aplica procesos de razoamento lóxico para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual, e ao elaborar plans de acción que permitan alcanzar obxectivos persoais e profesionais e mellorar a calidade de vida. Ademais, fomenta a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao abordar problemas cotiáns.

Tanto a interpretación de acontecementos e fenómenos como a experimentación no ámbito das ciencias sociais implican a comprensión e o manexo do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e da probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade.

Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento intrínseco ao método de investigación das ciencias sociais.



COMPETENCIA DIXITAL (CD).

O estudo das ciencias sociais implica necesariamente o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación e, por tanto, leva o incremento das habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

Ademais, este ámbito social contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, liquidar todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos da tecnoloxías da información e da comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos e comunicalos.

APRENDER A APRENDER (CAA).

A metodoloxía didáctica propia do ensino deste ámbito social prepara para formarse permanentemente ao longo da vida mediante propostas que permiten ao alumnado aprender a observar e expor cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a responder as cuestións que se expoñen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación para incorporar novos coñecementos e facilita a execución de estratexias metacognitivas para unha aprendizaxe autónoma eficiente.

Desenvolver proxectos específicos das ciencias sociais coaduxa a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e grupais. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento etc.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC).

A análise e a reflexión sobre os contidos do ámbito social contribúen a afianzar a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, fenómenos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse socialmente mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Implican a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Potencian actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, a persoa prepárase para participar na actividade social e cívica, de acordo a valores socialmente establecidos, e axúdaselle a tomar conciencia democrática.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR (CSIEE).

As tarefas necesarias para dar sentido aos contidos do ámbito social fomentan a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao incluír estratexias metacognitivas e procedementos que dotan as persoas adultas de recursos para desenvólvense adecuadamente e afrontar de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de



moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense aptitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencian a capacidade de análise, o pensamento crítico, a resolución de problemas e a toma de decisións do individuo, ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coas ciencias sociais. Deste xeito, favorécese o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, deseñar e poñer en práctica plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns, económicos e sociais, con autonomía e iniciativa persoais.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC).

A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar o labor humano, abordándoo como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A intervención humana na natureza e a cultura dos pobos póñense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual, e por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este ámbito social realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e gozo das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

Os contidos do ámbito social contribúen ao coñecemento do medio físico, dos espazos humanos, ao desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía, ao funcionamento económico e á evolución histórica da humanidade. Tratan saberes de diversas disciplinas: xeografía, historia, socioloxía, demografía, economía, ecoloxía, arte, arqueoloxía etc. Procuran favorecer a comprensión dos acontecementos e os fenómenos sociais no contexto no que se producen, a análise dos procesos que dan lugar aos cambios históricos e á reflexión sobre experiencias colectivas de todos os tempos ata a actualidade cunha visión de futuro. Axudan a ter unha visión clara da importancia do comportamento económico, individual e colectivo das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e organización dos bens e servizos e a distribución dos recursos.

As propostas didácticas para o ensino e a aprendizaxe deste ámbito social han de enfocarse a dotar á persoa de ferramentas que lle permitan levar a bo termo proxectos persoais e profesionais, individuais e colectivos, similares aos posibles retos presentes e futuros da súa vida diaria. En todo momento débese ter presente a compoñente social do proceso de aprendizaxe e deberán aproveitarse todas as oportunidades para formar o individuo en aptitudes de cooperación e de comunicación con persoas do seu contorno, que favorezan a adquisición de condutas asertivas e colaboradoras.

Así mesmo, é necesario que se expoñan proxectos que contribúan a que o alumnado desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo e do contorno no que se desenvolve, identifique necesidades e intereses propios e alleos e satisfágaos, pense e acometa plans persoais, académicos e laborais. As tarefas e as actividades contidas nos proxectos presentarán exercicios de reflexión, que potencien procesos de pensamento complexos e a análise de feitos e situacións, para detectar causas, implicacións e consecuencias.

Deben facilitarse instrucións para aprender a observar, recoñecer, examinar, analizar, discernir, considerar, estudar, sintetizar, expresar, explicar, representar e expoñer de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. Ter en conta as instrucións axudará o alumnado para ser máis capaz de atender, concentrarse, autorregularse, escoitar activamente, empregar a linguaxe interna, meditar, deliberar, especular, cooperar e axuizar para resolver problemas reais. Os procesos emprenderanse empregando servizos e recursos humanos e materiais ao alcance do alumnado na súa vida cotiá a través da oferta de entidades, institucións e administracións públicas e privadas.



As tecnoloxías da información e da comunicación, usadas como ferramentas de traballo nos procesos de aprendizaxe, serán fundamentais para facilitar ao alumnado o acceso ao currículo e a resolución de problemas de aprendizaxe. Doutra banda, as novas tecnoloxías constituiranse en contidos esenciais dos proxectos pola súa importancia destacada na sociedade actual.

Os estándares de aprendizaxe propoñen comprender, interpretar textos e comunicar, mediante unha linguaxe multimedia en diferentes sistemas de representación, o coñecemento académico e científico procesado e elaborado, destacando aspectos básicos da comunicación, a exposición, o diálogo e a argumentación. Especifican accións clave do proceso de elaboración persoal do coñecemento e a investigación, tales como observar, analizar, diferenciar, estruturar, coñecer, describir, sintetizar, investigar, relacionar, asociar, cuestionarse, explicar, interpretar, deducir, demostrar etc. Inclúen o uso responsable e eficaz das novas tecnoloxías para buscar e xestionar información, empregar técnicas de estudo e traballo, resolver problemas e aplicar o coñecemento. O seu logro implica a mellora do benestar individual do alumnado e achegas importantes ao ben común, porque leva a actuacións responsables, ao xuízo crítico baseado en valores positivos e ao desenvolvemento moral.

Os criterios de avaliación están formulados de maneira que permitan valorar o grao de consecución de cada unha das competencias en relación aos contidos do ámbito social. Teñen o propósito de guiar a análise das posibilidades que ten cada alumno e alumna para coñecer, comprender e relacionarse dun modo positivo, para si mesmo/a e para os demais, co mundo social. Isto implica: actuar con autonomía e responsabilidade; comprender, interpretar e describir o mundo e valoralo; ser consciente do impacto da evolución histórica no mundo actual; asociar eventos coas súas causas e consecuencias; utilizar os recursos máis habituais para buscar información e resolver problemas; tomar conciencia e comprender os valores implícitos no benestar individual e colectivo; comprometerse e participar nas contornas próximas e afastadas de acordo con devanditos valores.



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: O medio físico			
e g h i	B1.1. A Terra: localización, representación.	B1.1. Manexar todas as formas de representación do noso planeta en diferentes soportes e aplicacións.	B1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares utilizando datos de coordenadas xeográficas en mapas convencionais e en versión dixital.	CD CMCT CAA
			B1.1.2. Comprende o funcionamento dos fusos horarios e practica coa axuda de aplicacións informáticas.	
	B1.2. Compoñentes básicos e formas de relevo.	B1.2. Describir e situar as formas de relevo e os compoñentes básicos do medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo.	B1.2.1. Sitúa nos diferentes tipos de mapas físicos as principais unidades do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo.	CAA CCL
			B1.2.2. Enumera e describe as características do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo.	
e g h i k	B1.3. Medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo.	B1.3. Localizar, analizar, e comparar os principais conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico galego, español, europeo e mundial.	B1.3.1. Interpreta mapas representativos dos principais conxuntos bioclimáticos de Galicia, España, Europa e o mundo.	CAA CCL CMCT CD
			B1.3.2. Compara as principais zonas climáticas seguindo cadeas argumentais.	CAA CCL CD
			B1.3.3 Descubre os trazos distintivos de cada tipo de clima mediante explicacións que levan implícitas a interpretación de resultados matemáticos e científicos.	CAA CMCT CD CCL
	Bloque 2: O espazo humano			
e g h i n	B2.1. A poboación en Galicia, España e Europa.	B2.1. Analizar as características da poboación galega, española e europea.	B2.1.1. Describe as características da poboación europea e explica as pirámides de idade de Galicia e España.	CAA CCL CMCT CD
			B2.1.2. Interpreta os trazos da poboación mediante táboas, gráficos e mapas en diferentes soportes convencionais e programas informáticos.	
e g	B2.2. A organización territorial de Galicia, España e Europa.		B2.2.1. Comprende a organización territorial europea no contexto actual.	CAA CD



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h i	B2.3. Movements migratorios, asentamentos e proceso de urbanización.	B2.2. Coñecer a organización territorial de Galicia, España e Europa e localizala en mapas políticos.	B2.2.2. Le e elabora mapas políticos de Galicia, España e Europa.	CCL CSC
		B2.3. Deducir os trazos da poboación galega, española e europea en relación coa súa distribución, evolución, dinámica, migracións e políticas de poboación.	B2.3.1. Compara áreas de poboación segundo a súa distribución, evolución e dinámica.	CAA CCL CSC
			B2.3.2. Comprende as causas e consecuencias da evolución da demografía e os movementos migratorios.	CAA CCL CSC
			B2.3.3. Describe a evolución de asentamentos humanos ao longo da historia e razoa o proceso de urbanización, localizando as grandes áreas urbanas de Galicia, España e Europa.	
e g h i j	B2.4. Actividade humana: sistemas e sectores económicos e áreas produtivas.	B2.4. Deducir os recursos naturais dispoñibles, a súa situación, o modo de extracción e a utilidade a partir da propia experiencia e as informacións dos medios de comunicación.	B2.4.1. Enumera e localiza os principais recursos naturais de Galicia, España e Europa.	CAA CD CCL CSC
			B2.4.2. Explica con axuda de representacións a actividade humana necesaria para obter os recursos naturais.	
			B2.4.3. Razona os criterios adoptados na toma de decisións, para ofrecer propostas de uso sostible dos recursos naturais nun contexto dado, e a repercusión na riqueza da zona.	
e g h i j l	B2.5. Sectores económicos.	B2.5. Razonar a relación entre os sectores económicos e as actividades humanas de produción coa axuda de mapas, gráficos, táboas e outras fontes que reflicten os recursos e a produción dos tres sectores produtivos.	B2.5.1. Elabora mapas conceptuais coa estrutura fundamental dos sectores económicos.	CD CCL CSC
			B2.5.2. Analiza comparativamente mapas das principais zonas produtoras e dos sectores predominantes nas distintas rexións.	CMCCT CD CCL
			B2.5.3. Coñece e valora as achegas dos últimos avances tecnolóxicos e as relaciona co benestar da humanidade.	CAA CMCCT CD CSC



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e g h i j	B2.6. Áreas económicas.	B2.6. Valorar a estrutura de produción, de asignación de recursos, distribución e consumo de bens e servizos nunha área e relacionar isto coas consecuencias do predominio dun determinado sector na zona.	B2.6.1. Comprende a relación entre os elementos dos grandes sistemas económicos: necesidades humanas, actividades económicas, sistemas produtivos e problemas económicos.	CAA CMCCT CD
			B2.6.2. Expón a valoración comparativa dos diferentes sistemas económicos a partir da información seleccionada no formato que considere máis axeitado. Establece unha relación entre factores económicos e políticos.	CAA CMCCT CD CCL CSC
			B2.6.3. Expón o funcionamento do comercio, sinalando os organismos implicados despois dun proceso de investigación realizado coa axuda das tecnoloxías da información e da comunicación.	
	Bloque 3: A Historia			
a e	B3.1. A evolución das especies e a hominización.	B3.1. Entender o proceso de hominización.	B3.1.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CAA CMCCT
e f	B3.2. A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.2. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	B3.2.1. Distingue etapas históricas polos seus trazos fundamentais.	CSC CMCCT
			B3.2.1. Interpreta diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT CAA
b c e g k m	B3.3. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. B3.4 Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. B3.5 Prehistoria galega: megálitos e petróglifos.	B3.3. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos nos que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.3.1. Explica, a través dun esquema comparativo, a diferenza entre os dous períodos en que se divide a Prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	CSC CCL CAA
			B3.3.2. En relación ás primeiras actividades e de cara ás subseguintes, planifica, revisa e avalía o seu propio proceso de elaboración do coñecemento histórico.	CAA



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c e h i l	B3.6. As primeiras manifestacións culturais: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. As primeiras descubertas e invencións. Os primeiros ritos relixiosos.	B3.4. Interpretar a evolución histórica da humanidade relacionando factores naturais, sociais, políticos, económicos e culturais.	B3.4.1. Expón en formato multimedia a aparición das primeiras descubertas e invencións da humanidade, xunto ás súas consecuencias.	CSC CCEC CCL CD CAA
b c e g k o	B3.7. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.5. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do Neolítico.	B3.5.1. Describe formas de organización socioeconómica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	CSC CCL
c e h i j l	B3.8. Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo.	B3.6. Recoñecer a importancia das novas descubertas, interpretando a evolución histórica da humanidade.	B3.6.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	CSC CAA
			B3.6.2. Identifica os trazos distintivos das primeiras civilizacións e valora o seu legado cultural	CSC CMCCT CCEC CCL
b c e g k o	B3.9. Mundo clásico. Grecia: as <i>poleis</i> gregas e a súa expansión. O imperio de Alexandre Magno e o helenismo.	B3.7. Coñecer os trazos principais das <i>poleis</i> gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	B3.7.1. Identifica trazos da organización sociopolítica e económica das <i>poleis</i> gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos.	CSC CAA
			B3.7.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	CSC CCL CAA CSIEE
			B3.7.3. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo, identificando a confluencia no tempo de diversas culturas en diferentes lugares.	CSC CAA
			B3.7.4. Elabora un mapa do imperio de Alexandre Magno.	



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c e f h j l	B3.10. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.8. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	B3.8.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	CSC CCEC CCL
			B3.8.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	CSC CCEC CMCCT CAA CCL
c e f g o m	B3.11. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e Imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	B3.9. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	B3.9.1. Elabora unha liña cronolóxica que conteña as distintas etapas da civilización romana, seleccionando os feitos fundamentais que teñen lugar nelas.	CSC CAA
			B3.9.2. Analiza as institucións romanas e identifica a súa influencia e pervivencia na actualidade.	CSC CAA CSIEE CCL
c d e h j l	B3.12. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.10. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando os que son específicos.	B3.10.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	CSC CCEC CAA CCL
c e g k o m	B3.13. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. O proceso de romanización.	B3.11. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	B3.11.1. Elabora, en formato multimedia, unha liña cronolóxica que indique as fases da romanización da Península Ibérica.	CSC CAA CD
			B3.11.2. Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para investigar exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	CSC CCEC CAA CD
			B3.11.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	CSC CCEC



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: O Medio físico			
e f i j k l	B1.1. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais.	B1.1. Percibir e apreciar a importancia da protección dos espazos naturais.	B1.1.1. Localiza en diferentes tipos de cartografía zonas naturais protexidas.	CMMCCT CD
			B1.1.2. Enumera criterios para recoñecer o valor engadido de determinados espazos naturais.	CSC CD
			B1.1.3. Expón as achegas de determinadas paisaxes ao desenvolvemento sostible e ao ben colectivo.	
			B1.1.4. Desenvolve un proxecto creativo e innovador para sensibilizar sobre a importancia de protexer un espazo natural próximo.	CSIEE CAA CSC
			B1.1.5. Deseña un proxecto de conservación dun espazo natural anticipando, asumindo e xestionando riscos.	CSIEE CD
b e f i k l	B1.2. Desenvolvemento sostible. Impacto medioambiental e aproveitamento dos recursos.	B1.2. Identificar, describir e axuizar a acción humana sobre o medio ambiente e as súas consecuencias.	B1.2.1. Relata diferentes tipos de intervención humana na natureza ao longo da historia.	CSIEE CCL
			B1.2.2. Investiga as causas e as consecuencias da acción humana sobre a natureza.	CSIEE CAA
			B1.2.3. Axuiza actuacións concretas da intervención humana valorando os seus resultados.	CSIEE CCEC
			B1.2.4. Realiza un proxecto de investigación en equipo para ofrecer unha resposta científica a un problema medioambiental próximo.	CCL CD CSC
c d e i j k	B1.3. Espazos naturais protexidos.	B1.3. Propor estratexias para a conservación e mellora do contorno natural e resolver os problemas que se presenten.	B1.3.1. Emite xuízos fundados tras observar, interpretar e analizar actitudes que inciden na conservación do medio ambiente.	CAA CSC
			B1.3.2. Indaga boas prácticas sobre un desenvolvemento sostible contrastando diferentes fontes de información.	CAA CSIEE CCEC



	ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
I			B1.3.3. Argumenta a incidencia da acción humana sobre o medio ambiente e formula iniciativas para compensala.	CAA CSIEE	
			B1.3.4. Comprende cambios producidos no medio ambiente e relaciona os efectos ofrecendo respostas fundamentais aos problemas atopados.	CD CAA CSC	
	Bloque 2: Economía e tecnoloxía				
b e h i j l	B2.1. A globalización económica e o comercio internacional.	B2.1. Estimar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración.	B2.1.1. Define a globalización económica e identifica algún dos seus factores partindo de pescudas na prensa e na internet.	CCL CD CAA	
			B2.1.2. Valora o grao de interconexión das diferentes economías mundiais e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	CD CSIEE CMCCT	
			B2.1.3. Argumenta as razóns que xustifican e inflúen no intercambio económico entre países.	CCL CMCCT	
			B2.1.4. Analiza acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e do comercio internacional.	CCL CD CCEC	
c e i j p	B2.2. A economía no espazo da Unión Europea.	B2.2. Analizar a economía da Unión Europea tendo en conta as actividades dos diferentes sectores detectando desequilibrios territoriais.	B2.2.1. Fundamenta a importancia do Mercado Común europeo desde diferentes puntos de vista.	CCL CCEC	
			B2.2.2. Debate sobre as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da UE.	CCL CAA CSC	
			B2.2.3. Pescuda sobre as competencias da UE e as súas principais institucións en materia de economía dos países membros.	CCL CAA CCEC	
			B2.2.4. Sintetiza as peculiaridades da economía da UE.	CCL CD	
a b e	B2.3. A consideración económica no medio ambiente e a incidencia dos	B2.3. Pescudar o impacto da revolución tecnolóxica a nivel local, rexional, nacional e global, previndo posibles	B2.3.1. Reflexiona sobre o impacto do desenvolvemento sostible na economía internacional.	CCL CSC	



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f i j p	últimos avances tecnolóxicos na economía.	escenarios ambientais supranacionais e discutindo as novas realidades do espazo globalizado.	B2.3.2. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das tecnoloxías da información e da comunicación a distintos niveis xeográficos	CD CMCCT
			B2.3.3. Pon de manifesto algún aspecto conflitivo da revolución tecnolóxica acudindo a diferentes sistemas de representación da información.	
			B2.3.4. Discute a incidencia da revolución industrial e tecnolóxica no quecemento global.	CCL CSC CCEC
	Bloque 3: A Historia			
b d e g i	A Idade Media	B3.1. Describir os aspectos socioeconómicos, políticos e culturais da Idade Media.	B3.1.1. Coñece os trazos representativos desde a caída do Imperio romano ata a Idade Moderna: os reinos xermánicos e cristiáns, o Imperio bizantino e os pobos musulmáns da Idade Media.	CAA CSC CCL
	B3.1. A Idade Media: causas e etapas. A alta Idade Media. O Feudalismo. A Baixa Idade Media. O renacer das cidades e a crise do século XIV.		B3.1.2. Expón as características da sociedade feudal.	CAA CSC CCL
b d e g i	B3.2. Al-Andalus, os reinos cristiáns e peninsulares. Os reinos de Taifas e as Coroas de Castela e Aragón. Galicia na Idade Media.	B3.2. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	B3.2.1. Comprende as orixes do Islam e a súa evolución.	CAA CSC
			B3.2.2. Sinala a importancia de Al-Andalus ao longo da historia.	CSC CAA CD
			B3.2.3. Elabora e interpreta mapas que describan os procesos de conquista e repoboación na península ibérica.	CSC CAA
c d l m	B3.3. A arte na Idade Media. Arte románica, gótica e islámica.	B3.3. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	B3.3.1. Recoñece e expón as características da arte románica, gótica e islámica así como da música medieval mediante ilustracións representativas.	CSC CAA CC



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b c l	A Idade Moderna	B3.4. Entender os procesos de conquista e colonización e as súas consecuencias.	B3.4.1. Reflexiona sobre diferentes interpretacións de acontecementos relevantes da historia moderna tales como a conquista e colonización de América.	CSC CAA CCEC
	B3.4. As descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.			
b e g h	B3.5. As monarquías autoritarias en Europa: os Austrias españois. O século XVII na Europa: o absolutismo. Galicia na idade moderna.	B3.5. Explicar a temporalización da Idade Moderna, situando os principais feitos dos cambios históricos en relación á etapa anterior.	B3.5.1. Sitúa nunha liña do tempo acontecementos relevantes da Idade Moderna.	CAA CSC CD
c d l m	B3.6. O Renacemento e o Humanismo. Características e repercusión. A arte renacentista e barroca.	B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	B3.6.1. Contextualiza o Renacemento e o Humanismo na historia europea coa axuda de diferentes fontes históricas.	CSC CCEC
			B3.6.2. Valora o legado artístico humanista e científico da época e mostra interese por coñecer a música das diferentes épocas e culturas.	



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 3				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: Historia			
b c d l m	B1.1. A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia.	B1.1. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.1.1. Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia cultural, social, política e económica.	CSC CCEC CAA
			B1.1.2. Valora o alcance da Ilustración e da revolución científica dos séculos XVII e XVIII.	CSC CMCCT CAA
			B1.1.3. Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante as manifestacións culturais que supoñan discriminación de calquera tipo.	CSC CCEC
c e f j	B1.2. O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.	B1.2. Comprender o inicio da Idade Contemporánea dende unha perspectiva social, política e económica.	B1.2.1. Narra de xeito sintético os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes.	CSC CAA CCL
	B1.3. Do Imperio Napoleónico á época da Restauración.	B1.3. Analizar as dificultades da diplomacia europea e o alcance dos conflitos durante a época napoleónica.	B1.3.1. Analiza as relación entre reinos europeos que conduciron ás guerras.	CSC CCL
c e f	B1.4. Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia. Galicia no século XVIII.	B1.4. Explicar, a través do caso español, os intentos de adaptación do Antigo Réxime e o mantemento do poder por parte dos monarcas europeos na época da Ilustración.	B1.4.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	CSC CAA
c e i j	B1.5. A Revolución Industrial.	B1.5. Describir os feitos relevantes da Revolución Industrial, tendo en conta o seu encadeamento causal e o tipo de progreso que implica, e analizar os conseguintes cambios económicos en España e Galicia.	B1.5.1. Analiza a evolución da industrialización en España e en diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	CSC CAA CCL
			B1.5.2. Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países.	CSC CMCCT



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 3				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B1.5.3. Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica.	CSC CMCCT CAA
			B1.5.4. Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos.	CSC CAA
c f i	B1.6. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia.	B1.6. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B1.6.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	CSC CAA
			B1.6.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	CCL
c i l m	B1.7. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.	B1.7. Valorar os movementos culturais e os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, consecuencia das revolucións industriais.	B1.7.1. Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	CSC CD CAA
			B1.7.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	CSC CCEC
			B1.7.3. Comenta analiticamente diferentes tipos de obras de arte do século XIX.	CSC CCEC CCL
b c d i	B1.8. A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auxo do colonialismo.	B1.8. Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo, identificando as potencias e a repartición de poder no mundo no último cuarto do século XIX e principios do XX.	B1.8.1. Razona a relación entre o imperialismo, a xeopolítica mundial e as relacións económicas supranacionais.	CSC CAA CCL
			B1.8.2. Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	
c d e	B1.9. O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.	B1.9. Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as	B1.9.1. Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.	



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 3				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i		súas consecuencias, e as súas interconexións.	B1.9.2. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	
b c e i j	B1.10. A época de Entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxo dos fascismos.	B1.10. Comprender os acontecementos, fitos e procesos máis importantes do período de Entreguerras e analizar as causas do auxo dos fascismos en Europa.	B1.10.1. Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia verbo dos procesos máis importantes do período de Entreguerras.	CSC CD CAA
			B1.10.2. Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.	CSC CAA CCL CMCCT
			B1.10.3. Valora a loita da muller no movemento sufraxista.	CSC CAA
			B1.10.4. Explica diversos factores que fixeron posible o auxo do fascismo en Europa.	CSC CAA CCL
	B1.11. A Segunda Guerra Mundial (1939-1945).	B1.11. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial e o contexto en que se desenvolveu o Holocausto, así como as súas consecuencias.	B1.11.1. Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.	CSC CD CAA CCL
			B1.11.2. Interpreta as razóns da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial.	CSC CCL CAA
			B1.11.3. Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.	CSC CD CAA CCL
			B1.11.4. Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes.	CSC CCEC CD CCL



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 3				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b c d j	B1.12. O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.	B1.12. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.	B1.12.1. Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas. B1.12.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	CSC CCL CAA
Bloque 2: Economía				
a e h i p	B2.1. Ingresos e gastos. Identificación e control. B2.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B2.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	B2.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. B2.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. B2.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA CD CMCCT
a c f i p	B2.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B2.2. Decidir con racionalidade perante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	B2.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e coa marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE
a i j p	B2.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B2.5. Risco e diversificación.	B2.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	B2.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC
	B2.6. O diñeiro.	B2.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como	B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 3				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B2.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B2.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.	medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	B2.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD
			B2.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación perante estas.	CAA CD
			B2.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT
a c i p	B2.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B2.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	B2.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT



ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1: A Historia			
e g h i	B1.1. A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría.	B1.1 Analizar as relacións entre o bloque de USA e a URSS para comprender o concepto da “Guerra Fría”.	B1.1.1. Interpreta a evolución dos EEUU e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais.	CSC CAA CCL
